

DEPARTAMENTO DE GEOGRAFÍA E HISTORIA

I.E.S. REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI

curso 2022-2023

I.- COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO

II.- MATERIAS QUE IMPARTEN

III.- CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

IV.- TÁBOA COAS CORRESPONDENCIAS PRECISAS PARA ENTENDER A CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA, CARA A CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS, COS SEUS INDICADORES E DESCRITORES VÁLIDOS, TANTO PARA A E.S.O. COMO PARA OS BACHARELATOS

V.- OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DA SECUNDARIA OBRIGATORIA

VI.- PROXECTOS DIDÁCTICOS DA E.S.O.

VII.- OBXECTIVOS XERAIS DOS BACHARELATOS

VIII.- PROXECTOS DIDÁCTICOS DOS BACHARELATOS

IX.- PLAN XERAL DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

I- COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO

ANGEL ALLER QUINTELA

ALFONSO ÁLVAREZ CANELLA

ANDREA ESTÉVEZ BARREIRO

J. EMILIO GÓMEZ FERNÁNDEZ
(xefe de departamento)

II.- MATERIAS QUE IMPARTEN

CURSOS:

1º ESO: XEOGRAFÍA E HISTORIA. (Non Bilingüe e Bilingüe)
Alfonso Álvarez Canella.

2º ESO: XEOGRAFÍA E HISTORIA. (Non Bilingüe e Bilingüe)
Andrea Estévez Barreiro.

3º ESO: XEOGRAFÍA E HISTORIA. (Non Bilingüe e Bilingüe)
Andrea Estévez Barreiro (bilingüe).
Angel Aller Quintela (non bilingüe).

4º ESO: XEOGRAFÍA E HISTORIA. (Non Bilingüe e Bilingüe)
Alfonso Álvarez Canella (bilingüe).
J. Emilio Gómez Fernández (non bilingüe).

3º ESO: CULTURA CLÁSICA.
Alfonso Álvarez Canella.

BACHARELATO:

1º Bacharelato:
Hª do Mundo Contemporáneo
Angel Aller Quintela.

2º Bacharelato:
Hª da Arte
Andrea Estévez Barreiro.

Hº de España
Angel Aller Quintela.
J. Emilio Gómez Fernández.

Xeografía
J. Emilio Gómez Fernández.

III – CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A área de Xeografía e Historia debe contribuír dun xeito primordial na formación do alumnado tanto na Educación Secundaria Obrigatoria como no Bacharelato. Desde sempre, coas materias desta área preténdese afondar no coñecemento da sociedade, da súa organización e funcionamento nun territorio, a través do tempo e na actualidade, utilizando o aprendido polo alumnado na etapa anterior na área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

A atención particular que se concede á Xeografía e á Historia como referentes da área, queda xustificada polo seu acusado carácter integrador e globalizador e pola súa sensibilidade ao interpretar o espazo natural e social e a súa evolución a través do tempo, sen esquecerse das CC.SS. e da Arte, que tamén van ocupar un espazo importante.

A complexidade das sociedades actuais, xunto coa aparición de novas temáticas -educación ambiental; educación cívica; educación para o consumo; educación para a paz ou o lecer; educación para a saúde (aparición de novas enfermidades por causas diversas, mesmo Pandemias coma a do COVID-19, que nos vén afectando xa vai para dopus anos; ... etc.)-, recomendan a incorporación de contidos procedentes doutras disciplinas como a socioloxía, a antropoloxía, a economía, ecoloxía, e mesmo medicina preventiva, que ofrecen perspectivas de análise diferentes para lograr o obxectivo común, que é o coñecemento da realidade social.

Para a análise da dimensión espacial resulta axeitado o enfoque ecoxeográfico, que permite tomar en consideración as múltiples variables naturais e antrópicas que conforman un espazo e, ademais, atende o dinamismo interno de cada variable e das súas interaccións. A paisaxe, como unidade espacial de análise, ten especial relevancia e permite abordar o estudo dos problemas aos que a **Xeografía** debe dar resposta.

A **Historia** débelle proporcionar ao alumnado un coñecemento global que resulta necesario para entender o presente e para mellorar o futuro. É preciso tamén facer emerxer no seu estudo suxeitos históricos ata hai pouco moi silenciados, como as mulleres, a clase obreira, os “pobres”..., dándolles o protagonismo que lles corresponde e que vai permitir unha renovación do discurso histórico.

En ambas as dúas materias non se debe esquecer o importante que resulta adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente. Do mesmo xeito, cumpriría enfiar ao longo do currículo de todos os cursos tres elementos de análise que consideramos imprescindibles para comprender a realidade social: a historia, o espazo e os recursos.

Por outra parte, as materias permiten desenvolver unha metodoloxía que compare o inmediato e o afastado, o propio e o alleo, o máis concreto e o máis abstracto..., xustificando así a importancia que no currículo debe concederse aos aspectos da Xeografía, a Historia e a Cultura de Galicia, sobre todo para aquel alumnado que logo non teña a posibilidade de poder cursar esta materia de xeito específico (en 2º de Bacharelato, como optativa).

Non debe esquecerse, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.

A finalidade destas materias concretaríase en dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

En canto ó contexto, este Proxecto Didáctico axústase aos estándares de aprendizaxe que marca a lei, estándares que semellan ser excesivos para esta etapa educativa, tanto da ESO, como dos Bacharelatos; pero semella que para facer algo novidoso hai que enredar ao redor duns “códigos novos”, que non serven máis, como xa dixer, que para enredar, xa que o miolo da cuestión, é (a ninguén se lle escapa e non emporiso se mellora na impartición das materia) se cabe, o de que se debe evitar coartar a posibilidade de mellora e experimentación na aula por parte do Profesorado. A ver se o curso que vén, xa coa LOMLOE, a temática cambia. Temos esperanzas cara a posibilidade de que a promoción de curso, non dependa dun número de materias avaliadas negativamente, (como vén sendo até agora, e impedindo a promoción con máis de dúas, ou mesmo dúas, se son parella dúas delas), senón que dependa do Equipo Docente que imparte docencia. A ver se así melloramos o Ensino no noso País, e deixamos de pensar que o de Repetir, está ben, como se facía xa na época do Ministro Sr. Villar Palasí. Europa vai por outros camiños (mesmo agora, China); claro está, que sempre nos podemos atopar con pedras en determinados momentos e atrancos en cuestións puntuais (non emporiso menos graves) como acontece no caso de Hungría ou Polonia, según en cada caso.

Volvendo á realidade que nos ocupa e poñendo os pés no chan, na actualidade, a maioría do alumnado reside na zona próxima ao Instituto, e en menor medida, en bisbarras limítrofes. O nivel social do alumnado é medio e medio baixo. Cómpre subliñar tamén o incremento nos últimos anos do alumnado procedente da emigración, principalmente de países latinoamericanos e subsaharianos, e en menor medida, alumnado de Romanía e doutras nacionalidades. Tamén, e isto e para realzar, aumenta o procedente de *Centros Non Adscritos*. Sen dúbida, ten moito que ver, e cada ano máis, o de ser un Centro Blingüe. Isto, como diría meu avó, é como unha “marca de canteiro”. Este curso, ao igual que o pasado, debemos engadirlle o Bacharelato de Excelencia, na área de Ciencias. Pode ser outra “marca” de cara a vindeiros anos. O do Bilingüismo, a nivel da Comunidade, e penso que tamén do resto do Estado, comezou sendo un “boom”, para rematar, pouco a pouco, sendo un “bluff”, con danos colaterales permitidos polas Autoridades Educativas, e tamén, polas Sindicais. Non é este o momento de espallarse máis nesta aseveración, pero se se quere, este Xefe de Departamento está ao dispor de quen se interese neste parecer. Son moi crítico con todo o que o arrodea e que rozou (e mesmo, roza) a ilegalidade, en moitos casos.

O Centro recuperou o “prestixio perdido, ou roubado” durante uns anos, por mor dunha política educativa pública inmoral e consentida polas Autoridades Educativas. A medida que estas prevendas foron desaparecendo e cando todos comezamos a xogar coas mesmas cartas, a situación cambiou drasticamente, e púxonos a cadaquén no seu sitio, É para analizar polo miúdo.

A motivación do alumnado anda pola media, aínda que cada día nótase un pouquiño máis unha maior implicación nas clases, tendo moi presente que -aínda- a maioría del, vén de familias que posúen estudos primarios e medios. Por iso mesmo, e os traballos que desenvolven, moitos e moitas non poden adicarlle aos seus fillos e fillas, o tempo e a axuda que precisan, feito que vai marcar -máis do desexable- a boa marcha do alumnado.

IV.- CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA, CARA A CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS, COS SEUS INDICADORES E DESCRITORES
VÁLIDOS PARA A E.S.O. E O BACHARELATO

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	Coidado do ámbito natural e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> - Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Respectar e preservar a vida dos seres vivos e do seu ámbito. - Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotia. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).

		<ul style="list-style-type: none"> - Manexar os coñecementos sobre <i>ciencia e tecnoloxía</i> para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
	Razoamento lóxico e solución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
Comunicación lingüística (CCL)	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario adecuado, ás estruturas lingüísticas e ás normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Compoñer distintos tipos de textos

		creativamente con sentido literario.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Respeitar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. - Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou de materias diversas.
Competencia dixital (CD)	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e facer publicidade de información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
		<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para

	Comunicación audiovisual	<p>transmitir informacións diversas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o trabado e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
<p>Conciencia e expresións culturais (CCEC)</p>	Respecto polas manifestacións culturais, propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes: artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica..., e cara as persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito do cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
		<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as

<p>Competencias sociais e cívicas (CSC)</p>	<p>Educación cívica e constitucional</p>	<p>actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	<p>Relación cos demais</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	<p>Compromiso social</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.
		<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
(CSIEE)**

	Autonomía persoal	conta delas. <ul style="list-style-type: none">- Ser constante no traballo superando as dificultades.- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none">- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.- Darlle prioridade á consecución de obxectivos de grupo sobre intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none">- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none">- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover acción novas.- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender (CAA)	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

INTRODUCCIÓN

O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, que xuntamente coas CC.SS. e a Arte, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

Na ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na Educación Primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o Mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias clave é moi salientable. Deste xeito, poderíamos dicir que a través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias Sociais e Cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a Competencia Matemática e as Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía, en Xeografía); a Competencia de Conciencia e Expresións Culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na Historia da Arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da Competencia de Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor, evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de Xeografía e Historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela.

O desenvolvemento das Competencias de Comunicación Lingüística e Dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

A Xeografía organízase, en primeiro e segundo, nos bloques titulados "O medio físico" e "O espazo humano", e en terceiro curso céntrase na globalización e os sectores económicos.

A Historia estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico ao longo dos dous ciclos de ESO, complementándose na medida do posible cos coñecementos das CC.SS. e da Arte.

Na secuencia dos tres primeiros cursos de ESO tivéronse en especial consideración dous factores: por unha banda procurouse unha repartición o máis equilibrada posible entre a Xeografía e a Historia nos tres cursos e, por outra, intentouse secuenciar do xeral ao parti-

cular, traballando nos primeiros cursos con contidos máis globalizados e incrementando o nivel de complexidade á medida que se avanza na etapa. Dese xeito, procúrase ir da identificación e da localización dos primeiros cursos en xeografía cara a realización de tarefas máis elaboradas no remate da etapa. A Historia recibe un tratamento semellante, pois os contidos cos que o alumnado traballará nos primeiros cursos presentan un enfoque máis xeral, que abrangue o devir humano ata o século XVIII e deixa o derradeiro curso da etapa para o estudo da Historia Contemporánea. *En todo caso, a evolución histórica dos dereitos da muller ata a actualidade debe formar parte do desenvolvemento curricular a aplicar na aula.*

Deberase ter en conta o traballo de todos os elementos transversais do currículo, cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención especial a educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. A materia de Xeografía e Historia é un vehículo adecuado para animar ao emprendemento. Ademais, o desenvolvemento sustentable e o medio, os riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

Para elo no Departamento, *temos elaborado un modelo axeitado de autoavaliación inicial*, que nos facilita unha aproximación ao nivel competencial xeral, co que chega o alumnado que se incorpora ao Centro para cursaren a ESO (válido para os catro cursos), e con cuestións adaptadas aos estándares mínimos de cada curso, sen chegar a ser dun nivel similar ao esixible para superar a etapa, pero que si que nos facilita unha aproximación do estado co que acceden os alumnos por primeira vez, cando proceden doutros Centros.

V.- OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

- a. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes a cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- m. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

- n. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- o. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- p. Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade. , e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes a comunidade lusófona.

VI-I.-TÁBOA ONDE APARECEN REFLECTIDAS AS CORRESPONDENCIAS ENTRE:

- OBXECTIVOS DA ETAPA**
- CONTIDOS**
- CRITERIOS DE AVALIACIÓN**
- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**
- COMPETENCIAS CLAVE**

VI-II.- METODOLOXÍA

VI-III.- A AVALIACIÓN

VI-IV.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS QUE SE DEBEN CONSEGUIR PARA SUPERAR A MATERIA

VI-V.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

VI.VI.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

VI-VII.- PLAN DE TRABAJO PARA ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

VI-VIII.- AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

VI-IX.- TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA

VI-X.- TRATAMENTO E FOMENTO DAS TICs

VI-XI.- TEMAS TRANSVERSAIS

Dentro do marco da atención a diversidade o departamento de Xeografía e Historia do Instituto de secundaria R.O.U. establece unha **SECCIÓN BILINGÜE** organizando o ensino da materia de Xeografía e Historia nun ou máis grupos de alumnos dun xeito bilingüe en Galego e Inglés tendo como finalidade reforzar as aprendizaxes da lingua estranxeira a través da incorporación parcial do seu uso como vehículo de comunicación na área arriba sinalada así como a adquisición da terminoloxía específica. O noso propósito é que a incorporación da lingua estranxeira nesta sección se faga progresivamente, incrementando a súa presenza ao longo do seu desenvolvemento.

De cara ao dito, contaríamos con uns **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, a maiores**, e no proxecto, polo que se refire a esta sección, entrarían os seguintes:

1. Desenvolver capacidades habilidades e destrezas que caracterizan a aprendizaxe dunha lingua, é dicir, escoitar, falar, ler, escribir así como a interacción oral (listening, speaking, reading writing and oral interaction).
2. Aumentar a capacidade de lectura e comprensión de textos escritos en inglés en materia de Xeografía e Historia: tanto no relativo a aspectos físicos como humanos no relativo a xeografía, como de aspectos relacionados coa evolución histórica, que aparezan tanto en libros de texto como en calquera outro medio escrito que se poida atopar o alumno, textos a pé de imaxes ou información consultada na rede de internet, ... etc.
3. Facilitar a adquisición de vocabulario ou terminoloxía específica de carácter xeográfico e de carácter histórico, así como expresións de utilidade na vida cotiá co as que o alumno irá familiarizándose ó longo do desenvolvemento da actividade.
4. Fomentar no alumno a participación activa nas aulas dado que unha lingua é claro vehículo de comunicación e intercambio de ideas entre as persoas.
5. Desenvolver a competencia comunicativa habitual na aula creando situacións reais de comunicación tendo como fondo os contidos da materia da sección bilingüe.
6. Fomentar o traballo de equipo entre o profesor/a especialista de inglés e o profesor da sección bilingüe.
7. Crear un fondo de recursos materiais bibliográficos, documentais, programas informáticos, audio, recursos na rede ... etc.; tanto adquiridos, como de elaboración ou creación propias.

A consecución destes obxectivos permitirá ós alumnos mellorar as súas competencias para participación futura nos programas de formación, estadias e intercambios con centros educativos de outros países para favorecer a aprendizaxe activa da lingua estranxeira.

[2º ESO]

ASIGNATURA	Xeografía e Historia
CURSO E GRUPOS	2º ESO : Non Bilingües + Bilingües

TÁBOA ONDE APARECEN REFLECTIDAS AS CORRESPONDENCIAS ENTRE

- **OBXECTIVOS DA ETAPA**
- **CONTIDOS**
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**
- **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**
- **COMPETENCIAS CLAVE**

2º de ESO

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O medio físico				
b e f g	B1.1. Localización. Latitude e lonxitude.	B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	CAA CMCCT CD
b e f g	B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia.	B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais.	XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego.	CAA CMCCT CD CCL

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h				
b e f g h	B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía.	B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.	XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.	CAA CMCCT CD
			XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.	CAA CMCCT CD CCL
b e f g h	B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía.	B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.	XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego.	CAA CMCCT CD
			XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.	CAA CMCCT CD CCL
b e f g h	B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia.	B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.	XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.	CAA CMCCT CD CCL
			XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.	CAA CMCCT CD
			XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.	CAA CMCCT CD
b e f	B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia.	B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia.	XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.	CAA CMCCT CD

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g m				
b e f g h m ñ	B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España.	B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias.	XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	CAA CMCCT CD CCL
Bloque 2. O espazo humano				
b c e f g	B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios.	B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións.	XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.	CAA CMCCT CSC CD
			XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.	CAA CMCCT CSC CD
b c e f g h	B2.2. Poboación europea: distribución e evolución.	B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación.	XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea.	CAA CCL CSC CD
			XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.	CAA CMCCT CSC CD CCL
b c	B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.	B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución,	XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas.	CAA CMCCT

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e f g h		e os movementos migratorios.		CSC CD CCL
			XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.	CAA CMCCT CSC CD CCL
b c e f g h	B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.	B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios	XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.	CAA CMCCT CSC CD CCL
b c e f g h	B2.5. Proceso de urbanización no planeta.	B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.	XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.	CAA CMCCT CSC CD CCL
			XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.	CAA CMCCT CSC CD CCL
b c e f g	B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo.	B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus pros e os seus contras en Europa.	XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.	CAA CMCCT CSC CD CCL

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h			XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente.	CAA CMCCT CSC CD CCL
b c e f g h ñ	B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia.	B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano.	XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.	CAA CMCCT CSC CD CCL
b c e f g h m ñ	B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia.	B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular.	XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles.	CAA CMCCT CSC CD CCL
			XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.	CAA CMCCT CCL CD
b c e f g h m ñ	B2.9. Paisaxes no territorio español e galego.	B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas.	XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.	CAA CMCCT CSC CD CCL
b	B2.10. Principais retos e problemas ambientais en	B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos	XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas es-	CAA

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
c e f g h m ñ	España.	ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas.	pañolas segundo a súa actividade económica.	CMCCT CSC CD CCL
Bloque 3. A historia				
f l ñ	B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.	B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	CSC CCEC
g l ñ	B3.2. Fontes históricas.	B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	CSC CAA
			XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estes restos materiais ou textuais.	CSC CAA
l ñ	B3.3. Cambio e continuidade.	B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	CSC CMCCT
			XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	CSC CMCCT
f l ñ	B3.4. Tempo histórico.	B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	CSC CMCCT
l h ñ	B3.5. Vocabulario histórico e artístico.	B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	CSC CCL

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g l	B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media).	B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período.	XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.	CSC CAA
a c d g l	B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos.	B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.	XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos	CSC CAA
a c d g l	B3.8. Feudalismo.	B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.	XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.	CSC
a c d f h l n	B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns.	B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.	XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media.	CSC CCEC CSC CCEC CMCCT CCL
g h l n ñ	B3.10. Reconquista e repoboación.	B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus.	XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica. XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago.	CSC CAA CSC CCEC CCL
l	B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias.	B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.	XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.	CSC
l	B3.12. Arte románica, gótica e islámica.	B3.12. Comprender as características e as funcións	XHB3.12.1. Describe características da arte románi-	CSC

	Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h n ñ		da arte na Idade Media.	ca, gótica e islámica.	CCEC CCL

METODOLOXÍA

Para conseguir os obxectivos empregaremos unha metodoloxía expositiva e indagatoria. En cada unidade temática seguiranse unha serie de pasos como: unha proba de coñecementos previos dos alumnos que poderá ser oral ou escrita, pero sempre dirixida polo profesor; a explicación da información básica da unidade; o estudo da mesma; e aprendizaxe de procedementos e actividades sobre a unidade.

Polo xeral, e logo da proba de coñecementos previos, a explicación partirá da visualización de fotografía que nos de pé a iniciar un pequeno debate sobre o tema a modo de introdución. As páxinas de información básica do libro de texto, presentan aqueles contidos que deben ser coñecidos por todos. A metodoloxía nesta primeira parte é expositiva, para controlar que o nivel presentado poida ser alcanzado por todos. Para que os alumnos poñan en práctica os contidos explicados, fórmulanse cuestións que invitan ós alumnos a realizar observacións e comparacións, o buscar causas e consecuencias, ... etc.

As técnicas preséntanse de forma estruturada e pautada. Xunto os documentos necesarios para realizar a técnica dáselles ós alumnos unha pequena guía de traballo que formula os pasos que se debe seguir en cada caso e que permita a transferencia da mesma técnica a novos ámbitos.

As actividades servirán como ferramentas que axudan a fixar, comparar, organizar, fomentar os procesos mentais de análise, ... etc. Serven tamén para comprobar o nivel de comprensión alcanzada por cada alumno e alumna e para diagnosticar puntos necesarios de repaso en cada caso concreto.

Temporalización:

Primeiro trimestre (de Setembro ao Nadal):

1º bloque das Unidades correspondentes á Xeografía.

Segundo trimestre (de Xaneiro ata Marzo):

2º bloque das Unidades correspondentes á Xeografía e Historia.

Terceiro trimestre (de Abril a Xuño):

A parte correspondente ás Unidades restantes de Historia.

A AVALIACIÓN

Con carácter xeral, propónse que a ponderación de probas escritas e traballos sexa do 70% / 30%

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación directa:	Sen ser un instrumento en si mesmo para avaliar o grao de consecución de cada estándar de aprendizaxe ou de adquisición de competencias, a observación directa aporta información imprescindible para o profesor/a sobre o comportamento dos alumnos e alumnas: a súa disposición para o traballo, o interese polas explicacións e o grao de participación do alumno e alumna no desenvolvemento das clases, preguntando ao profesor/a ou mesmo respondendo cando pregunta un compañeiro/a, así como o grao de puntualidade á hora de entregar tarefas.	
Probas escritas	Probas de composición (no seu caso)	Co obxectivo de que o alumno/a organice, exprese e desenvolva os coñecementos que teñen sobre un tema concreto, permitindo avaliar a capacidade comprensiva e expresiva, o grao de coñecemento e mesmo a lóxica das súas reflexións. Poden ser preguntas de carácter teórico , a desenvolver, ou de carácter práctico, para elaborar un comentario sobre un tema concreto a partir de fontes históricas.
	Probas obxectivas	Máis breves na súa resposta. Poden ser: preguntas de resposta curta , onde se pide unha información concreta; comentarios de textos, gráficos ou mapas , de xeito guiado e a través de preguntas curtas; preguntas de verdadeiro/falso , útiles para medir a capacidade de distinción entre feitos; preguntas de opción múltiple , para valorar a comprensión e a discriminación de contidos, preguntas de emparellamento , con dúas ringleiras de conceptos, personaxes, datas ou acontecementos históricos para que os alumnos relacionen; ... etc.
Probas orais	Poden ser preguntas curtas sobre os contidos explicados na clase ou pequenas exposicións individuais sobre traballos de investigación levados a cabo polo alumno ou alumna; neste último caso permitirase ao alumno/a dispoñer dun breve guión.	
Traballos	Ben de xeito individual ou grupal, o alumnado poderá desenvolver pequenos traballos sobre lecturas propostas, temas sinxelos de investigación (biografías, pequenas monografías) ou temas do seu interese. Sempre, en calquera caso, deberán estar relacionados cos contidos da materia.	
Fichas de actividades	Comentarios guiados de documentos históricos (textos, mapas, gráficos, fotografías ...), pequenas audicións ou vídeos e pinturas, esculturas ou edificios representativos dos estilos artísticos incluídos nos contidos.	

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Co fin de determinar os coñecementos previos do alumnado e porén o grao de adquisición dos estándares avaliados do curso anterior, nas primeiras sesións levarase a cabo unha **proba inicial** que aportará información fundamental ao profesor ou profesora da materia sobre os coñecementos previos do alumnado, a súa comprensión lectora e a súa expresión escrita. Esta proba valorarase mediante rúbrica e cualificarase cunha nota numérica ou porcentual que non terá peso ningún na nota da avaliación máis que o mero carácter informativo para o/a docente, que será quen de deducir o aproveitamento académico dos cursos anteriores e de ser necesario, de adoptar medidas específicas de repaso e/ou reforzo.

Ao longo do curso recollerase información sobre os progresos do alumno ou alumna. Na primeira sesión do curso, os procedementos e instrumentos de avaliación así como os criterios de cualificación daranse a coñecer ao alumnado na propia aula, facilitando a consulta dos mesmos e o seu coñecemento a pais, nais, tutores ou representantes legais mediante a publicación desta programación na web do centro.

O curso distribúese en tres avaliacións. En cada unha delas a nota de avaliación determinarase en base a:

Ponderación	Instrumentos de avaliación	Breve descripción
70%	<ul style="list-style-type: none">▪ Probas escritas	<p>O 60% da cualificación será a media aritmética ou ponderada das notas obtidas nas probas escritas realizadas. O factor de ponderación dependerá do número e do peso no currículo de cada proba, e comunicarse ao alumnado en cada avaliación.</p> <p>En cada avaliación faranse canda menos dúas probas escritas. Se o seu peso é idéntico farase media aritmética e o alumno/a terá que acadar en cada proba cando menos unha nota mínima de 3 (tres) puntos sobre 10 (dez); se o peso das probas fose diferente farase unha media ponderada entre ambas, sen necesidade de obter nota mínima.</p>
30%	<ul style="list-style-type: none">▪ Rexistro de observación do caderno▪ Fichas de actividades▪ Traballos▪ Probas orais▪ Observación na aula▪ Preguntas de control	<p>Cada un destes instrumentos aportará información sobre o grao de adquisición de competencias. Todos eles serán valorados mediante rúbricas específicas.</p> <p>A observación directa e as preguntas de control na aula aportan información sobre o grao de disposición do alumnado, os seus coñecementos e o seu interese na materia ou no desenvolvemento das actividades propostas..</p>

As datas das diferentes probas escritas fixaranse coa debida antelación ou ben ao principio de curso ou ben ao comezo de cada unha das avaliacións. Sendo probas fixadas con antelación suficiente e estando debidamente informados os alumnos das datas nas que

se realizarán, de faltar un alumno a unha proba escrita terá ocasión de facela sempre e cando xustifique a falta de asistencia cun xustificante de carácter oficial (xustificante de asistencia a consultas, revisións médicas ou por ingreso hospitalario, asinado polo facultativo ou no seu defecto co selo do centro de saúde/clínica/hospital, de asistencia a exames oficiais fóra do centro, ... etc). Neste caso e xustificada debidamente a falta de asistencia, o alumno ou alumna examínase no momento en que se reincorpore ás clases, mediante unha proba escrita ou oral.

Se un alumno/a fose sorprendido/a polo/a docente copiando nunha proba ou en posesión de "material de axuda" nun exame (sobre calquera tipo de soporte, incluíndo medios tecnolóxicos), retiraráselle o exame e a súa cualificación no mesmo será un 0 (cero) e, **-de selo caso-** o máis pronto posible segundo a dispoñibilidade do docente (de poder ser o mesmo día ou o seguinte) terá que someterse a unha proba oral ou escrita (a determinar polo profesor/a).

Despois de cada avaliación, ao alumnado que non acadase unha cualificación positiva, realizará unha proba escrita de recuperación.

Avaliación Final e demais actividades

Con todo, logo do remate das clases e da 3ª sesión de avaliación, ao alumnado que o precise, faráselle unha nova Proba Final, para ver se acadaron os Obxectivos marcados ao inicio do curso e que non se lograron dun xeito satisfactorio ata o momento, cara ver se son quen de promocionar coa materia avaliada positivamente.

A tal efecto, desde o remate das clases e ata o remate do curso (do 6 de xuño ata o 22 do mesmo mes), **procurárase afondar - "selectivamente" - naqueles contidos non adquiridos dun xeito desexable**, cara lograr os obxectivos marcados no Proxecto e acordes á vixente lexislación.

Mentres, **o resto do alumnado procurará desenvolver tarefas marcadas, acordes coa vixente Programación e favorecendo o seu interese e ganas de saber, ao redor da materia**, de xeito que en Fichas, Mapas ou calquera tipo de material telemático, se realicen: entrevistas; resúmenes de acontecementos; historietas; esquematizar e localizar cronoloxicamente feitos históricos ou acontecementos relevantes; viñetas humorísticas referidas á temática que nos ocupa; noticias que aparezan nos Mass media, nestes días e que teñan que ver con algún dos estándares en cuestión; ... etc., para tentar mellorar as cualificacións obtidas ata ese momento.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS QUE SE DEBEN CONSEGUIR PARA SUPERAR A MATERIA.

Para superar a materia, o alumnado deberá saber:

- Localizar nos mapas de España e Galicia, puntos xeográficos concretos utilizando as pertinentes coordenadas.
- Localizar nun mapa físico, as principais unidades do relevo, a nivel español e galego, ademais de elementos deste, como océanos, mares, illas/arquiipiélagos, e sistemas montañosos.
- Localizar e clasificar nun mapa os distintos tipos ou espazos bioclimáticos de España e de Galicia.
- Analizar e comparar as distintas zonas bioclimáticas a nivel español e galego.
- Localizar e distinguir os distintos espazos naturais/paisaxes de España e de Galicia e ser quen de realizar achegas sobre a problemática medioambiental actual, valéndose de recursos via web, sobre a temática en particular, que axuden a valorar os medios naturais e mostrar unha actitude de respecto que favoreza a súa conservación.
- Localizar nun mapamundi as zonas máis densamente poboadas, reflectindo nunha análise sintética o impacto das “migracións”.
- Comprender as características da poboación europea, así como a súa distribución e evolución.
- Facer unha análise sinxela dunha pirámide poboación de España e comparala con outra/s pirámide/s das distintas CC.AA. de España.
- Coñecer o proceso emigratorio español, en xeral, e o galego en particular, destacando as súas etapas e destínos.
- Saber analizar gráficos, mapas ou diagramas comparativos da evolución da poboación rural e urbana a nivel mundial.
- Saber situar nun mapamundi, nos correspondentes países, as quince cidades máis poboadas a nivel mundial.
- Saber elaborar, para logo poder identificar, un esquema coas tipoloxías das cidades, referido a Europa, España e Galicia.
- Localizar nun mapa de España os Parques naturais.
- Comparar dun xeito sinxelo, a correspondencia de paisaxes naturais humanizadas, con actividades económicas.
- Identificar distintos elementos que sexan herdanza do pasado, así como, polo menos, catro tipos de fontes históricas.
- Entender que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan materiais ou textuais.
- Comparar as formas de vida da Hispania romana coa que se vai dar coa chegada dos pobos xermánicos.
- Distinguir as distintas etapas dentro da Historia Medieval e elaborar diferentes eixes cronolóxicos e mapas.
- Dominar un mínimo vocabulario histórico-artístico imprescindible para comprender os acontecementos desta época histórica.
- Comprender a sociedade feudal e as relacións entre os señores e os campesiños.
- Entender as orixes do islam para logo saber explicar a importancia de Al-Ándalus na Idade Media.
- Interpretar mapas que axuden a comprender a conquista e repoboación, por parte dos cristiáns, da Península.
- Situar e explicar nun mapa de España, a importancia do Camiño de Santiago
- Describir as características básicas da arte Románica, Gótica e islámica, pondo exemplos, centrándonos na península.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Ademais dos materiais facilitados pola **Plataforma EDIXGAL**, contaremos con:

- Material diverso, un fotocopiado e do departamento, e outro en USBs ou diferentes soportes como CDs ou DVDs.
- No que respecta aos recursos, empregaremos todo tipo de fontes e documentos, prensa, bibliografía, mapas, filmes e curtos relacionados coa temática puntual, medios audiovisuais..., etc..
- No que respecta ao material, ademais do facilitado pola Plataforma e outro co que conta o Departamento e a Biblioteca do Centro, empregaremos moitos materiais -de todo tipo- preparados polo Profesorado do Departamento: Mapas, Textos, Gráficas e, sobre todo, PowerPoints.

Para rematar, deixar constancia de que tamén contamos cun fondo “enorme” de Filmes e Documentais escollidos polo profesorado do departamento e axeitados á temática puntual ao longo do curso (Entre Hª, Xeografía e Arte, posuemos máis de 600).

Materiais preparados polo Profesorado do departamento: Mapas, Textos, Gráficas, e PowerP, etc.

Filmes e documentais escollidos polo profesorado do departamento e axeitados á temática puntual ao longo do curso.

Ademais, e con incidencia, nalgún caso, para os cursos da sección bilingüe, materiais e métodos, como:

- o Story telling
- o Role play
- o Fieldsketch
- o Annotated pictures
- o Toolkit of games (xogos) elephant memory, dominoes ...
- o Traballo na aula de informática, específico en inglés
- o Acceso a internet e búsquedas nas webs
- o Casos prácticos, en inglés
- o Listening de documentos de audio sobre diferentes unidades
- o Visualización de documentais de vídeo sobre temas relacionados co currículo, en inglés
- o Práctica de fonética e spelling
- o Writtings ditados en inglés
- o Presentations
- o ... Etc.

[4º ESO]

ASIGNATURA	XEOGRAFÍA E HISTORIA
CURSO E GRUPOS	4º ESO (NON BILINGÜES + BILINGÜES)

TÁBOA ONDE APARECEN REFLECTIDAS AS CORRESPONDENCIAS ENTRE

- **OBXECTIVOS DA ETAPA**
- **CONTIDOS**
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**
- **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**
- **COMPETENCIAS CLAVE**

4º de ESO

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789				
a c d g h l ñ	B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia.	B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.	XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo.	CSC CAA CCL
			XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.	CSC CAA CCL
f h l n	B1.2. Ilustración.	B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías.	CSC CCEC CCL

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
ñ				
f g l n	B1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII.	B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII.	XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época.	CSC CMCCT CAA
			XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.	CSC CMCCT
Bloque 2. A era das revolucións liberais				
a c d g h l	B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo, nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias.	B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.	CSC CAA CCL
			XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.	CSC CAA CCL
a c d g h l ñ	B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español	B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.	XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.	CSC CAA CCL
			XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.	CSC CAA CCL
			XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.	CSC CAA CCL

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 3. A Revolución Industrial				
f g h l	B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible.	B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.	XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.	CSC CAA CCL
g h l	B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa.	B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.	XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.	CSC CAA CCL
			XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.	CSC CAA CCL
a c d h l m	B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización).	B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.	XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.	CSC CSIEE CCL
l ñ	B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso?	B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.	XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España.	CSC
g l m	B3.5. A ciencia no século XIX.	B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais	XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.	CSC CAA CMCCT
Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial				
g h	B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto.	B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo do derradeiro cuarto do século XIX e no prin-	XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económi-	CSC CAA

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
I		cipio do XX.	cas transnacionais.	CCL
			XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización.	CSC CAA CCL
g l	B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias.	B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.	XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.	CSC CAA
g h l	B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial.	B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.	XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.	CSC CAA
			XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa.	CSC CAA
			XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.	CSC CAA CCL
a c d g h l	B4.4. Revolución Rusa.	B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.	XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.	CSC CAA CCL
g h l n	B4.5. A arte no século XIX.	B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.	XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.	CSC CAA CCL CCEC
			XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.	CSC CAA

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				CCL CCEC
Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945)				
g h l	B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión.	B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.	XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia.	CSC CAA CCL
			XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008.	CSC CAA
			XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.	CSC CAA CCL
a c d h l	B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán.	B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.	XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.	CSC CCL
a c d g h l	B5.3. II República española e a Guerra Civil.	B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil	XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.	CSC CCL
			XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.	CSC CAA CCL
Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)				
g l	B6.1. Oríxenes da II Guerra Mundial.	B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial.	XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo	CSC CAA

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			as narrativas).	
g h l	B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias.	B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.	XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito.	CSC CAA
			XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial.	CSC CAA CCL
			XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.	CSC CAA CCL
a d l	B6.3. O Holocausto.	B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.	XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.	CSC
g h l	B6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica.	B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.	XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.	CSC CAA CCL
			XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.	CSC CAA CCL
a d g h l	B6.5. Procesos de descolonización en Asia e África.	B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.	XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.	CSC CCL
			XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).	CSC CAA
Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético				
a	B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista.	B7.1. Entender os avances económicos dos réxi-	XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéti-	CSC

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d g h l	O "Welfare State".	mes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa.	cos e do "Welfare State" en Europa.	CAA CCL
			XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.	CSC
f g h l m	B7.2. Crise do petróleo (1973).	B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto.	XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008.	CSC CAA CCL
a c d g h l ñ	B7.3. Ditadura de Franco en España.	B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975.	XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco	CSC
			XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica	CSC CAA CCL
Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI				
a d g l	B8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo.	B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.	XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época	CSC CAA
			XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar.	CSC
a d g h l	B8.2. Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias.	B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.	XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.	CSC CAA CCL

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a c d g h l ñ	B8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982).	B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.	XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade.	CSC CAA CCL
			XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc.	CSC CCL
			XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Llible, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.	CSC CAA CCL
a c d g h l	B8.4. Camiño cara a Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política supranacional.	B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea.	XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro.	CSC CAA CCL
Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI				
e g h l	B9.1. A globalización económica: concepto e características.	B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores.	XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.	CSC CD CCL CAA CSIEE
			XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentris-	CSC

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			mo e a globalización.	CAA CCL
e f g h l	B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización.	B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica.	XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.	CSC CAA CCL CD
e g h l m ñ	B9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito.	B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado.	XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización.	CSC CD CAA CCL CMCCT CSIEE
Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía				
g h l ñ	B10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía.	B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do queceamento global, como o desxeamento do Báltico.	CSC CMCCT CAA CCL
			XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI.	CSC CAA
			XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.	CSC CMCCT CAA
f l	B10.2. Cambio e continuidade.	B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da histo-	XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, dura-	CSC CMCCT

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
ñ		ria, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	ción e simultaneidade.	
			XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	CSC CMCCT
f l ñ	B10.3. Tempo histórico.	B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	CSC CMCCT
h l ñ	B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea.	B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	CSC CCL

METODOLOXÍA

METODOLOXÍA EXPOSITIVA, sendo a súa idoneidade maior canto máis teóricos e abstractos sexan os contidos. Servirá para introducir as novas unidades, subliñar elementos esenciais, realizar integracións temáticas, sintetizar conclusións, reforzar a comprensión..., etc. Teranse en conta sempre os coñecementos previos, a presentación dos contidos e a realización de actividades complementarias.

ACTIVIDADES: Análise e comentario de textos; probas iniciais; preguntas abertas; comentario de imaxes; confección de mapas conceptuais; realización de informes; elaboración de eixes cronolóxicos e mapas históricos...; etc. **O COMENTARIO DE TEXTO E DE MAPAS HISTÓRICOS**, serán os procedementos fundamentais, e na medida do posible, tentaremos de facer algunha **COMPOSICIÓN**.

RECURSOS MATERIAIS: todo tipo de fontes e documentos, prensa, bibliografía, mapas, medios audiovisuais, Internet (webquest, blogs...), etc..

Publicidade ao alumnado e aos pais e nais:

Tanto os contidos mínimos esixibles como os procedementos de avaliación e demais información que afecte ao alumnado desta materia son publicitados trimestralmente mediante un documento (presentación da materia) que está permanentemente exposto na aula. Os pais teñen, por suposto, o dereito de recibir a mesma información se esta fose solicitada.

A Temporalización:

1º Trimestre:

Bloques desde o Antigo Réxime ata as Rev. Liberais de ½ do século XIX.

2º Trimestre:

Bloques desde 1/2 do século XIX ata o período de entreguerras (anos '20 do século XX).

3º Trimestre:

Bloques desde 1/2 do século XX, ata a actualidade.

A AVALIACIÓN

Con carácter xeral, propónse que a ponderación de probas escritas e traballos sexa do 80% / 20% en Secundaria, tanto Presencial, como Non Presencial.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación directa:	Sen ser un instrumento en si mesmo para avaliar o grao de consecución de cada estándar de aprendizaxe ou de adquisición de competencias, a observación directa aporta información imprescindible para o profesor/a sobre o comportamento dos alumnos e alumnas: a súa disposición para o traballo, o interese polas explicacións e o grao de participación do alumno e alumna no desenvolvemento das clases, preguntando ao profesor/a ou mesmo respondendo cando pregunta un compañeiro/a, así como o grao de puntualidade á hora de entregar tarefas.
----------------------	---

Probas escritas	Probas de composición (no seu caso)	Co obxectivo de que o alumno/a organice, exprese e desenvolva os coñecementos que teñen sobre un tema concreto, permitindo avaliar a capacidade comprensiva e expresiva, o grao de coñecemento e mesmo a lóxica das súas reflexións. Poden ser preguntas de carácter teórico , a desenvolver, ou de carácter práctico, para elaborar un comentario sobre un tema concreto a partir de fontes históricas.
	Probas obxectivas	Máis breves na súa resposta. Poden ser: preguntas de resposta curta , onde se pide unha información concreta; comentarios de textos, gráficos ou mapas , de xeito guiado e a través de preguntas curtas; preguntas de verdadeiro/falso , útiles para medir a capacidade de distinción entre feitos; preguntas de opción múltiple , para valorar a comprensión e a discriminación de contidos, preguntas de emparellamento , con dúas ringleiras de conceptos, personaxes, datas ou acontecementos históricos para que os alumnos relacionen; ... etc.
Probas orais	Poden ser preguntas curtas sobre os contidos explicados na clase ou pequenas exposicións individuais sobre traballos de investigación levados a cabo polo alumno ou alumna; neste último caso permitirase ao alumno/a dispoñer dun breve guión.	
Traballos	Ben de xeito individual ou grupal, o alumnado poderá desenvolver pequenos traballos sobre lecturas propostas, temas sinxelos de investigación (biografías, pequenas monografías) ou temas do seu interese. Sempre, en calquera caso, deberán estar relacionados cos contidos da materia.	
Fichas de actividades	Comentarios guiados de documentos históricos (textos, mapas, gráficos, fotografías ...), pequenas audicións ou vídeos e pinturas, esculturas ou edificios representativos dos estilos artísticos incluídos nos contidos.	

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Co fin de determinar os coñecementos previos do alumnado e porén o grao de adquisición dos estándares avaliados do curso anterior, nas primeiras sesións levarase a cabo unha **proba inicial** que aportará información fundamental ao profesor ou profesora da materia sobre os coñecementos previos do alumnado, a súa comprensión lectora e a súa expresión escrita. Esta proba valorarase mediante rúbrica e cualificarase cunha nota numérica ou porcentual que non terá peso algún na nota da avaliación máis que o mero carácter informativo para o/a docente, que será quen de deducir o aproveitamento académico dos cursos anteriores e de ser necesario, de adoptar medidas específicas de repaso e/ou reforzo.

Ao longo do curso recollerase información sobre os progresos do alumno ou alumna. Na primeira sesión do curso, os procedementos e instrumentos de avaliación así como os criterios de cualificación daranse a coñecer ao alumnado na propia aula, facilitando a consulta dos mesmos e o seu coñecemento a pais, nais, titores ou representantes legais mediante a publicación desta programación na web do centro.

O curso distribúese en tres avaliacións. En cada unha delas a nota de avaliación determinarase en base a:

Ponderación	Instrumentos de avaliación	Breve descrición
80%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas escritas 	<p>O 60% da cualificación será a media aritmética ou ponderada das notas obtidas nas probas escritas realizadas. O factor de ponderación dependerá do número e do peso no currículo de cada proba, e comunicarse ao alumnado en cada avaliación.</p> <p>En cada avaliación faranse canda menos dúas probas escritas. Se o seu peso é idéntico farase media aritmética e o alumno/a terá que acadar en cada proba cando menos unha nota mínima de 3 (tres) puntos sobre 10 (dez); se o peso das probas fose diferente farase unha media ponderada entre ambas, sen necesidade de obter nota mínima.</p>
20%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rexistro de observación do caderno ▪ Fichas de actividades ▪ Traballos ▪ Probas orais ▪ Observación na aula ▪ Preguntas de control 	<p>Cada un destes instrumentos aportará información sobre o grao de adquisición de competencias. Todos eles serán valorados mediante rúbricas específicas.</p> <p>A observación directa e as preguntas de control na aula aportan información sobre o grao de disposición do alumnado, os seus coñecementos e o seu interese na materia ou no desenvolvemento das actividades propostas..</p>

As datas das diferentes probas escritas fixaranse coa debida antelación ou ben ao principio de curso ou ben ao comezo de cada unha das avaliacións. Sendo probas fixadas con antelación suficiente e estando debidamente informados os alumnos das datas nas que se realizarán, de faltar un alumno a unha proba escrita terá ocasión de facela sempre e cando xustifique a falta de asistencia cun xustificante de carácter oficial (xustifi-

cante de asistencia a consultas, revisións médicas ou por ingreso hospitalario, asinado polo facultativo ou no seu defecto co selo do centro de saúde/clínica/hospital, de asistencia a exames oficiais fóra do centro, ... etc). Neste caso e xustificada debidamente a falta de asistencia, o alumno ou alumna examínase no momento en que se reincorpore ás clases, mediante unha proba escrita ou oral.

Se un alumno/a fose sorprendido/a polo/a docente copiando nunha proba ou en posesión de “material de axuda” nun exame (sobre calquera tipo de soporte, incluíndo medios tecnolóxicos), retiraráselle o exame e a súa cualificación no mesmo será un 0 (cero) e, **-de selo caso-** o máis pronto posible segundo a dispoñibilidade do docente (de poder ser o mesmo día ou o seguinte) terá que someterse a unha proba oral ou escrita (a determinar polo profesor/a).

Queda a decisión do profesor de aula tomar as medidas pertinentes para que non se volvan a repetir episodios similares. Estas medidas poden supoñer cambios na distribución dos alumnos dentro da aula no momento do exame, solicitude de acudir ao exame sen os teléfonos móbiles ou depositalos enriba da mesa do profesor/a ... , entre outras.

Despois da primeira avaliación, e de selo caso, da segunda, ao alumnado que non acadase unha cualificación positiva, reforzáranselle aqueles contidos que quedaron frouxos, cara a consecución dos obxectivos marcados; podendo esixirlles a realización dalgunhas tarefas sinxelas, tendentes á mellora e consecución dos mesmos, para deste xeito acadar unha avaliación positiva ao remate do curso. Con todo e chegado o caso, estas tarefas nunca poderán ser a causa de que este grupo de alumnos vexa moi aumentada a súa carga de traballo, xa que deste xeito, non só non se acadarían os logros marcados, senón que provocaría graves atrancos na avaliación presente.

Despois de cada avaliación, o alumnado que non acadase unha cualificación positiva, realizará unha proba escrita de recuperación.

Avaliación Final e demais actividades

Con todo, logo do remate das clases e da 3ª sesión de avaliación, ao alumnado que o precise, faráselle unha nova Proba, para ver se acadaron os Obxectivos marcados ao inicio do curso e que non se lograron dun xeito satisfactorio ata o momento, cara ver se son quen de promocionar coa materia avaliada positivamente.

A tal efecto, desde o remate das clases e ata o remate do curso (do 6 de xuño ata o 22 do mesmo mes), **procurarase afondar - “selectivamente” - naqueles contidos non adquiridos dun xeito desexable**, cara lograr os obxectivos marcados no Proxecto e acordes á vixente lexislación.

Mentres, **o resto do alumnado procurará desenvolver tarefas marcadas, acordes coa vixente Programación e favorecendo o seu interese e ganas de saber, ao redor da materia**, de xeito que en Fichas, Mapas ou calquera tipo de material telemático, se realicen: entrevistas; resúmenes de acontecementos; historietas; esquematizar e localizar cronoloxicamente feitos históricos ou acontecementos relevantes; viñetas humorísticas referidas á temática que nos ocupa; noticias que aparezan nos Mass media, nestes días e que teñan que ver con algún dos estándares en cuestión; ... etc., para tentar mellorar as cualificacións obtidas ata ese momento.

Todo elo contribuirá a unha mellora notable na comprensión da realidade presente, esperando que lles sirva para abrílles as portas do "**por vir**". Tentamos que acaden o estatatus de "*animais sociais con cabeza e cerebro esperto*" (é dicir: *Persoas, con maiúscula*).

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS QUE SE DEBEN CONSEGUIR PARA SUPERAR A MATERIA

Terán a consideración de estándares mínimos imprescindibles para superar a materia, os seguintes:

- ✚ Distinguir os cambios políticos que conducen á crise do Antigo Réxime e ás revolucións liberais, así como a súa repercusión en España e Galicia, destacando as dificultades para a construción do estado liberal.
- ✚ Enumerar as transformacións do século XVIII en Europa, incidindo nas propias do reformismo Borbónico en España e América.
- ✚ Enumerar os persoeiros e esquematizar os principios e ideas básicas, dentro da tapa coñecida como "Ilustración" ou "Século das luces".
- ✚ Identificar as causas da Iª Revolución Industrial e explicar a súa evolución cara a IIª Revolución Industrial, localizando nun mapa as respectivas áreas xeográficas, en cada caso.

- ✚ Localizar e comentar sobre un mapamundi o “reparto” que se fixo do mundo desde a segunda metade do século XIX ata os anos previos á “Gran Guerra”.
- ✚ Comentar e analizar obras arquitectónicas, esculturas e cadros, acorde co nivel educativo de 4º de ESO e o período histórico a estudar.
- ✚ Caracterizar os feitos e conflitos da primeira metade do século XX e, de xeito específico, os que afectaron a España e a Galicia.
- ✚ Comprender as profundas transformacións operadas despois da II Guerra Mundial, destacando:
 - a división do mundo en bloques e as características esenciais de cada un deles (A Guerra Fría).
 - o proceso de integración europea e os problemas, que mesmo chegan ata os nosos días, facendo referencia especial a España e Galicia.
 - os procesos descolonizadores da segunda metade do século XX e os problemas/conflitos derivados do mesmo.

- ✚ Empregar un vocabulario axeitado a esta etapa educativa e referido á temática que engloba o curso.
- ✚ Coñecer, analizar e valorar os cambios que, no ámbito político, social, económico e intelectual, caracterizan á modernidade europea e internacional, relacionándoos cos propios da historia de España e de Galicia.
- ✚ Valorar os principios e as institucións básicas dos sistemas democráticos e recoñecelos na vixente Constitución Española.
- ✚ Situar a Constitución Española de 1978 dentro do proceso de transición democrática, destacando a súa proxección na vida pública e na articulación territorial do Estado.
- ✚ Analizar os cambios máis recentes operados no panorama político internacional, identificando, valorando e debatendo de modo crítico os principais problemas morais do mundo actual, así como as diferentes posicións éticas que manifestan (Globalización, Migracións, Refuxiados de guerra, ... etc).

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- ❖ Nos cursos de Non Bilingües: *Libro de texto e Material Complementario Audiovisual e Gráfico de Mapas e Textos: XEOGRAFÍA E HISTORIA*, da Editorial SANTILLANA-Obradoiro. VV.AA.
- ❖ Nos cursos Bilingües: : *Libro de texto e Material Complementario Audiovisual e Gráfico de Mapas e Textos: XEOGRAFÍA E HISTORIA*, da Editorial S.M. VV.AA. (En Inglés).
- ❖ Materiais preparados polo Profesorado do departamento: Mapas, Textos, Gráficas, e PowerPoints.
- ❖ Filmes e documentais escollidos polo profesorado do departamento e axeitados á temática puntual ao longo do curso

ESO:

APARTADOS DO PROXECTO TRATADOS DE XEITO COMÚN NOS CATRO CURSOS

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Feita a avaliación inicial, de acordo co Departamento de Orientación, se fose necesario, aplicaranse as medidas recollidas na normativa vixente a tales efectos para ó alumnado con necesidades educativas especiais, acordes co artigo 121.2, da Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio.

En cada unidade didáctica establécense *actividades de reforzo* para aquel alumnado que presente algunha dificultade para entender certos aspectos dos contidos das mesmas. A modo de exemplo poderían simplificarse as que vimos aplicando no Departamento desde hai xa ben de tempo, mesmo co Modelo que emprega cada Profesor para levar o Rexistro, se fose preciso:

FOLLA/MODELO (ESO E BACHARERLATOS)

B.3 REXISTRO: D) ADAPTACIÓNS DOS TEMPOS, INSTRUMENTOS OU PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

PROFESOR/A		CURSO	
ALUMNO/A		GRUPO	
PROF. TITOR/A			
Orientacións prácticas	Acordos sobre o Modelo de Avaliación		
❖ Planificación anticipada das datas das probas.	O Departamento xa o fai para todos os Grupos		
❖ Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para a superación de cada materia.	Establécense especificamente para cada alumno/a dependendo da súa circunstancia		
❖ Probas escritas – orais; flexibilización do tempo.	O Departamento xa o vén facendo para todo aquel alumnado que o solicita ou para o que observamos que é doado, ademais deste ao que facemos referencia explicitamente		
❖ Criterios de cualificación respecto ás faltas de ortografía, normas básicas de cálculo e/ou símbolos matemáticos.	Téñense en conta, acorde cos informes que cada alumno ou alumna presenta, e sempre sendo moi flexibles ao xeito de tratar estas “anomalías”. Para iso imos da man coas Asociacións que engloban estas singularidades		
❖ Uso de ordenador – calculadora – apoios visuais de fórmulas ou normas básicas previamente establecidos os seus condicionantes de uso	Estamos a “plena disposición” para todo aquel alumno ou alumna que o precise, e sempre dentro das posibilidades que a dotación e organización do Centro nos permita		
❖ Criterios de avaliación respecto á lectura de libros obrigatorios ou proxectos.	Amosamos tamén unha total predisposición a particularizar ambas as dúas situacións, logo de escoitar ao Equipo de Orientación e á Xefatura de Estudos		

- ❖ Decidir e confeccionar un formato de proba-tarefa con pautas específicas que se podan traballar anticipadamente co alumnado

O Departamento xa vén formulando Tipos de Exames axeitados (varios modelos) a estes alumnos e alumnas que presentan esta problemática: Exame tipo Ficha, xa practicado na aula; Tipo de letra 18 ou maior; Separación de carreiros moito maior; Facilitación da lectura na formulación; Pregunta moi curta; Tipo Test claro e doado; ,, etc.; ademais dos Exames orais, con respostas dirixidas

✚ **Alumnado de bacharelato** que cumpra os condicionantes para a Adaptación do Exame de Acceso á Universidade:

- Dotación de máis tempo para a realización das probas.
- Subdividir de xeito proporcional a proba en varias follas.
- Medios alternativos de comunicación para alumnado con discapacidades sensoriais (auditivas ou visuais).

Vímolo facendo os Profesores que impartimos materias que poden ser encamiñadas a elo, xa desde que Adán foi expulsado do Paraíso, pola culpa de Eva (a isto non fan alusión as Feministas de hoxe ... ; así calquera!!!):
Subdivisión das cuestións, tempo, tempo e tempo, mesmo exames nas tardes con minutos abondo, e dirixidos (cousa que logo non xa van facer ou permitir nas ABAU), ... etc.

Dedicarase especial atención ao vocabulario das unidades; subliñaranse as relacións e faranse comparacións co estudado en temas anteriores.

Estableceranse *actividades de ampliación* para o alumnado que avance ou presente curiosidade polos temas estudados, para o que se pode animar a utilizar páxinas web, despois de consultalas, deben de contestar a unha serie de preguntas relacionadas co tema da páxina web.

Animarase ao alumnado a planificar secuencias e planificar tarefas para realizar traballos de investigación ou de busca de información.

Na medida do posible, a ensinanza desta materia personalizarase ao máximo posible para axudar ao alumnado a acadar os mellores resultados.

De todos os xeitos, tratarase de adecuar as ensinanzas ás características do alumnado, ó atender as necesidades educativas de aquel no marco dunha ensinanza comprensiva e aberta á diversidade. Partindo deste principio, esta atención diversificada cara os intereses, capacidades e motivación do alumnado, será efectuada no ámbito habitual da actuación pedagóxica. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais; acudiríase a un conxunto de actuacións e recursos que diferirían dos habituais, para axudar a cubrir esas necesidades específicas. Estaríamos sempre coordinados polo Departamentos correspondentes, o Departamento de Orientación (sobre todo, Orientador/a e Profesor/a de P.T.).

PLAN DE TRABAJO PARA ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

Contamos cun Plan de Recuperación para o alumnado coa materia pendente do curso anterior.

O alumnado que promociona sen ter recuperada a materia correspondente ao curso anterior, seguirá un programa de reforzo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas, co fin de favorecer a adquisición das competencias básicas; e deberá superar a avaliación correspondente ao devandito programa, tal e como se recolle na programación que ao efecto ten elaborado este departamento didáctico.

O plan de traballo consistirá en:

- A materia pendente de recuperación, terá como contidos mínimos esixibles, os mínimos da programación do departamento.
- Para facilitar a recuperación ó alumnado, dividirase a materia en 3 partes correspondentes aos tres trimestres escolares. O alumnado coa materia pendente será avaliado mediante a realización de exercicios trimestrais que lle serán entregados coa anterioridade suficiente. Estes exercicios, a xeito de cadernos, están compostos de exercicios prácticos que fan referencia aos contidos e conceptos mínimos esixibles.
- Nunha data comunicada con antelación suficiente deberán entregar os exercicios. No caso de non ter realizados os exercicios terán que realizar un exame que versará sobre a materia correspondente ó parcial.
- No mes de Maio, e antes da Proba correspondente ó último parcial, os que non tiveran entregado os exercicios nin realizado as probas parciais substitutivas, terán dereito a unha proba única da que se deberá examinar da materia de todo o curso académico.
- Durante un recreo, cada quince días e no local do Departamento de Xeografía, Historia e CC.SS.; haberá titoría de alumnado con asignaturas ou materias pendentes, co obxecto de resolverlles calquera dúbida da materia a recuperar.

- O alumnado con necesidades de reforzo, (previa comunicación e colaboración co Departamento de Orientación); terá nunha carpeta de actividades recollida no caderno do profesor que ten o seu libro de texto, as cales serán adaptadas e personalizadas, se é o caso, ao alumno ou alumna que o precise.

AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Participarase en actividades organizadas por entidades que presenten un programa educativo que permita desenvolver itinerarios formativos a Centros de interese clave, achegándonos de xeito activo ao patrimonio cultural, artístico e histórico, co propósito de obter un coñecemento do pasado e do presente.

Resulta imposible realizar unha proposta pechada de actividades, pois van depender da oferta que realicen entidades como o Concello de Vigo e outras entidades culturais e financeiras. Tamén dependerá dos orzamentos con que conte o Departamento (A Educación cada día camiña a tocar fondo). A modo de exemplo serían interesantes e conforme cos contidos que se propoñen, e para estes niveis educativos -algunhas con outros Departamentos-, as visitas seguintes:

EN VIGO:

Rutas en Vigo:

- Tralas pegadas de Xulio Verne co Capitán Nemo
 - Combina historia e literatura.
 - Repasa momentos históricos de Vigo e a súa contorna a través de personaxes senlleiros e curiosidades. Percorre da man do Capitán Nemo algúns dos lugares que máis gustou o escritor francés no monte de O Castro, Casco Vello e no porto.
- 1809: A Reconquista de Vigo!
 - Repasa os feitos ocorridos naqueles días e a súa repercusión e contexto a través dos personaxes máis coñecidos. Percorre rúas e prazas do Casco Vello e porto dándolle un contexto máis grande a esta festa tan popular e todo o bo que trouxo despois.
- Arte urbana polas rúas de Vigo
 - O mellor dos muráis e outras expresións do street art local nun paseocheo de cor polo centro de Vigo. Ideal para coñecer as diferentes

técnicas, espertar o espírito artístico e aprender a respeitar ediferenciar entre arte na rúa e vandalismo.

○ Vigo e o Mar

■ Un percorrido didáctico polo porto de Vigo coñecendo as suás historiaS co mar. Da man dun experto guía local con amplos coñecementos e muita capacidade comunicativa para os cativos.

○ 1589: Arde Vigo! O ataque do pirata Drake

■ Iremos revivir o que sen dúbida foi o peor ataque xamais sufrido polas xentes de Vigo. Da man do mítico corsario inglés coñeceremos as causas do ataque e cales foron as súas consecuencias para a vila e algúns lugares do Casco Vello coma a igrexa, o Olivo...

○ O Entroido en Vigo

■ Farinos sentir na pel dos personaxes típicos do entroido vigués. Percorre o Casco Vello coñecendo tamén de xeito distendido e educativo a orixe e tradición dos máis famosos entroidos galegos, Tradición, diversión e misterio nunha ruta pensada para escolares.

○ Vigo nación!

■ Repasaremos nunha ruta interactiva polo centro de Vigo os feitos, monumentos coma a Oliveira e persoas máis destacadas que fixeron deste unha cidade tan singular. Un repaso do que representa e significa o “viguismo” e de onde saíu.

■ Idade recomendada: a partir de 6 anos

- MARCO.
- Museo Quiñones de León.
- Museo do Mar.
- Visita-percorrido polo “Románico” de Vigo e Vila romana de Toralla.
- Saída a calquera “acontecemento” relacionado coas nosas materias e que puidesen xurdir durante o curso: exposicións, conferencias, ... etc..

EN GALICIA:

- Visita á cidade de Pontevedra: Museo Provincial, Casco Vello, ... etc.
- Visita a Santiago de Compostela: Catedral, Casco Vello, CGAC, Museo do Pobo Galego, Parlamento, ... etc..
- Visita á provincia de Ourense: Vilanova dos Infantes, Celanova, Bande, Muíños e Lobios.

FÓRA DE GALICIA:

- Visita a Madrid: Palacio Real, Congreso e Senado, Museo do Prado, Museo Reina Sofía de Arte Contemporánea, ... etc..
- Se houberse cartos e o alumnado quixera, encardinando a saída coa viaxe de fin de bacharelato, o Centro podería participar nunha saída-roteiro a Mérida, Sevilla, Córdoba e Granada; centrando a actividade educativa nestas Cidades, de mañá; deixando as tardes para o lecer.

Ademais, o Departamento fomentará a participación do alumnado en todas as actividades e actos que teñan lugar na cidade de Vigo e no propio Centro (dereitos humanos, medio ambiente, Constitución e Estatuto, consumo, Maíos, Entroido, ... etc..), así como colaborando en todo o que se precise e estea na “nosa man” naquelas saídas que teñan que ver cos Intercambios de alumnado nos que vén participando o Centro desde hai anos.

TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA

Tendo en conta o plan lector do centro, desde esta materia, co obxectivo de fomentar a lectura e de mellorar a comprensión lectora, tratarase de potenciar no ámbito habitual da actuación pedagóxica:

- Realización de traballos apoiados nunha bibliografía básica, que deben presentar analizada e comentada; partindo dun esquema ou índice, que responda a unha estruturación dos contidos.
- Lectura de fragmentos do manual de texto, que deben interpretar despois de aclarar dúbidas sobre o significado dos termos descoñecidos.
- Lectura e interpretación de artigos de opinión extraídos de prensa escrita ou revistas.
- Análise e comentario de textos, mapas, ... etc.

- Visionado de películas, que serán analizadas a partires dunha información previa e cun cuestionario de traballo, que despois nos levará a un debate e posta en común.
- Elaboración e/ou interpretación de organigramas e esquemas-guión.
- Labores de consulta ou investigación, para aclarar temas, sucesos, ... etc. do período histórico que se está a tratar.
- Elaboración de fichas-resume de noticias de actualidade a partires da información aportada polos distintos medios de comunicación.
- Elaboración de murais (por exemplo sobre algunha saída extraescolar).
- Elaboración dun vocabulario específico de Historia e Xeografía (termos que vaian xurdindo ó longo do curso).
- Colaboración con artigos, pasatempos, ...etc. para as publicacións do centro.
- Realización de actividades, do tipo de: completar textos incluíndo elementos dunha táboa; ordenar frases escribíndoas completas; resolver encrucillados, sopas de letras, ... etc.; relacionar termos, ... etc.
- Responder cuestionarios de traballo sobre obras de arte, logo de visitas, completando a información con debuxos e deseñando plantas, alzados, ... etc. onde deben localizar distintos elementos de interese.

Así mesmo, engádense un listado indicativo de libros por cursos, quedando o profesorado facultado para poder ampliar ó longo do curso os libros que se recollen no listado:

1º da ESO:

1º Trimestre

- Os habitantes dos Castros.A Nosa Historia. Ed.: A Nosa Terra.
- Os viquingos en Galicia. Ed. A Nosa Terra.

- Os prehistóricos. Ed.: A Nosa Terra.

2º Trimestre

- A Idade de Pedra. John Farman.
- Antigo Exipto. John Farman.
- Os romanos. John Farman.

3º Trimestre

- Antiga Grecia . Ed. A Nosa Terra.
- Aztecas. John Farman.
- Os galegos de hoxe. Ed. A Nosa Terra.

2º da ESO:

1º Trimestre

- A Constitución.
- Declaración dos dereitos humanos. Seminario galego da Paz.
- Vigo na Historia. Ed. A Nosa Terra.
- Os Reis de Galicia. Ed. A Nosa Terra.
- Bispos e Monxes. Ed. A Nosa Terra.

2º Trimestre

- A Idade Media. John Farman.
- A revolución industrial. John Farman.
- Aztecas. John Farman.

3º Trimestre

- Os habitantes das cidades. Ed. A Nosa Terra.
- O futuro. John Farman.
- Os emigrantes. Ed. A Nosa Terra

3º de ESO:

- Viaxe ao centro da terra. Jules Verne.
- Válder o el viaje alucinante. Jesús Ferrero.
- Un país en la mochila. José Antonio Labordeta.
- A Caverna. José Saramago.
- O vello e o mar. E. Hemingway.
- Gran Sol. Ignacio Aldecoa.
- Germinal. Zola.
- Las Cenizas de Ángela. Fran McCourt.
- La verdad sobre el caso Savolta. Eduardo Mendoza.
- La Hoguera de las vanidades. Tom Wolf.
- Un millón de Vacas. Manolo Rivas.
- El Río que nos lleva. José Luis Sampedro.
- El mercado y la globalización. José Luis Sampedro.

4º de ESO:

- Auel, J.M. : El clan del oso cavernario. Ed. Maeva.
- Alcine, J.: Los incas, el reino del sol. Ed. Anaya.
- Larivaille, P. : La vida cotidiana en la Italia de Maquiavelo. Temas de hoy.
- Traversoni, A. : El mundo contemporáneo. Ed.: Cincel.

TRATAMENTO E FOMENTO DAS TICs

Tendo en conta o plan TIC do centro, no referente ás cuestións metodolóxicas, e vendo a crecente importancia cara o papel que desempeñan no presente, e aínda máis, de cara ao futuro, trataremos de:

- Motivar ao alumnado a buscar información en internet de xeito individual e/ou en grupos, para facer traballos e actividades que complementen ao traballo na aula.
- Usar ferramentas informáticas como o taboleiro dixital, e cando se dispoña delas (nun lonxano futuro) das “tablets”.
- Ilustrar explicacións mediante presentación en Power point.
- Guiar ao alumnado na indagación en páxinas web (Web Quests e similares).

TEMAS TRANSVERSAIS

Os temas transversais, referidos a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade, inclúense no propio currículo da disciplina. Así, estes están presentes na aula permanentemente e garantidos en todas as unidades. Entre os que teñen unha presenza máis relevante nesta programación, destacamos:

- Educación moral e cívica.
- Educación para a paz.
- Educación para a igualdade entre sexos, tendo contacto permanente co Profesor ou Profesora Coordinador do Grupo LGTBi.
- Educación para a saúde.
- Educación ambiental.
- Educación do/a consumidor/a.

Puntualmente, daráselles maior relevancia -á que cumpra- en determinadas unidades didácticas. Do mesmo xeito, no senso de favorecer a interdisciplinariedade, propoñemos o achegamento a materias coma Literatura, Economía, Ética, Psicoloxía ou Filosofía.

Traballarase o seguinte:

- ✓ Valoración da inmigración como elemento de enriquecemento das nosas sociedades.
- ✓ Preocupación ante os principais problemas demográficos.
- ✓ Valoración das iniciativas que se desenvolven para paliar os problemas migratorios.
- ✓ Adquisición de actitudes de respecto ás persoas independentemente do seu sexo, raza, relixión, procedencia social, ... etc.
- ✓ Valoración crítica dos problemas cotiáns ou presentes nos medios de comunicación, publicidade, ...etc.
- ✓ Valoración positiva da propia lingua como vehículo imprescindible no desenvolvemento da identidade persoal.
- ✓ Actitude de preocupación en torno a convivencia internacional.
- ✓ Toma de conciencia dos graves problemas das cidades en países desenvolvidos e subdesenvolvidos e das diferencias entre barrios pobres e ricos nos núcleos urbanos.
- ✓ Rexeitar calquera tipo de discriminación polo lugar de residencia (urbana, rural ou de diferentes zonas urbanas).
- ✓ Interese polos problemas ambientais dos núcleos urbanos.
- ✓ Valoración e respecto da cidade como patrimonio de todos, e disposición a participar en iniciativas dirixidas á súa defensa e mellora.
- ✓ Valorar a importancia de situarse na época e sociedade obxecto de estudo para comprendela mellor.
- ✓ Interese por coñecer obras artísticas de épocas distintas para desenvolver o gusto estético persoal.
- ✓ Aprender e valorar bibliotecas e museos como fontes de coñecemento.
- ✓ Tolerancia, respecto e valoración crítica das formas de vida do pasado. Interese pola vida cotiá.
- ✓ Actitude crítica cara ás ideas erróneas que se transmiten, a miúdo, sobre a cultura islámica.
- ✓ Respecto polo patrimonio cultural e interese pola súa conservación.
- ✓ Valoración dos vestixios do pasado e disposición a actuar de maneira favorable á súa conservación.
- ✓ Tolerancia, respecto e valoración crítica de épocas e sociedades distintas da propia, valorándoas como elementos enriquecedores da existencia colectiva da sociedade.
- ✓ Sensibilidade e preocupación polo rigor e obxectividade na busca e interpretación da información histórica.
- ✓ Interese por coñecer obras artísticas de épocas distintas para desenvolver o gusto estético persoal.
- ✓ O papel da muller o longo da historia.
- ✓ "Saber convivir" e a "mediación" en cooperación co Dpto. de orientación e os outros departamentos.
- ✓ ... etc.

BACHARELATO

OBXECTIVOS DO BACHARELATO RELACIONADOS COAS MATERIAS DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.

Esta programación axústase ás indicacións que para o Bacharelato, e as nosas materias (Departamento de Xeografía e Historia), recolle o Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

Os obxectivos xerais son as capacidades que, por medio das materias comúns, de modalidade e optativas, deberán ser alcanzadas polos alumnos e as alumnas de Bacharelato. Constitúen os grandes retos que deben propoñer os e as docentes desta etapa.

Son, polo tanto, interdisciplinares e de ámbitos educativos plurais: cognoscitivos, afectivos e psicosociais. Os cognoscitivos deberán alcanzarse mediante o ensino e a aprendizaxe da materia impartida polo profesorado. Os demais, mediante a contribución unánime do conxunto do profesorado.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b. Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias parao eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio

de desenvolvemento persoal.

- e. Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.
- f. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuir á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

[2° BACHARELATO]

ASIGNATURA	HISTORIA DE ESPAÑA
CURSO E GRUPOS	2º BACHARELATO

INTRODUCCIÓN

O estudo da historia de España é esencial para o coñecemento e comprensión non só do noso pasado senón tamén do mundo actual. Non menos importante é o carácter formativo da materia de Historia de España, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a

historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Historia de España de segundo curso de bacharelato pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais dos territorios que configuran o actual Estado español, prestando, cando cumpra, unha especial atención a Galicia, pero sen esquecer por iso a súa pluralidade interna e a súa pertenza a outros ámbitos máis amplos, coma o europeo e o iberoamericano. Neste sentido, a materia recolle, na análise dos procesos históricos, tanto os aspectos compartidos como os diferenciais.

Concibida como materia común para todas as modalidades de bacharelato, ofrécelles aos alumnos e ás alumnas que chegan á vida adulta a posibilidade de coñeceren a historia de España de xeito continuo e sistemático. Na distribución cronolóxica dos contidos outórgaselle unha maior importancia ao coñecemento da historia contemporánea, sen renunciar por iso aos referidos ás etapas anteriores, pois en grande medida a pluralidade da España actual só é comprensible se nos remontamos a procesos e feitos que teñen a súa orixe nun pasado remoto. Deste xeito, dedícase un primeiro bloque aos comezos da nosa historia, desde os primeiros humanos á monarquía visigoda; o segundo refírese á Idade Media, desde a conquista musulmá da Península; os dous seguintes estudan a Idade Moderna, ata as vésperas da Revolución Francesa; e os oito restantes a Idade Contemporánea.

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade de España ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos.

A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. As competencias clave sociais e cívicas, e de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios da historia de España. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental, e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase de xeito puntual. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando os ritmos e os estilos de aprendizaxe, e tendo en conta a atención á diversidade. A materia de Historia de España permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

TÁBOA ONDE APARECEN REFLECTIDAS AS CORRESPONDENCIAS ENTRE

- **OBXECTIVOS DA ETAPA.**
- **CONTIDOS**
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**
- **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**
- **COMPETENCIAS CLAVE**

2º DE BACHARELATO

	Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
	Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns				
d e g h i l m	B0.1. Método histórico. Fontes e perspectivas.	B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e extraer información salientable sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade.	HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición.	CCL CD CAA CSC CSIEE CCEC	
d e h i l	B0.2. Análise e comentario de fontes.	B0.2. Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos.	HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos.	CCL CAA CSC	
h	B0.3. Utilidade das fontes.	B0.3. Comentar e interpretar fontes primarias (his-	HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir	CMCCT	

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i l		tóricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa información cos coñecementos previos.	de fontes históricas e historiográficas.	CAA CSC
d e h i l	B0.4. Mapas e liñas do tempo.	B0.4. Recoñecer a utilidade das fontes para o/a historiador/a, á parte da súa fiabilidade.	HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as.	CMCCT CAA CSC
Bloque 1. A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711)				
d e h i l n p	B1.1. Da prehistoria á monarquía visigoda: prehistoria (evolución do Paleolítico ao Neolítico; pintura cantábrica e levantina; importancia da metalurxia); configuración das áreas celta e ibérica (Tartesos, indoeuropeos e colonizadores orientais; cultura castrexa); Hispania romana (conquista e romanización da Península; legado cultural romano; exemplo galego); monarquía visigoda (ruralización da economía; poder da Igrexa e a nobreza).	B1.1. Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a prehistoria ata a desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias.	<p>HEB1.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico, e as causas do cambio.</p> <p>HEB1.1.2. Identifica as diferenzas entre unha imaxe de pintura cantábrica e outra de pintura levantina.</p> <p>HEB1.1.3. Describe os avances no coñecemento das técnicas metalúrxicas e explica as súas repercusións.</p> <p>HEB1.1.4. Resume as características principais do reino de Tartesos e cita as fontes históricas para o seu coñecemento.</p> <p>HEB1.1.5. Explica o diferente nivel de desenvolvemento das áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de Tartesos e os colonizadores fenicios e gregos.</p> <p>HEB1.1.6. Debuxa un mapa esquemático da Península Ibérica e delimita nel as áreas ibérica e celta.</p> <p>HEB1.1.7. Define o concepto de romanización e describe os medios empregados para levala a</p>	<p>CCL CCS</p> <p>CCEC</p> <p>CCL CMCCT CSC</p> <p>CCL CAA CSC</p> <p>CCL CSC CCEC</p> <p>CAA CSC</p> <p>CCL</p>

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			cabo.	CSC CCEC
			HEB1.1.8. Compara o ritmo e grao de romanización dos territorios peninsulares.	CCL CSC CCEC
			HEB1.1.9. Resume as características da monarquía visigoda e explica por que alcanzou tanto poder a igrexa e a nobreza.	CCL CSC
			HEB1.1.10. Procura información de interese (en libros e internet) sobre o mantemento cultural e artístico do legado romano na España actual, e elabora unha breve exposición.	CCL CD CAA CSIEE CCEC
			HEB1.1.11. Representa unha liña do tempo desde 250 a.C. ata 711 d.C., e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
			HEB1.1.12. Partindo de fontes historiográficas, responde a cuestións ou situacións.	CCL CSC
	oque 2. A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474)			
d e h i n	B2.1. Al-Andalus: conquista musulmá da Península; evolución política de Al-Andalus; revitalización económica e urbana; estrutura social; relixión, cultura e arte.	B2.1. Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e os cambios económicos, sociais e culturais que introduciron.	HEB2.1.1. Explica as causas da invasión musulmá e da súa rápida ocupación da Península.	CCL CSC
			HEB2.1.2. Representa unha liña do tempo desde 711 ata 1474 e sitúa nunha ringleira os principais acontecementos relativos a Al-Andalus e noutra os relativos aos reinos cristiáns.	CMCCT CAA CSC
			HEB2.1.3. Describe a evolución política de Al-Andalus.	CCL CSC
			HEB2.1.4. Resume os cambios económicos, sociais	CCL

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			e culturais introducidos polos musulmáns en Al-Andalus.	CSC CCEC
d e h i p	B2.2. Os reinos cristiáns do século XIII ao XV: evolución política; nacemento das Cortes. Os reinos cristiáns na baixa Idade Media (séculos XIV e XV): diferente evolución e organización política das coroas de Castela, Aragón e Navarra. Proceso de reconquista e repoboación.	B2.2. Explicar a evolución e configuración política dos reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da monarquía.	HEB2.2.1. Describe as grandes etapas e as causas xerais que conducen ao mapa político da Península Ibérica ao remate da Idade Media.	CCL CSC
			HEB2.2.2. Explica a orixe das Cortes nos reinos cristiáns e as súas principais funcións.	CCL CSC
			HEB2.2.3. Compara a organización política da coroa de Castela, a de Aragón e o reino de Navarra ao remate da Idade Media.	CCL CAA CSC
			HEB2.2.4. Comenta o ámbito territorial e as características de cada sistema de repoboación, así como as súas causas e as súas consecuencias.	CCL CAA CSC
d e h i p	B2.3. Os reinos cristiáns na Idade Media: réxime señorial e sociedade estamental. Tensións sociais.	B2.3. Diferenciar as tres grandes fases da evolución económica dos reinos cristiáns durante toda a Idade Media (estancamento, expansión e crise), e sinalar os seus factores e as súas características.	HEB2.3.1. Describe as grandes fases da evolución económica dos territorios cristiáns durante a Idade Media.	CCL CSC
d e h i p	B2.4. Os reinos cristiáns na Idade Media: do estancamento á expansión económica. Crises agraria e demográfica.	B2.4. Analizar a estrutura social dos reinos cristiáns e describir o réxime señorial e as características da sociedade estamental.	HEB2.4.1. Explica a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián.	CCL CMCCT CSC
d e g h m	B2.5. O Camiño de Santiago. Unha cultura plural: cristiáns, musulmáns e xudeus. Manifestacións artísticas.	B2.5. Describir as relacións culturais de cristiáns, musulmáns e xudeus, e especificar as súas colaboracións e as influencias mutuas.	HEB2.5.1. Describe o labor dos centros de tradución.	CCL CSC CCEC
			HEB2.5.2. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística	CCL

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
n p			do Camiño de Santiago, e elabora unha breve exposición.	CD CAA CSIEE CCEC
Bloque 3. A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700)				
d e h i p	B3.1. Os Reis Católicos: unión dinástica de Castela e Aragón; reorganización do Estado; política relixiosa; conquista de Granada; descuberta de América; incorporación de Navarra; relacións con Portugal.	B3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna, e identificar as reminiscencias medievais e os feitos salientables que abren o camiño á modernidade.	HEB3.1.1. Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado.	CCL CSC
			HEB3.1.2. Explica as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes de 1492.	CCL CSC
			HEB3.1.3. Analiza as relacións dos Reis Católicos con Portugal e os obxectivos que perseguían.	CCL CAA CSC
d e h i	B3.2. Auxe do Imperio no século XVI: dominios de Carlos I e de Filipe II; modelo político dos Austrias; conflitos internos; conflitos relixiosos no seo do Imperio; conflitos exteriores; exploración e colonización de América e do Pacífico; política económica respecto a América; a revolución dos prezos e o custo do Imperio.	B3.2. Explicar a evolución e a expansión da monarquía hispánica durante o século XVI, diferenciando os reinados de Carlos I e Filipe II.	HEB3.2.1. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explica os problemas que provocaron.	CCL CAA CSC
			HEB3.2.2. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI.	CCL CSC
			HEB3.2.3. Analiza a política respecto a América no século XVI e as súas consecuencias para España, Europa e a poboación americana.	CCL CAA CSC
d e h i	B3.3. Crise e decadencia do Imperio no século XVII: os validos; expulsión dos mouriscos; proxectos de reforma de Olivares; guerra dos Trinta Anos e perda da hexemonía en Europa en favor de Francia; rebelións de Cataluña e Portugal en 1640;	B3.3. Explicar as causas e as consecuencias da decadencia da monarquía hispánica no século XVII, relacionando os problemas internos, a política exterior e a crise económica e demográfica.	HEB3.3.1. Describe a práctica do valemto e os seus efectos na crise da monarquía.	CCL CSC
			HEB3.3.2. Explica os principais proxectos de reforma do Conde Duque de Olivares.	CCL CSC

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Carlos II e o problema sucesorio; crise demográfica e económica.		<p>HEB3.3.3. Analiza as causas da guerra dos Trinta Anos e as súas consecuencias para a monarquía hispánica e para Europa.</p> <p>HEB3.3.4. Compara e comenta as rebelións de Cataluña e Portugal de 1640.</p> <p>HEB3.3.5. Explica os principais factores da crise demográfica e económica do século XVII, e as súas consecuencias.</p> <p>HEB3.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1474 ata 1700, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.</p>	<p>CCL CSC CAA</p> <p>CCL CSC CAA</p> <p>CCL CSC</p> <p>CMCCT CAA CSC</p>
d e g h i m n p	B3.4. Século de Ouro español: do Humanismo á Contrarreforma; Renacemento e Barroco na literatura e na arte.	B3.4. Recoñecer as grandes achegas culturais e artísticas do Século de Ouro español, extraendo información de interese en fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, internet, etc.).	HEB3.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre os seguintes pintores do Século de Ouro español: El Greco, Ribera, Zurbarán, Velázquez e Murillo.	CCL CD CAA CSC CCEC
Bloque 4. España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788)				
d e h i	B4.1. Cambio dinástico e Guerra de Sucesión: unha contenda civil e europea; a Paz de Utrecht e o novo equilibrio europeo; os pactos de familia con Francia.	B4.1. Analizar a Guerra de Sucesión española como contenda civil e europea, e explicar as súas consecuencias para a política exterior española e a nova orde internacional.	<p>HEB4.1.1. Explica as causas da Guerra de Sucesión Española e a composición dos bandos en conflito.</p> <p>HEB4.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1700 ata 1788, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.</p> <p>HEB4.1.3. Detalla as características da nova orde europea xurdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela.</p>	<p>CCL CSC</p> <p>CMCCT CAA CSC</p> <p>CCL CSC</p>

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e h i p	B4.2. Reformas institucionais: novo modelo de Estado; Administración en América; Facenda Real; relacións Igrexa-Estado.	B4.2. Describir as características do novo modelo de Estado, especificando o alcance das reformas promovidas polos primeiros monarcas da dinastía borbónica.	HEB4.2.1. Define os decretos de nova planta e explica a súa importancia na configuración do novo Estado borbónico.	CCL CSC
			HEB4.2.2. Elabora un esquema comparativo do modelo político dos Austrias e dos Borbóns.	CCL CSC CAA
			HEB4.2.3. Explica as medidas que adoptaron ou proxectaron os primeiros Borbóns para sanear a Facenda Real.	CCL CSC
			HEB4.2.4. Describe as relacións Igrexa-Estado e as causas da expulsión dos xesuítas.	CCL CSC
d e h i m p	B4.3. Economía e política económica: recuperación demográfica; problemas da agricultura, a industria e o comercio; liberalización do comercio con América.	B4.3. Comentar a situación inicial dos sectores económicos, detallando os cambios introducidos e os obxectivos da nova política económica.	HEB4.3.1. Compara a evolución demográfica do século XVIII coa da centuria anterior.	CCL CSC CAA
			HEB4.3.2. Desenvolve os principais problemas da agricultura e as medidas impulsadas por Carlos III neste sector.	CCL CSC
			HEB4.3.3. Explica a política industrial da monarquía e as medidas adoptadas respecto ao comercio con América.	CCL CSC
d e h i m p	B4.4. Engalaxe económica de Cataluña. Estancamento económico de Galicia.	B4.4. Explicar a engalaxe económica de Cataluña, en comparación coa evolución económica do resto de España.	HEB4.4.1. Especifica as causas da engalaxe económica de Cataluña no século XVIII.	CCL CSC
d e h	B4.5. A Ilustración en España e Galicia: proxectistas, anovadores e ilustrados; despotismo ilustrado; novo concepto de educación; Sociedades	B4.5. Expor os conceptos fundamentais do pensamento ilustrado, identificando as súas vías de difusión.	HEB4.5.1. Comenta as ideas fundamentais da ilustración e define o concepto de despotismo ilustrado.	CCL CAA CSC

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i p	Económicas de Amigos do País; prensa periódica.			CCEC
			HEB4.5.2. Razo a importancia das Sociedades Económicas de Amigos do País e da prensa periódica na difusión dos valores da Ilustración.	CCL CSC CCEC
Bloque 5. A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo				
d e h i p	B5.1. Impacto da Revolución Francesa: relacións entre España e Francia; Guerra da Independencia.	B5.1. Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia, e especificar en cada fase os principais acontecementos e as súas repercusións para España.	HEB5.1.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia.	CCL CSC
			HEB5.1.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos.	CCL CSC
a d e h i p	B5.2. Primeiro intento de revolución liberal, Cortes de Cádiz e Constitución de 1812.	B5.2. Comentar o labor lexislador das Cortes de Cádiz, en relación co ideario do liberalismo.	HEB5.2.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime.	CCL CSC CAA
			HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812.	CCL CSC CAA
d e h i p	B5.3. Reinado de Fernando VII: restauración do absolutismo; trienio liberal; reacción absolutista.	B5.3. Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha.	HEB5.3.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII.	CCL CSC
			HEB5.3.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente.	CCL CSC
			HEB5.3.3. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
			HEB5.3.4. Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués.	CCL CAA

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				CSC
d e h i	B5.4. Emancipación da América española: protagonismo crioulo; fases do proceso; repercusións para España.	B5.4. Explicar o proceso de independencia das colonias americanas, diferenciando as súas causas e as súas fases, así como as repercusións económicas para España.	HEB5.4.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas.	CCL CSC
			HEB5.4.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas.	CCL CSC
d e g h i l m n	B5.5. A obra de Goya como testemuño da época.	B5.5. Relacionar as pinturas e os gravados de Goya cos acontecementos deste período, e identificar nelas o reflexo da situación e os feitos contemporáneos.	HEB5.5.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra.	CCL CD CSC CCEC
Bloque 6. A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874)				
d e h i p	B6.1. O carlismo como derradeiro bastión absolutista: ideario e apoios sociais; as dúas primeiras guerras carlistas.	B6.1. Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal, analizando os seus compoñentes ideolóxicos, as súas bases sociais, a súa evolución no tempo e as súas consecuencias.	HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais.	CAA CSC
			HEB6.1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas.	CCL CSC
			HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
d e h i p	B6.2. Triunfo e consolidación do liberalismo no reinado de Isabel II: primeiros partidos políticos; protagonismo político dos militares; lexislación económica de signo liberal; nova sociedade de clases.	B6.2. Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais.	HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II.	CCL CSC
			HEB6.2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares.	CCL CSC

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II.	CCL CAA CSC
			HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra.	CCL CAA CSC
			HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estatal do Antigo Réxime.	CCL CSC CCEC
d e h i	B6.3. Proceso constitucional.	B6.3. Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II, en relación coas correntes ideolóxicas dentro do liberalismo e a súa loita polo poder.	HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845.	CCL CAA CSC
d e h i p	B6.4. Sexenio Democrático: revolución de 1868 e caída da monarquía isabelina; procura de alternativas políticas e monarquía de Amadeo I; primeira República; guerra de Cuba, terceira guerra carlista e insurrección cantonal.	B6.4. Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía isabelina, especificando os grandes conflitos internos e externos que desestabilizaron o país.	HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático.	CCL CSC
			HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869.	CCL CSC
			HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas.	CAA CSC
c d e h i p	B6.5. Inicios do movemento obreiro español: condicións de vida da poboación obreira e labrega; a Asociación Internacional de Traballadores e o xurdimiento das correntes anarquista e socialista.	B6.5. Describir as condicións de vida das clases traballadoras e os inicios do movemento obreiro en España, en relación co desenvolvemento do movemento obreiro internacional.	HEB6.5.1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional.	CCL CAA CSC
Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902)				
d	B7.1. Teoría e realidade do sistema canovista: inspiración no modelo inglés; a Constitución de 1876 e	B7.1. Explicar o sistema político da Restauración, distinguindo a súa teoría e o seu funcionamento	HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas.	CCL

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e h i p	o bipartidismo; quenda de partidos, caciquismo e fraude electoral.	real.		CAA CSC
			HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876.	CCL CSC
			HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración.	CCL CSC
			HEB7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
d e h i p	B7.2. Oposición ao sistema: catalanismo, nacionalismo vasco, rexionalismo galego e movemento obreiro.	B7.2. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución durante o período estudado.	HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego.	CCL CSC CCEC
			HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX.	CCL CAA CSC CCEC
d e h i	B7.3. Éxitos políticos: estabilidade e consolidación do poder civil; liquidación do problema carlista; solución temporal do problema de Cuba.	B7.3. Describir os principais logros do reinado de Afonso XII e a rexencia de María Cristina, inferindo as súas repercusións na consolidación do novo sistema político.	HEB7.3.1. Compara o papel político dos militares no reinado de Afonso XII co das etapas precedentes do século XIX.	CCL CAA CSC
			HEB7.3.2. Describe a orixe, o desenvolvemento e as repercusións da terceira guerra carlista.	CCL CSC
d e h i	B7.4. Perda das derradeiras colonias e crise de 1898: guerra de Cuba e con Estados Unidos; Tratado de París; rexeneracionismo.	B7.4. Explicar o desastre colonial e a crise do 98, identificando as súas causas e as súas consecuencias.	HEB7.4.1. Explica a política española respecto ao problema de Cuba.	CCL CSC
			HEB7.4.2. Sinala os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París.	CCL CSC
			HEB7.4.3. Especifica as consecuencias para Es-	CCL

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			paña da crise do 98 nos ámbitos económico, político e ideolóxico.	CSC CCEC
Bloque 8. Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente				
d e h i l p	B8.1. Lento crecemento da poboación: mantemento dun réxime demográfico antigo; excepción de Cataluña.	B8.1. Explicar a evolución demográfica de España ao longo do século XIX, comparando o crecemento da poboación española no seu conxunto co de Cataluña e o dos países máis avanzados de Europa.	HEB8.1.1. Identifica os factores do lento crecemento demográfico español no século XIX.	CCL CSC
			HEB8.1.2. Compara a evolución demográfica de Cataluña coa do resto de España no século XIX.	CCL CAA CSC
d e h i l p	B8.2. Economía española no XIX: agricultura protexida e estancada (efectos das desamortizacións; baixos rendementos); deficiente industrialización (industria téxtil catalá, siderurxia e a minaría); dificultades dos transportes (condicionamentos xeográficos; rede de ferrocarrís); comercio (proteccionismo fronte a librecambismo); finanzas (a peseta como unidade monetaria; desenvolvemento da banca moderna; problemas da Facenda; investimentos estranxeiros. O caso galego.	B8.2. Analizar os sectores económicos e especificar a situación herdada, as transformacións de signo liberal e as consecuencias que se derivan delas.	HEB8.2.1. Explica os efectos económicos das desamortizacións de Mendizábal e Madoz.	CCL CSC
			HEB8.2.2. Especifica as causas dos baixos rendementos da agricultura española do século XIX.	CCL CSC
			HEB8.2.3. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX.	CCL CSC
			HEB8.2.4. Compara a revolución industrial española coa dos países máis avanzados de Europa.	CCL CAA CSC
			HEB8.2.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos.	CCL CAA CSC
			HEB8.2.6. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855.	CCL CSC
			HEB8.2.7. Compara os apoios, os argumentos e as actuacións de proteccionistas e librecambistas ao longo do século XIX.	CCL CAA CSC

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			HEB8.2.8. Explica o proceso que conduciu á unidade monetaria e á banca moderna.	CCL CSC
			HEB8.2.9. Explica a reforma Mon-Santillán da Facenda pública e os seus efectos.	CCL CSC
			HEB8.2.10. Especifica como os investimentos en España de Francia e de Inglaterra afectaron o modelo de desenvolvemento económico español durante o século XIX.	CCL CSC
Bloque 9. A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931)				
d e h i p	B9.1. Intentos de modernización do sistema: revisionismo político dos primeiros gobernos de Afonso XIII; oposición de republicanos e nacionalistas cataláns, vascos, galegos e andaluces.	B9.1. Relacionar o rexeneracionismo xurdido da crise do 98 co revisionismo político dos primeiros gobernos, e especificar as súas actuacións máis importantes.	HEB9.1.1. Define en que consistiu o revisionismo político inicial do reinado de Afonso XIII, e as principais medidas adoptadas.	CCL CSC
			HEB9.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1902 ata 1931, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
			HEB9.1.3. Elabora un esquema cos factores internos e externos da quebra do sistema político da Restauración.	CCL CAA CSC
d e h i	B9.2. Quebra do sistema: impacto dos acontecementos exteriores (intervención en Marrocos; I Guerra Mundial; Revolución Rusa); crecente axitación social (Semana Tráxica de Barcelona; crise xeral de 1917; "trienio bolchevique" en Andalucía).	B9.2. Analizar as causas da quebra do sistema político da Restauración e identificar os factores internos e os externos.	HEB9.2.1. Especifica a evolución das forzas políticas de oposición ao sistema: republicanos e nacionalistas.	CCL CSC
			HEB9.2.2. Explica as repercusións da I Guerra Mundial e da Revolución Rusa en España.	CCL CSC
			HEB9.2.3. Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904 e 1927.	CCL CSC
			HEB9.2.4. Analiza a crise xeral de 1917: as súas causas, manifestacións e consecuencias.	CCL CSC

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e h i	B9.3. Ditadura de Primo de Rivera: directorio militar e directorio civil; remate da guerra de Marrocos; caída da ditadura; afundimento da monarquía.	B9.3. Explicar a ditadura de Primo de Rivera como solución autoritaria á crise do sistema, e describir as súas características, etapas e actuacións.	HEB9.3.1. Especifica as causas do golpe de estado de Primo de Rivera e os apoios con que contou inicialmente.	CCL CSC
			HEB9.3.2. Describe a evolución da ditadura de Primo de Rivera, desde o directorio militar ao directorio civil e o seu remate.	CCL CSC
			HEB9.3.3. Explica as causas da caída da monarquía.	CCL CSC
d e h i p	B9.4. Crecemento económico e cambios demográficos no primeiro terzo do século: efectos da Guerra Mundial na economía española; intervencionismo estatal da ditadura; transición ao réxime demográfico moderno; movementos migratorios; transvasamento de poboación da agricultura á industria.	B9.4. Explicar a evolución económica e demográfica no primeiro terzo do século XX, en relación coa situación herdada do século XIX.	HEB9.4.1. Analiza os efectos da I Guerra Mundial sobre a economía española.	CCL CSC
			HEB9.4.2. Describe a política económica da ditadura de Primo de Rivera.	CCL CSC
			HEB9.4.3. Explica os factores da evolución demográfica de España no primeiro terzo do século XX.	CCL CSC
Bloque 10. A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939)				
d e h i	B10.1. A II República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración.	B10.1. Explicar a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflictividade social.	HEB10.1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da II República e relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial dos anos 30.	CCL CAA CSC
			HEB10.1.2. Diferencia as forzas de apoio e oposición á República nos seus comezos, e describe as súas razóns e as principais actuacións.	CCL CAA CSC
a b d e h i p	B10.2. Evolución política durante a II República: bienio reformista (Constitución de 1931; política de reformas; Estatuto de Cataluña; forzas de oposición á República); bienio radical-cedista (política restauradora e radicalización popular; revolución de Asturias); Fronte Popular (primeiras actuacións do Goberno; preparación do golpe militar).	B10.2. Diferenciar as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha.	HEB10.2.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República.	CCL CSC
			HEB10.2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931.	CCL CSC
			HEB10.2.3. Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os	CCL CSC

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			seus efectos.	
			HEB10.2.4. Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior.	CCL CSC CAA
			HEB10.2.5. Describe as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución de Asturias de 1934.	CCL CSC
			HEB10.2.6. Explica as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra.	CCL CSC
b d e h i p	B10.3. Guerra Civil: sublevación e desenvolvemento da guerra; dimensión internacional do conflito; evolución das dúas zonas; consecuencias da guerra.	B10.3. Analizar a Guerra Civil, identificando as súas causas e as consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas.	HEB10.3.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil.	CCL CSC
			HEB10.3.2. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional.	CCL CAA CSC
			HEB10.3.3. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra.	CCL CAA CSC
			HEB10.3.4. Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra.	CCL CSC
			HEB10.3.5. Sintetiza nun esquema as grandes fases da guerra, desde o punto de vista militar.	CCL CSC
			HEB10.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
d e	B10.4. Idade de Prata da cultura española: da xeración do 98 á do 36.	B10.4. Valorar a importancia da Idade de Prata da cultura española, e expor as achegas das xeracións e das figuras máis representativas.	HEB10.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a Idade de Prata da cultura española.	CCL CD

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g h i m n p				CAA CSC CSIEE CCEC
Bloque 11. A ditadura franquista (1939-1975)				
b c d e h i p	B11.1. Características e evolución do franquismo: postguerra (grupos ideolóxicos e apoios sociais do franquismo; oscilantes relacións co exterior; configuración política do novo Estado; represión política; autarquía económica); anos do "desenvolvemento" (plans de desenvolvemento e o crecemento económico; transformacións sociais; reafirmación política do réxime; política exterior; crecente oposición ao franquismo); fin do franquismo (inestabilidade política; dificultades exteriores; efectos da crise económica internacional de 1973).	B11.1. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especificar as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron, en relación coa cambiante situación internacional.	HEB11.1.1. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial.	CCL CAA CSC
			HEB11.1.2. Diferencia etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha.	CCL CAA CSC
			HEB11.1.3. Explica a organización política do Estado franquista.	CCL CSC
			HEB11.1.4. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959.	CCL CSC
			HEB11.1.5. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973.	CCL CSC
			HEB11.1.6. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973.	CCL CSC
			HEB11.1.7. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional.	CCL CSC CAA
			HEB11.1.8. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas e a evolución económica	CCL

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			do país.	CSC
			HEB11.1.9. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas.	CCL CSC
			HEB11.1.10. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo.	CCL CSC
			HEB11.1.11. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
b d e g h i m p	B11.2. Cultura española durante o franquismo: cultura oficial; cultura do exilio; cultura interior á marxe do sistema.	B11.2. Describir a diversidade cultural do período, distinguindo as súas manifestacións.	HEB11.2.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo.	CCL CD CSIEE CCEC
Bloque 12. Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975)				
a b d e h i p	B12.1. Transición á democracia: crise económica mundial; alternativas políticas ao franquismo, continuismo, reforma ou ruptura; o papel do Rei; a lei para a reforma política; primeiras eleccións democráticas.	B12.1. Describir as dificultades da transición á democracia desde o franquismo nun contexto de crise económica, e explicar as medidas que permitiron a celebración das primeiras eleccións democráticas.	HEB12.1.1. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha.	CCL CSC
			HEB12.1.2. Describe o papel desempeñado polo Rei durante a transición.	CCL CSC
			HEB12.1.3. Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc.	CCL CSC

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			HEB12.1.4. Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da Moncloa.	CCL CSC
a b c d e h i p	B12.2. Período constituínte: Pactos da Moncloa; pre-autonomías de Cataluña e o País Vasco; Constitución de 1978 e Estado das autonomías. O caso de Galicia.	B12.2. Caracterizar o novo modelo de Estado democrático establecido na Constitución de 1978, especificando as actuacións previas encamiñadas a alcanzar o máis amplo acordo social e político.	HEB12.2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais.	CCL CSC
			HEB12.2.2. Describe como se estableceron as pre-autonomías de Cataluña e o País Vasco.	CCL CSC
a b c d e h i	B12.3. Gobiernos constitucionais: problema do terrorismo; golpe de Estado frustrado de 1981; ingreso na OTAN; plena integración en Europa.	B12.3. Analizar a evolución económica, social e política de España desde o primeiro Goberno constitucional de 1979 ata a aguda crise económica iniciada en 2008, sinalando as ameazas máis salientables ás que se enfrenta e os efectos da plena integración en Europa.	HEB12.3.1. Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas.	CCL CAA CSC
			HEB12.3.2. Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración.	CCL CAA CSC
			HEB12.3.3. Analiza a evolución económica e social de España desde a segunda crise do petróleo en 1979 ata o comezo da crise financeira mundial de 2008.	CCL CSC
			HEB12.3.4. Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etc.) e reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etc.	CCL CSC
			HEB12.3.5. Representa unha liña do tempo desde 1975 ata os nosos días, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				CSC
a b d e h	B12.4. Papel de España no mundo actual.	B12.4. Resumir o papel de España no mundo actual, especificando a súa posición na Unión Europea e as súas relacións con outros ámbitos xeopolíticos.	HEB12.4.1. Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo.	CCL CSC

METODOLOXÍA

Para alcanzar os obxectivos desta materia, sintetizados en conseguir que o alumnado se achegue ó estudio dos feitos e procesos históricos máis significativos da historia de España, trabállase cun **modelo explicativo do cambio histórico** baseado na distinción de distintos sistemas configurados por uns trazos sociais, políticos, económicos, culturais e ideolóxicos específicos que se desenvolven nun período de tempo determinado e que, polo seu propio desenvolvemento, evolucionan e orixinan novos sistemas. Este é o criterio aplicado á hora de organizar os contidos da materia, os catro bloques temáticos nos que se distribúen os contidos a desenvolver durante o curso.

Á hora de optar por unha ou outra **metodoloxía didáctica** das varias que se poden aplicar na ensinanza-aprendizaxe da Historia, optamos por aquela que combina a construción do coñecemento histórico do alumnado sobre unha base dobre: a exposición oral significativa por parte do profe-

sorado na aula, dirixindo e organizando o traballo e a selección dos aspectos a traballar, e o traballo con fontes documentais por parte do alumnado. É dicir, trátase dun modelo integrador onde se combina a aprendizaxe por recepción e por descubrimento.

A selección desta metodoloxía condiciona a presentación dos contidos, de forma que se debe combinar a información explícita, que facilite ó alumnado á comprensión dos fenómenos históricos, coa reconstrución e verificación de parte da información polo mesmo alumnado mediante a lectura e o comentario de numerosos documentos históricos, integrados no discurso explicativo, incardinados nel, non como un complemento optativo ou de información complementaria, senón como partes integrantes da explicación e reconstrución histórica.

A información ou exposición, sempre que sexa significativa, facilita ó alumnado a captación e comprensión das redes conceptuais básicas propias da Historia. A significatividade ven dada por varios elementos que van desde a organización da información -de modo lóxico e de doada captación e comprensión por parte do alumnado- ata a propia significatividade potencial do material seleccionado -que permita establecer nexos entre a nova información e a que cada alumno xa posúe- facilitando así a reconstrución persoal dos acontecementos históricos. Estes nexos -ou organizadores previos segundo Ausubel- están presentados en forma de ideas xerais expostas ó comezo dos bloques e unidades temáticas para que o alumnado coñeza as liñas xerais e básicas sobre as que vai a traballar.

En definitiva, a metodoloxía proposta non responde a un modelo puro, senón máis ben ecléctico, no que ten unha carga importante a aprendizaxe significativo de reconstrución do acontecer histórico por parte do alumnado, pero non se elimina nin a explicación escrita nin oral por parte do profesor ou profesora, especialmente na introdución das unidades temáticas, na orientación permanente do traballo do alumnado e na elaboración de conclusións.

A metodoloxía será fundamentalmente expositiva e activa. Ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe, o profesor ou profesora explicará as diferentes unidades temáticas, subliñando os conceptos principais, sintetizando, facendo conclusións, ... etc., implicando neste proceso ao alumnado.

TEMPORALIZACIÓN

1ª avaliación:

Bloques 1, 2 e 3.

Bloque 1.- Prehistoria e Historia Antiga.

Bloque 2.- Historia Medieval.

Bloque 3.- Séculos XV, XVI e XVII.

2ª avaliación:

Bloques 4, 5, 6, 7 e 8.

Bloque 4.- Século XVIII.

Bloques 5, 6, 7 e 8. Século XIX.

3ª avaliación: Bloques 9, 10, 11 e 12.

Bloques 9, 10, 11 e 12. Século XX.

A AVALIACIÓN

Con carácter xeral, propónse que a ponderación de probas escritas e traballos sexa do
90% / 10%

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación di-	Sen ser un instrumento en si mesmo para avaliar o grao de consecución de cada estándar de aprendizaxe ou de adquisición
-----------------	---

recta:	de competencias, a observación directa aporta información imprescindible para o profesor/a sobre o comportamento dos alumnos e alumnas: a súa disposición para o traballo, o interese polas explicacións e o grao de participación do alumno e alumna no desenvolvemento das clases, preguntando ao profesor/a ou mesmo respondendo cando pregunta un compañeiro/a, así como o grao de puntualidade á hora de entregar tarefas.	
Probas escritas	Probas de composición	Co obxectivo de que o alumno/a organice, exprese e desenvolva os coñecementos que teñen sobre un tema concreto, permitindo avaliar a capacidade comprensiva e expresiva, o grao de coñecemento e mesmo a lóxica das súas reflexións. Poden ser preguntas de carácter teórico , a desenvolver, ou de carácter práctico, para elaborar un comentario sobre un tema concreto a partir de fontes históricas.
	Probas obxectivas	Máis breves na súa resposta. Poden ser: preguntas de resposta curta , onde se pide unha información concreta; comentarios de textos, gráficos ou mapas , de xeito guiado e a través de preguntas curtas; preguntas de verdadeiro/falso , útiles para medir a capacidade de distinción entre feitos; preguntas de opción múltiple , para valorar a comprensión e a discriminación de contidos, preguntas de emparellamento , con dúas ringleiras de conceptos, personaxes, datas ou acontecementos históricos para que os alumnos relacionen; ... etc.
Probas orais	Poden ser preguntas curtas sobre os contidos explicados na clase ou pequenas exposicións individuais sobre traballos de investigación levados a cabo polo alumno ou alumna; neste último caso permitirase ao alumno/a dispoñer dun breve guión.	
Traballos	Ben de xeito individual ou grupal, o alumnado poderá desenvolver pequenos traballos sobre lecturas propostas, temas sinxelos de investigación (biografías, pequenas monografías) ou temas do seu interese. Sempre, en calquera caso, deberán estar relacionados cos contidos da materia.	
Fichas de actividades	Comentarios guiados de documentos históricos (textos, mapas, gráficos, fotografías ...), pequenas audicións ou vídeos e pinturas, esculturas ou edificios representativos dos estilos artísticos incluídos nos contidos.	

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Co fin de determinar os coñecementos previos do alumnado e porén o grao de adquisición dos estándares avaliados do curso anterior, nas primeiras sesións levarase a cabo unha **proba inicial** que aportará información fundamental ao profesor ou profesora da materia sobre os coñecementos previos do alumnado, a súa comprensión lectora e a súa expresión escrita. Esta proba valorarase mediante rúbrica e cualificarase cunha

nota numérica ou porcentual que non terá peso algún na nota da avaliación máis que o mero carácter informativo para o/a docente, que será quen de deducir o aproveitamento académico dos cursos anteriores e de ser necesario, de adoptar medidas específicas de repaso e/ou reforzo.

Ao longo do curso recollerase información sobre os progresos do alumno ou alumna. Na primeira sesión do curso, os procedementos e instrumentos de avaliación así como os criterios de cualificación daranse a coñecer ao alumnado na propia aula, facilitando a consulta dos mesmos e o seu coñecemento a pais, nais, titores ou representantes legais mediante a publicación desta programación na web do centro.

O curso distribúese en tres avaliacións. En cada unha delas a nota de avaliación determinarase en base a:

Ponderación	Instrumentos de avaliación	Breve descrición
90%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas escritas 	<p>O 90% da cualificación será a media aritmética ou ponderada das notas obtidas nas probas escritas realizadas. O factor de ponderación dependerá do número e do peso no currículo de cada proba, e comunicarse ao alumnado en cada avaliación.</p> <p>En cada avaliación faranse canda menos dúas probas escritas. Se o seu peso é idéntico farase media aritmética e o alumno/a terá que acadar en cada proba cando menos unha nota mínima de 3 (tres) puntos sobre 10 (dez); se o peso das probas fose diferente farase unha media ponderada entre ambas, sen necesidade de obter nota mínima.</p>
10%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rexistro de observación do caderno ▪ Fichas de actividades ▪ Traballos ▪ Probas orais ▪ Observación na aula ▪ Preguntas de control 	<p>Cada un destes instrumentos aportará información sobre o grao de adquisición de competencias. Todos eles serán valorados mediante rúbricas específicas.</p> <p>A observación directa e as preguntas de control na aula aportan información sobre o grao de disposición do alumnado, os seus coñecementos e o seu interese na materia ou no desenvolvemento das actividades propostas..</p>

As datas das diferentes probas escritas fixaranse coa debida antelación ou ben ao principio de curso ou ben ao comezo de cada unha das avaliacións. Sendo probas fixadas con antelación suficiente e estando debidamente informados os alumnos das datas nas que se realizarán, de fal-

tar un alumno a unha proba escrita terá ocasión de facela sempre e cando xustifique a falta de asistencia cun xustificante de carácter oficial (xustificante de asistencia a consultas, revisións médicas ou por ingreso hospitalario, asinado polo facultativo ou no seu defecto co selo do centro de saúde/clínica/hospital, de asistencia a exames oficiais fóra do centro, ... etc). Neste caso e xustificada debidamente a falta de asistencia, o alumno ou alumna examínase no momento en que se reincorpore ás clases, mediante unha proba escrita ou oral.

Se un alumno/a fose sorprendido/a polo/a docente copiando nunha proba ou en posesión de “material de axuda” nun exame (sobre calquera tipo de soporte, incluíndo medios tecnolóxicos), retiraráselle o exame e a súa cualificación no mesmo será un 0 (cero) e, **-de selo caso-** o máis pronto posible segundo a dispoñibilidade do docente (de poder ser o mesmo día ou o seguinte) terá que someterse a unha proba oral ou escrita (a determinar polo profesor/a).

Queda a decisión do profesor de aula tomar as medidas pertinentes para que non se volvan a repetir episodios similares. Estas medidas poden supoñer cambios na distribución dos alumnos dentro da aula no momento do exame, solicitude de acudir ao exame sen os teléfonos móbiles ou depositalos enriba da mesa do profesor/a ... , entre outras.

Despois da primeira e a segunda avaliación, realizarase unha proba de recuperación para o alumnado que non acade un 5 (cinco) na cualificación final de ambas avaliacións.

A finais de Abril, e no caso de ter ou manter unha avaliación suspensa, o profesor ou profesora valorará a posibilidade de realizar unha segunda proba escrita final para recuperar esa única avaliación, coa obriga de acadar, cando menos 5 (cinco) puntos sobre 10 (dez) para que se faga a media correspondente coas notas das avaliacións aprobadas. De ter dúas ou tres avaliacións suspensas o alumno ou alumna deberá superar unha proba escrita final e global baseada no grao mínimo esixible de cada estándar de aprendizaxe. Neste caso, considerarase a materia superada cunha cualificación de 5 (cinco) puntos, ou superior.

Convocatoria Extraordinaria

No mes de Xuño, terá lugar unha proba extraordinaria para aqueles alumnos e alumnas que non tiveran superada a materia en Maio. A proba basearase nos mínimos esixibles de cada estándar de aprendizaxe, incluídos neste Proxecto Didáctico

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS QUE SE DEBEN CONSEGUIR PARA SUPERAR A MATERIA

Terán a consideración de Mínimos á hora de superar a asignatura, os seguintes:

- ✚ Explicar as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico, así como as causas do cambio.
- ✚ Explicar o diferente nivel de desenvolvemento das áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de Tartesos e os colonizadores fenicios e gregos.
- ✚ Definir o concepto de romanización e describe os medios empregados para levala a cabo.
- ✚ Resumir as características da monarquía visigoda e explicar por que alcanzou tanto poder a igrexa e a nobreza.
- ✚ Explicar as causas da invasión musulmá e da súa rápida ocupación da Península.
- ✚ Resumir os cambios económicos, sociais e culturais introducidos polos musulmáns en Al-Ándalus.
- ✚ Describir as grandes etapas e as causas xerais que conducen ao mapa político da Península Ibérica ao remate da Idade Media.
- ✚ Comparar a organización política da coroa de Castela, a de Aragón e o reino de Navarra ao remate da Idade Media.
- ✚ Explicar a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián.
- ✚ Definir o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describir as características do novo Estado.
- ✚ Comparar os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explicar os problemas que provocaron.
- ✚ Explicar a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI, así como a política que se adoptou e as consecuencias para España, Europa e a poboación americana.
- ✚ Explicar os principais factores da crise demográfica e económica do século XVII, e as súas consecuencias.
- ✚ Explicar as causas da Guerra de Sucesión Española e a composición dos bandos en conflito.
- ✚ Detallar as características da nova orde europea xurdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela.
- ✚ Definir os decretos de nova planta e explicar a súa importancia na configuración do novo Estado borbónico.
- ✚ Describir as relacións Igrexa-Estado e as causas da expulsión dos xesuítas.
- ✚ Explicar os principais problemas da agricultura e as medidas impulsadas por Carlos III neste sector, así como as medidas adoptadas no referente á industria e ao comercio con América.
- ✚ Ser quen de comentar e explicar as ideas fundamentais da Ilustración, e definir o concepto de despotismo Ilustrado.
- ✚ Comentar as características esenciais da Constitución Española de 1812.

- ✚ Representar nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o Réxime Liberal Burgués.
- ✚ Explicar as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas.
- ✚ Resumir as etapas da evolución política do reinado de Isabel II durante a súa maioría de idade, e explicar o papel dos militares.
- ✚ Comparar as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especificar os obxectivos de cadansúa, así como os efectos económicos que causaron.
- ✚ Especificar as características da nova sociedade de clases e comparalas coas da sociedade estamental do Antigo Réxime.
- ✚ Comparar o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845.
- ✚ Explicar as etapas políticas do Sexenio Democrático.
- ✚ Explicar os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas.
- ✚ Explicar as características esenciais da Constitución de 1876.
- ✚ Describir o funcionamento real do sistema político da Restauración.
- ✚ Analizar as diferentes correntes ideolóxicas do movemento obreiro e campesiño español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX.
- ✚ Sinalar os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París.
- ✚ Especificar as consecuencias que tivo para España, a crise do 98, tanto desde o punto de vista económico, como político e ideolóxico.
- ✚ Especificar as causas do Golpe de estado de Primo de Rivera, así como os apoios cos que contou de principio.
- ✚ Explicar as causas que levaron á proclamación da II República, relacionándoas coas dificultades xurdidas da crise internacional dos anos 30.
- ✚ Explicar as características esenciais da Constitución de 1931.
- ✚ Resumir as reformas principais impulsadas durante a II República.
- ✚ Comparar as actuacións do bienio Radical-Cedista, coas do bienio anterior ou Reformista.
- ✚ Explicar os antecedentes da Guerra Civil, se cabe, dentro do complicado contexto internacional do momento.
- ✚ Explicar os custos humanos e as consecuencias sociais e económicas da Guerra.
- ✚ Diferenciar, trazando o máis importante en cada unha delas, as diferentes etapas do Franquismo.

- ✚ Explicar a organización política do Estado franquista.
- ✚ Describir as actuacións impulsadas polo Presidente Adolfo Suárez, para reformar o Réxime franquista: Lei para a Reforma política, 1976; Lei de Amnistía, de 1979; ... etc.
- ✚ Explicar as causas e obxectivos dos Pactos da Moncloa.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de texto:

- Historia. Editorial BAHÍA. VV.AA.
- Ademais facilitaránelles aos alumnos e alumnas, material diverso, un fotocopiado e do departamento, e outro en PENS ou diferentes sopor-tes como CDs ou DVDs.
- No que respecta aos recursos, empregaremos todo tipo de fontes e documentos, prensa, bibliografía, mapas, filmes e curtos relacionados coa temática puntual, medios audiovisuais..., etc..
- No que respecta ao material, ademais do facilitado pola Editorial e outro co que conta o Departamento e a Biblioteca do Centro, empregare-mos moitos materiais -de todo tipo- preparados polo Profesorado do Departamento: Mapas, Textos, Gráficas e, sobre todo, PowerP.

ASIGNATURA	XEOGRAFÍA
CURSO E GRUPO	2º BACHARELATO



INTRODUCCIÓN

A xeografía ocúpase especificamente do espazo, as paisaxes e as actividades que se desenvolven sobre o territorio, e analiza a relación entre a natureza e a sociedade, así como as súas consecuencias. Ten como obxectivo a comprensión do territorio, produto da interrelación de múltiples factores, e, ademais, que o alumnado poida explicar a realidade xeográfica española, con especial atención ao territorio galego, como referente e identidade próxima. Grazas a este coñecemento adquirido, a xeografía pode transmitir a idea de responsabilidade dentro da sociedade, posto que o ser humano é o principal axente de transformación do medio natural: desta maneira, a materia de Xeografía participa moi profundamente na formación en valores no eido dos principios do desenvolvemento sustentable e o medio, como recurso escaso e non renovable.

O uso dos instrumentos propios desta disciplina (entre outros a cartografía, e imaxes ou estatísticas de distinto tipo) achega a posibilidade de analizar e realizar interpretacións globais, sistemáticas e integradas da realidade, identificar as unidades territoriais, as paisaxes, e os resultados da actividade humana para poder coñecer e comprender o espazo. Deste xeito, a materia de Xeografía proposta neste curso ten como obxectivos fundamentais dar unha interpretación global e interrelacionada de cada fenómeno xeográfico, e ofrecer os mecanismos que sirvan para dar respostas e explicacións aos problemas do territorio español; unhas aprendizaxes que leven á comprensión da coevolución socioecolóxica dos territorios.

A distribución de contidos que se propón pretende afianzar os coñecementos sobre xeografía adquiridos na ESO e, por outra banda, afondar no coñecemento da ciencia xeográfica para proporcionar as conexións con opcións posteriores.

A xeografía de España non pode concibirse só na diversidade que lle proporcionan as comunidades autónomas, senón que é necesario coñecer ademais as interdependencias que a vinculan co resto do mundo, en especial coa Unión Europea (UE), xa que estes aspectos teñen a súa tradución nos procesos de organización do territorio. Os conxuntos espaciais cos que o noso país se relaciona (UE, áreas xeograficamente próximas e outras zonas do mundo cuxos aspectos políticos, sociais e económicos manteñen relacións con España) inclúense nun tema final que contextualizará España nas súas relacións coa UE e co resto do mundo. Ademais, a través destes coñecementos rescátanse os aspectos aprendidos polo alumnado que non deben perderse.

Os primeiros temas conteñen os coñecementos básicos para a construción do coñecemento xeográfico do país e para explicar a variedade de paisaxes de España.

A materia é rica en achegas ao desenvolvemento competencial. A competencia clave matemática e, moi especialmente, as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía están moi presentes, xa que en xeografía se require abordar aprendizaxes de feitos e procedementos propios das ciencias da terra ou da estatística. Do mesmo xeito, a competencias sociais e cívicas reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos propios da xeografía como o desenvolvemento sustentable, que ademais é un elemento transversal ao longo da etapa. Pola súa banda, as competencias lingüística e dixital (fronte á realidade ineludible da universalización da cartografía dixital e o tratamento cotiá das imaxes satélite), e a de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais da competencia (saber ser) e na de coñecemento procedemental.

Finalmente, o tratamento metodolóxico da materia debe axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A materia de Xeografía permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de forma especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

VIII-I.- TÁBOA ONDE APARECEN REFLECTIDAS AS CORRESPONDENCIAS ENTRE

:

- **OBXECTIVOS DA ETAPA**
- **CONTIDOS**
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**
- **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**
- **COMPETENCIAS CLAVE**

2º DE BACHARELATO

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico				
d e g i l	B1.1. Concepto de xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina.	B1.1. Recoñecer a peculiaridade do coñecemento xeográfico utilizando as súas ferramentas de análise e os seus procedementos.	XHB1.1.1. Describe a finalidade do estudo da xeografía, e as principais ferramentas de análise e os seus procedementos.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B1.2. Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable.	B1.2. Identificar o espazo xeográfico como tal nas súas diversas ocupacións, entendéndoo como centro de relacións humanas e sociais.	XHB1.2.1. Identifica as paisaxes xeográficas.	CMCCT CAA CCL
			XHB1.2.2. Enumera e describe as características das paisaxes xeográficas.	CMCCT CAA
d g i l	B1.3. Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas.	B1.3. Distinguir e analizar os tipos de planos e mapas con diferentes escalas, identificándoos como ferramentas de representación do espazo xeográfico	XHB1.3.1. Utiliza adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica.	CMCCT CAA CD
d g i l	B1.4. Planos e mapas: compoñentes e análise. O mapa topográfico nacional a escala 1:50.000.	B1.4. Analizar e comentar o mapa topográfico nacional E: 1/50.000.	XHB1.4.1. Extrae información do mapa topográfico mediante os procedementos de traballo do xeógrafo.	CMCCT CAA CD
			XHB1.4.2. Extrae a información de mapas e planos	CMCCT

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			de diferentes escalas.	CD
d e g i l	B1.5. Técnicas cartográficas.	B1.5. Deseñar e comparar mapas sobre espazos xeográficos próximos utilizando os procedementos característicos.	XHB1.5.1. Identifica nunha paisaxe as diferenzas entre paisaxe natural e cultural.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B1.6. Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite.	B1.6. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes diversas, e presentala de xeito adecuado.	XHB1.6.1. Analiza e extrae conclusións da observación dun plano e dun mapa, comentando as características do espazo xeográfico.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 2. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica				
d e g i l	B2.1. España e a súa singularidade xeográfica: unidade e diversidade.	B2.1. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico español establecendo os aspectos que lle confiren unidade e os elementos que ocasionan diversidade.	XHB2.1.1. Debuxa e sinala sobre un mapa físico de España as unidades do relevo español, comentando as súas características.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B2.2. Relevo español: diversidade xeomorfolóxica. Localización dos principais accidentes xeográficos.	B2.2. Describir os trazos do relevo español, situando e analizando as súas unidades de relevo.	XHB2.2.1. Identifica e representa nun mapa os elementos do relevo que son similares e diferentes do territorio peninsular e insular.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B2.3. Evolución xeolóxica do territorio español como conformadora das diferentes morfoestruturas.	B2.3. Definir o territorio español subliñando as diferenzas das unidades morfoestruturais.	XHB2.3.1. Enumera e describe os principais trazos do relevo de España.	CMCCT CAA CCL
d e	B2.4. Litoloxía peninsular e insular e formas de modelaxe.	B2.4. Diferenciar a litoloxía de España, incidindo nas súas características e na modelaxe.	XHB2.4.1. Clasifica as unidades do relevo español segundo as súas características xeomorfolóxicas.	CMCCT CAA

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g i l				CCL
d e g i l	B2.5. Identificación das unidades do relevo español peninsular e insular, e os trazos de cada unha.	B2.5. Utilizar correctamente o vocabulario específico da xeomorfoloxía.	XHB2.5.1. Describe sumariamente nun mapa a evolución xeolóxica e a conformación do territorio español.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B2.6. Corte topográfico: realización e análise.	B2.6. Procurar e seleccionar información do relevo obtido de fontes diversas (bibliográficas, cartográficas, internet ou traballos de campo), e presentala de xeito adecuado sinalando os condicionamentos que o relevo pode impor.	XHB2.6.1. Realiza un corte topográfico e explica o relevo que reflicte.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B2.7. Concepto de solo. Os solos en España: variedade edáfica e as súas características.	B2.7. Identificar as características edáficas dos solos.	XHB2.7.1. Enumera e describe os elementos constitutivos dos tipos de solo de España.	CMCCT CAA CCL
			XHB2.7.2. Localiza nun mapa de España os tipos de solos peninsulares e insulares.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 3. A diversidade climática e a vexetación				
d g i l	B3.1. Clima e tempo atmosférico. Factores xeográficos, dinámica atmosférica e elementos do clima.	B3.1. Sinalar nun mapa de España os dominios climáticos.	XHB3.1.1. Localiza os climas nun mapa de España.	CMCCT CA CD
d e g	B3.2. Dominios climáticos españois: as súas características e representación en climogramas.	B3.2. Distinguir os climas en España e comentar as súas características, sinalando os factores e os elementos que os compoñen, para diferenciarlos.	XHB3.2.1. Describe e compara os climas en España, enumerando os factores e os elementos característicos.	CMCCT CAA CCL

	Xeografía. 2º de bacharelato.			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i l				CD
d e g i l	B3.3. Dominios climáticos españois: factores limitantes.	B3.3. Distinguir os climas en España e a súa representación en climogramas.	XHB3.3.1. Representa e comenta climogramas específicos de cada clima.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B3.4. Variabilidade climática. Temperatura e precipitación.	B3.4. Comentar a información climatolóxica que se deduce utilizando mapas de temperaturas ou precipitacións de España.	XHB3.4.1. Comenta as características dos climas españois a partir dos seus climogramas representativos.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B3.5. Situacións sinópticas e tipos de tempo atmosférico en España.	B3.5. Analizar os tipos de tempo atmosférico en España utilizando os mapas de superficie e de altura.	XHB3.5.1. Enumera os trazos dos tipos de tempo atmosférico reflectidos nas estacións climatolóxicas.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB3.5.2. Identifica e interpreta nun mapa do tempo os elementos que explican os tipos de tempo atmosférico.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B3.6. Mapas do tempo, altura e superficie: análise e interpretación.	B3.6. Interpretar un mapa do tempo aplicando as características dos tipos de tempo peninsulares ou insulares.	XB33.6.1. Comenta un mapa do tempo de España distinguindo os elementos que explican o tipo de tempo característico da estación do ano correspondente.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i	B3.7. Escenarios de cambio climático en diferentes dominios do territorio peninsular e insular.	B3.7. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á diversidade climática de España utilizando as fontes dispoñibles, tanto de internet como de medios de comunicación social,	XHB3.7.1. Analiza como afecta a España o cambio climático.	CMCCT CAA CCL CD

	Xeografía. 2º de bacharelato.			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
l p		ou bibliografía.	XHB3.7.2. Extrae conclusións ambientais, utilizando gráficas e estatísticas que reflicten as chuvias torrenciais.	CMCCT CAA CCL CD
d g i l	B3.8. Factores xeográficos e características da vexetación. Rexións bioxeográficas.	B3.8. Identificar as rexións vexetais.	XHB3.8.1. Identifica nun mapa os dominios vexetais, e describe e comenta as súas características.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B3.9. Formacións vexetais españolas e a súa distribución. Análise de cliserias de vexetación.	B3.9. Diferenciar razoadamente as formacións vexetais españolas.	XHB3.9.1. Ante unha paisaxe natural, identifica as formacións vexetais que aparecen.	CMCCT CA CD
			XHB3.9.2. Analiza razoadamente unha cliserie.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 4. A hidrografía				
d e g i l	B4.1. Diversidade hídrica da península e das illas. Principais elementos hídricos nas paisaxes.	B4.1. Explicar a diversidade hídrica da Península Ibérica e nas illas, enumerando e localizando os tipos de elementos hídricos que se poden percibir coa observación da paisaxe.	XHB4.1.1. Explica a diversidade hídrica en España.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B4.2. Vertentes hidrográficas. Principais cuncas fluviais peninsulares.	B4.2. Describir as cuncas fluviais españolas situándose nun mapa e enumerando as súas características.	XHB4.2.1. Localiza nun mapa de España as principais cuncas fluviais.	CMCCT CAA CCL CD
d g i	B4.3. Réximes fluviais predominantes.	B4.3. Identificar os réximes fluviais máis característicos.	XHB4.3.1. Relaciona os réximes hídricos dos cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento hídrico en España.	CMCCT CAA

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
I				
d e g i l	B4.4. Zonas húmidas en España.	B4.4. Enumerar as zonas húmidas de España, localizalas nun mapa e comentar as súas características.	XHB4.4.1. Localiza nun mapa as zonas húmidas españolas, e debate un aspecto de actualidade sobre este tema.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B4.5. Aproveitamento dos recursos hídricos: incidencia da seca e das chuvias torrenciais.	B4.5. Analizar o aproveitamento dos recursos hídricos en España, incluíndo as características de seca e das chuvias torrenciais do clima.	XHB4.5.1. Sitúa nun mapa da rede hidrográfica española os grandes encoros, e deduce consecuencias, analizando tamén as características climáticas.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB4.5.2. Analiza e comenta gráficas e estatísticas que reflicten as épocas de seca en relación cun mapa de tipos de réximes fluviais dos ríos da Península Ibérica, e saca conclusións.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B4.6. Augas subterráneas.	B4.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á hidroloxía española, incidindo na explotación das augas subterráneas, utilizando distintas fontes de información.	XHB4.6.1. Selecciona imaxes e novas xornalísticas que reflictan a desigualdade hídrica española e a súa interacción coas actividades humanas.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 5. As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade				
d e g i l	B5.1. Paisaxes naturais españolas.	B5.1. Describir e reflectir nun mapa as paisaxes naturais españolas, identificando os seus trazos.	XHB5.1.1. Distingue as características dos grandes conxuntos paisaxísticos españois.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB5.1.2. Localiza no mapa as paisaxes naturais españolas e identifica as súas características.	CMCCT CAA CCL CSC

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e g i l p	B5.2. Influencia do medio na actividade humana. Políticas favorecedoras do patrimonio natural.	B5.2. Relacionar o medio natural coa actividade humana, describindo casos de modificación do medio polo ser humano.	XHB5.2.1. Identifica e formula os problemas suscitados pola interacción entre persoa e natureza sobre as paisaxes.	CMCCT CAA CCL CSC
			XHB5.2.2. Analiza algún elemento lexislador correctivo da acción humana sobre a natureza.	CMCCT CAA CCL CSC
d e g i l p	B5.3. Os medios humanizados e a súa interacción no espazo xeográfico. Paisaxes culturais.	B5.3. Describir os espazos humanizados e enumerar os seus elementos constitutivos.	XHB5.3.1. Diferencia as paisaxes humanizadas das naturais.	CMCCT CAA CCL
d e g i l p	B5.4. Aproveitamento sustentable do medio físico.	B5.4. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ás paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como en bibliografía ou medios de comunicación social.	XHB5.4.1. Selecciona e analiza novas xornalísticas ou imaxes nas que se perciba a influencia do medio na actividade humana.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB5.4.2. Selecciona e analiza a partir de distintas fontes de información novas xornalísticas ou imaxes nas que se perciba a influencia das persoas sobre o medio.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB5.4.3. Obtén e analiza a información que aparece nos medios de comunicación social referida á destrución do medio natural por parte do ser humano.	CMCCT CAA CCL CD
d e	B5.5. Variedades de paisaxes naturais.	B5.5. Comparar imaxes das variedades de paisaxes naturais.	XHB5.5.1. Diferencia as paisaxes naturais españolas a partir de fontes gráficas e comenta imaxes representativas de cada unha das variedades de	CMCCT CAA

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g i l			paisaxes naturais localizadas en medios de comunicación social, internet ou outras fontes bibliográficas.	CCL CD
Bloque 6. A poboación española				
d g i l	B6.1. Fontes para o estudo da poboación. Procedementos de análise en demografía.	B6.1. Identificar as fontes para o estudo da poboación establecendo os procedementos que permiten estudar casos concretos.	XHB6.1.1. Utiliza as ferramentas de estudo da poboación.	CMCCT CAA CD
d e g i l	B6.2. Evolución histórica.	B6.2. Comentar gráficos e taxas que amosen a evolución da poboación española.	XHB6.2.1. Comenta a pirámide actual de poboación española e compáraa con algunha dun período anterior ou de previsións futuras.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB6.2.2. Distingue as pirámides de poboación na súa evolución histórica.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B6.3. Movementos naturais de poboación.	B6.3. Caracterizar a poboación española identificando os movementos naturais.	XHB6.3.1. Aplica a teoría da transición demográfica ao caso español.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB6.3.2. Elixe datos e taxas demográficas que amosen a configuración da poboación dun territorio.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B6.4. Distribución territorial da poboación.	B6.4. Diferenciar a densidade de poboación no espazo peninsular e insular, explicando a distribución de poboación.	XHB6.4.1. Comenta o mapa da densidade de poboación actual en España.	CMCCT CAA CCL CD

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e g i l	B6.5. Migracións.	B6.5. Explicar a distribución da poboación española identificando as migracións.	XHB6.5.1. Explica os procesos migratorios antigos que afectan a España.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB6.5.2. Identifica e analiza as migracións recentes.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB6.5.3. Explica as relacións entre comunidades autónomas en relación coas migracións interiores.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B6.6. Mapa da distribución da poboación española.	B6.6. Analizar a poboación das comunidades autónomas, definindo a súa evolución e a problemática de cada unha.	XHB6.6.1. Compara e comenta a poboación das rexións que medran e as que diminúen a súa poboación.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B6.7. Mapa de densidade da poboación española.	B6.7. Comentar un mapa da densidade de poboación de España, analizando a súa estrutura.	XHB6.7.1. Analiza un gráfico da estrutura da poboación española.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B6.8. Conformación do espazo demográfico actual. Definición e cálculo de taxas demográficas.	B6.8. Analizar as pirámides de poboación das comunidades autónomas, incidindo no caso galego, e comentar as súas peculiaridades.	XHB6.8.1. Resolve problemas de demografía referidos ao cálculo de taxas de poboación.	CMCCT CAA CCL CD
d e	B6.9. Diversidades rexionais. Estrutura, problemática actual e posibilidades de futuro da poboación española. Realidade demográfica galega.	B6.9. Explicar as perspectivas de poboación española e a ordenación do territorio.	XHB6.9.1. Selecciona e analiza información sobre as perspectivas de futuro da poboación española.	CMCCT CAA

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g i l				CCL CD
d e g i l	B6.10. Ordenación do territorio. Peso do factor demográfico.	B6.10. Obter e seleccionar información de contido demográfico utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como noutras fontes de información.	XHB6.10.1. Presenta e defende información sobre a poboación española salientando os aspectos máis significativos, utilizando gráficos, mapas, pirâmides, etc., nunha presentación informática ou en exposicións en directo.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 7. O espazo rural e as actividades do sector primario				
d e g i l	B7.1. Peso das actividades agropecuarias, forestais e pesqueiras no PIB. Poboación activa.	B7.1. Describir as actividades agropecuarias e forestais, especificando as características de España.	XHB7.1.1. Identifica as actividades agropecuarias e forestais.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB7.1.2. Diferencia as actividades do sector primario doutras actividades económicas.	CCL CAA CD
d e g i l p	B7.2. Aspectos naturais e históricos que explican os factores agrarios.	B7.2. Distinguir as paisaxes agrarias, a súa morfoloxía e as súas estruturas, establecendo as súas características.	XHB7.2.1. Sitúa nun mapa a distribución dos principais aproveitamentos agrarios.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB7.2.2. Achega os aspectos do pasado histórico que incidiron nas estruturas agrarias españolas.	CAA CCL
d e g i l p	B7.3. Elementos que conforman as paisaxes agrarias. Paisaxes agrarias de España: características.	B7.3. Analizar adecuadamente unha paisaxe rural distinguindo o terreo de labor, os bosques e o hábitat.	XHB7.3.1. Selecciona e comenta imaxes que poñen de manifesto as características das paisaxes agrarias españolas.	CMCCT CAA CCL CD

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e g i l p	B7.4. Estrutura da propiedade e tenencia da terra.	B7.4. Comprender a evolución da estrutura da propiedade e identificar formas de tenza da terra.	XHB7.4.1. Define historicamente, de forma sumaria, a estrutura da propiedade	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l p	B7.5. Explotacións agrarias: características. Tipos de agricultura: coexistencia de formas avanzadas e tradicionais. Transformacións agroindustriais.	B7.5. Explicar o sector agrario español tendo en conta as súas estruturas da propiedade e as características das súas explotacións.	XHB7.5.1. Identifica e analiza as características das paisaxes agrarias españolas.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B7.6. Políticas de reforma agraria. Situación española do sector no contexto da Unión Europea. Política Agraria Común (PAC).	B7.6. Explicar a situación do sector agrario español tendo en conta o contexto europeo e as políticas da Unión Europea.	XHB7.6.1. Achega datos ou gráficos de aspectos estruturais que expliquen o dinamismo dun sector agrario dado.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB7.6.2. Comenta textos xornalísticos que expliquen a situación española na PAC.	CCL CAA
d e g i l p	B7.7. Actividade pesqueira: localización, características e problemas. Análise dos aspectos físicos e humanos que conforman o espazo pesqueiro. Caso galego.	B7.7. Analizar a actividade pesqueira, e definir as súas características e os seus problemas.	XHB7.7.1. Establece as características e as peculiaridades da actividade pesqueira española e galega.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB7.7.2. Selecciona e analiza novas xornalísticas que tratan problemas pesqueiros e identifica a súa orixe.	CCL CAA
d e g i l	B7.8. Silvicultura: características e desenvolvemento no territorio.	B7.8. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo rural, silvícola ou pesqueiro, utilizando fontes dispoñibles en internet, en medios de comunicación social ou na bibliografía.	XHB7.8.1. Confecciona gráficos comparativos do peso específico no PIB das actividades agrarias, gandeiras, forestal e pesqueiras españolas fronte a outros sectores de actividade.	CMCCT CAA CCL CD

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
p				
Bloque 8. As fontes de enerxía e o espazo industrial				
d e g i l	B8.1. Proceso de industrialización español: características e breve evolución histórica.	B8.1. Analizar o proceso de industrialización español establecendo as características históricas que conducen á situación actual.	XHB8.1.1. Selecciona e analiza información sobre os problemas e a configuración da industria española.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB8.1.2. Establece un eixe cronolóxico para explicar a evolución histórica da industrialización española.	CCL CAA CMCCT
			XHB8.1.3. Selecciona e analiza imaxes que amosen a evolución histórica da industria española nunha zona concreta ou dun sector concreto.	CCL CAA CD
d e g i l	B8.2. Localización das fontes de enerxía en España.	B8.2. Relacionar as fontes de enerxía e a industrialización, e describir as súas consecuencias en España.	XHB8.2.1. Relaciona o nacemento da industria e a localización de fontes de enerxía e materias primas en España.	CMCCT CAA CCL CDC
d e g i l	B8.3. Achega ao PIB da industria. Poboación activa. Deficiencias e problemas do sector industrial español.	B8.3. Coñecer os factores da industria en España.	XHB8.3.1. Enumera as características da industria española e as súas diferenzas rexionais.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB8.3.2. Confecciona e analiza gráficas e estatísticas que expliquen as producións industriais.	CMCCT CAA CCL CD
d e g	B8.4. Elementos das paisaxes industriais. Tipoloxías de paisaxes.	B8.4. Identificar e comentar os elementos dunha paisaxe industrial dada.	XHB8.4.1. Analiza e comenta paisaxes de espazos industriais.	CMCCT CAA CCL

	Xeografía. 2º de bacharelato.			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i l				CD
d e g i l	B8.5. Rexións industriais e eixes de desenvolvemento de España: importancia das políticas territoriais no sector. Planificación e perspectivas de futuro.	B8.5. Describir os eixes de desenvolvemento industrial sobre un mapa, establecendo as súas características e as posibilidades de rexeneración e cambio no futuro.	XHB8.5.1. Sinala nun mapa os asentamentos industriais máis importantes, distinguindo entre os sectores industriais.	CCL CD CAA
			XHB8.5.2. Localiza e describe as rexións industriais e os eixes de desenvolvemento industrial.	CCL CAA CD
			XHB8.5.3. Describe os eixes ou focos de desenvolvemento industrial, e as súas perspectivas de futuro.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B8.6. Influencia da política da Unión Europea na configuración da industria española.	B8.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo industrial español e a influencia nel da política industrial europea, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet, como na bibliografía ou nos medios de comunicación.	XHB8.6.1. Describe as políticas industriais da Unión Europea e a súa influencia nas españolas.	CMCCT CAA CCL CD
	Bloque 9. O sector servizos			
d e g i l	B9.1. Terciarización da economía española: influencia no PIB. Poboación activa do sector terciario.	B9.1. Analizar a terciarización da economía española establecendo as súas características e a influencia no produto interior bruto, e utilizar correctamente a terminoloxía do sector servizos.	XHB9.1.1. Identifica as características do sector terciario español.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B9.2. Análise dos servizos e distribución no territorio.	B9.2. Identificar a presenza dos servizos no territorio, analizando a súa distribución e o impacto no medio.	XHB9.2.1. Explica a incidencia do sector servizos para a economía española.	CMCCT CAA CCL CD

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e g i l	B9.3. Sistema de transportes en España. Impacto das infraestruturas sobre o espazo xeográfico.	B9.3. Explicar o sistema de transporte en España, distinguindo a articulación territorial que configura.	XHB9.3.1. Describe como se articulan os medios de comunicación máis importantes de España (ferrocarrís, estradas, portos e aeroportos).	CMCCT CAA CCL CD
			XHB9.3.2. Comenta sobre un mapa de transportes a transcendencia que este sector ten para articular o territorio.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB9.3.3. Describe e analiza mapas que reflictan un sistema de transporte determinado.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB9.3.4. Distingue nun mapa os principais nodos de transporte español.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB9.3.5. Resolve problemas formulados nun caso específico sobre vías de comunicación no noso país.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B9.4. Desenvolvemento comercial: características, evolución e distribución territorial.	B9.4. Describir o desenvolvemento comercial e a ocupación territorial que impón, e establecer as súas características.	XHB9.4.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento comercial.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i	B9.5. Espazos turísticos: características e evolución.	B9.5. Localizar nun mapa os espazos turísticos, e enumerar as súas características e as desigualdades rexionais.	XHB9.5.1. Analiza e explica as desigualdades do espazo turístico.	CMCCT CAA CCL CD

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e g i l	B9.6. Outras actividades terciarias: sanidade, educación, finanzas e servizos públicos.	B9.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á actividade ou ao espazo do sector servizos español, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como na bibliografía ou nos medios de comunicación social.	XHB9.6.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento turístico español.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB9.6.2. Explica como articulan o territorio outras actividades terciarias.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB9.6.3. Analiza e comenta imaxes do espazo destinado a transportes, comercial ou outras actividades do sector servizos.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B9.7. Transformacións das paisaxes nas zonas turísticas. Caso do litoral.	B9.7. Identificar e comentar unha paisaxe transformado por unha importante zona turística.	XHB9.7.1. Confecciona esquemas para analizar a influencia do sector servizos na economía e no emprego en España, a partir de imaxes que reflictan o seu impacto nunha paisaxe.	CMCCT CAA CCL CD CSC
Bloque 10. O espazo urbano				
d e g i l	B10.1. Concepto de cidade e a súa influencia na ordenación do territorio.	B10.1. Definir a cidade.	XHB10.1.1. Define cidade e achega exemplos.	CMCCT CAA CCL
d e g i l	B10.2. Morfoloxía e estrutura urbanas. Análise socioeconómica e política a través do plano da cidade.	B10.2. Analizar e comentar planos de cidades, distinguindo os seus trazados.	XHB10.2.1. Analiza e explica o plano da cidade máis próxima ao lugar de residencia, ou a máis significativa.	CMCCT CAA CCL CD

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
p				
d e g i l	B10.3. Planificacións urbanas. Instrumentos do planeamento.	B10.3. Identificar o proceso de urbanización e enumerar as súas características e as planificacións internas.	XHB10.3.1. Identifica as características do proceso de urbanización.	CMCCT CAA CCL
			XHB10.3.2. Explica e propón exemplos de procesos de planificación urbana.	CAA CCL
d e g i l p	B10.4. Características do proceso de urbanización. Áreas de influencia.	B10.4. Analizar a morfoloxía e a estrutura urbana, e extraer conclusións da pegada da historia e a súa expansión espacial, reflexo da evolución económica e política da cidade.	XHB10.4.1. Sinala a influencia histórica no plano das cidades españolas.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB10.4.2. Explica a morfoloxía urbana e sinala as partes dunha cidade sobre un plano desta.	CCL CD CAA
d e g i l p	B10.5. Características da paisaxe urbana.	B10.5. Analizar e comentar unha paisaxe urbana.	XHB10.5.1. Comenta unha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB10.5.2. Selecciona e analiza imaxes que expliquen a morfoloxía e a estrutura urbana dunha cidade coñecida.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l p	B10.6. Usos do solo urbano. Ordenación territorial.	B10.6. Identificar o papel das cidades na ordenación do territorio.	XHB10.6.1. Explica a xerarquización urbana española.	CMCCT CAA CCL

	Xeografía. 2º de bacharelato.			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e g i l	B10.7. Rede urbana española. Características do proceso de crecemento espacial das cidades.	B10.7. Describir a rede urbana española e comentar as súas características.	XHB10.7.1. Describe e analiza as influencias mutuas entre a cidade e o espazo que a rodea.	CMCCT CAA CCL
d e g i l p	B10.8. Sistema urbano español: desenvolvemento sustentable. Cidades saudables. O territorio como recurso.	B10.8. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ao espazo urbano español, utilizando fontes en que estea dispoñible, en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía.	XHB10.8.1. Selecciona e analiza novas xornalísticas que amosen a configuración e a problemática do sistema urbano español.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 11. Formas de organización territorial				
d e g i l p	B11.1. Organización territorial de España.	B11.1. Describir a organización territorial española analizando a estrutura local, autonómica e estatal.	XHB11.1.1. Localiza e explica nun mapa a organización territorial española, partindo do concello e da comunidade autónoma.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B11.2. Influencia da historia e da Constitución de 1978 no deseño territorial.	B11.2. Explicar a organización territorial española e establecer a influencia da historia e da Constitución de 1978, mediante o emprego de mapas históricos e actuais.	XHB11.2.1. Explica a ordenación territorial española a partir de mapas históricos e actuais.	CMCCT CAA CCL CD
XHB11.2.2. Caracteriza a ordenación territorial establecida pola Constitución de 1978.			CMCCT CAA CCL CD	
XHB11.2.3. Compara a ordenación territorial actual e a da primeira metade do século XX.			CMCCT CAA CCL	

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				CD
			XHB11.2.4. Distingue e enumera as comunidades autónomas, as principais cidades en cada unha e os países fronteirizos de España.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B11.3. Desequilibrios e contrastes territoriais.	B11.3. Analizar a organización territorial española e describir os desequilibrios e os contrastes territoriais, así como os mecanismos correctores.	XHB11.3.1. Enumera os desequilibrios e os contrastes territoriais existentes na organización territorial española.	CMCCT CAA CCL
d e g i l p	B11.4. Comunidades Autónomas: políticas rexionais e de cohesión territorial. Comunidade Autónoma de Galicia.	B11.4. Describir a transcendencia das comunidades autónomas e definir as políticas territoriais que levan a cabo, incidindo no caso de Galicia.	XHB11.4.1. Explica as políticas territoriais que practican as comunidades autónomas en aspectos concretos.	CMCCT CAA CCL
d e g i l p	B11.5. A cuestión territorial na España das autonomía.	B11.5. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ás formas de organización territorial en España, utilizando fontes en que estea dispoñible en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía.	XHB11.5.1. Distingue os símbolos que diferencian as comunidades autónomas.	CMCCT CAA CCL
			XHB11.5.2. Explica razoadamente os trazos esenciais das políticas territoriais autonómicas.	CAA CCL
	Bloque 12. España en Europa e no mundo			
d e g i l	B12.1. España: situación xeográfica; posición e localización dos territorios que conforman a unidade e a diversidade política.	B12.1. Definir a situación xeográfica de España no mundo, establecendo a súa posición e localizando os seus territorios.	XHB12.1.1. Localiza nun mapa as grandes áreas xoeconómicas e sinala aquelas coas que España ten máis relación.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB12.1.2. Identifica aspectos salientables de Es-	CMCCT

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			paña na situación mundial.	CAA CCL CD
			XHB12.1.3. Localiza a situación española entre as grandes áreas xeoeconómicas mundiais.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B12.2. España en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa.	B12.2. Describir o continente europeo distinguindo a súa estrutura territorial e os contrastes físicos e socioeconómicos.	XHB12.2.1. Explica a posición de España na Unión Europea.	CMCCT CAA CCL
d e g i l	B12.3. Posición de España na Unión Europea. Políticas rexionais e de cohesión territorial.	B12.3. Identificar a posición de España na Unión Europea, enumerando as políticas rexionais e de cohesión territorial que se practican en Europa e que afectan a España.	XHB12.3.1. Extrae conclusións das medidas que a Unión Europea toma en política rexional e de cohesión territorial que afectan a España.	CMCCT CAA CCL
			XHB12.3.2. Comenta novas xornalísticas ou textos que explican a posición de España na Unión Europea.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B12.4. España no mundo. Globalización e diversidade no mundo.	B12.4. Definir a globalización e explicar os seus trazos.	XHB12.4.1. Identifica e describe os trazos da globalización con exemplificacións que afecten a España.	CMCCT CAA CCL CSC
d e g i l	B12.5. Procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Grandes eixes mundiais.	B12.5. Comparar os procesos de mundialización e diversidade territorial, resumindo as características de ambos.	XHB12.5.1. Confecciona cadros comparativos da aplicación a casos concretos dos conceptos de mundialización e de diversidade territorial.	CMCCT CAA CCL CD

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
I				
d e g i l	B12.6. Posición de España nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais.	B12.6. Explicar as repercusións da inclusión de España en espazos socioeconómicos e xeopolíticos continentais e mundiais, utilizando fontes diversas baseadas en material bibliográfico ou en liña e en opinións expostas nos medios de comunicación social.	XHB12.6.1. Explica as repercusións da inclusión de España en espazos xeopolíticos e socioeconómicos continentais e mundiais a partir de distintas fontes de información xeográfica.	CMCCT CAA CCL CD

METODOLOXÍA

A **metodoloxía** empregada enmarcase dentro da concepción construtivista do ensino, fomentando a participación activa do alumnado na adquisición de coñecementos, para propiciar a aprendizaxe por *descubrimiento* sen esquecer a aprendizaxe *directiva*.

O desenvolvemento da programación intentará lograr a motivación axeitada do grupo para o que é imprescindible asumir a diversidade de intereses, necesidades e capacidades, a partir de coñecementos previamente adquiridos e da realidade cotiá do alumnado; así a motivación, a aprendizaxe útil e significativa son metodoloxías básicas no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Resulta convinte utilizar, por tanto, estratexias didácticas variadas que combinen a exposición teórica de conceptos coa realización de actividades prácticas.

Efectuarase un desenvolvemento claro, ordenado e preciso dos contidos, mediante cadros explicativos e esquemáticos, e nos que a representación gráfica é un importante recurso de aprendizaxe para facilitar a comprensión do alumnado. Non podemos esquecer, neste sentido, as enormes posibilidades que a día de hoxe nos brindan as TIC e as Presentacións en PowerP.

A exposición teórica dos conceptos pode ser previa ou posterior a execución das actividades prácticas ou poden combinarse ámbalas dúas. Decidirase en cada momento a estratexia máis axeitada.

TEMPORALIZACIÓN

1ª Avaliación:

Bloque de Natureza e Medioambiente: Xeomorfoloxía, Climatoloxía e Paisaxes Naturais.

2ª Avaliación:

Bloque de Espazo Xeográfico e Actividades económicas e Demografía: Sectores de produtividade, Poboación e Hábitat.

3ª Avaliación:

Bloque de Espazo Urbano, Organización territorial (España e a UE).

A AVALIACIÓN

Con carácter xeral, propónse que a ponderación de probas escritas e traballos sexa do
80% / 20%

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación directa:	<p>Sen ser un instrumento en si mesmo para avaliar o grao de consecución de cada estándar de aprendizaxe ou de adquisición de competencias, a observación directa aporta información imprescindible para o profesor/a sobre o comportamento dos alumnos e alumnas: a súa disposición para o traballo, o interese polas explicacións e o grao de participación do alumno e alumna no desenvolvemento das clases, preguntando ao profesor/a ou mesmo respondendo cando pregunta un compañeiro/a, así como o grao de puntualidade á hora de entregar tarefas.</p>	
Probas escritas	<p>Probas de composición (no seu caso)</p>	<p>Co obxectivo de que o alumno/a organice, exprese e desenvolva os coñecementos que teñen sobre un tema concreto, permitindo avaliar a capacidade comprensiva e expresiva, o grao de coñecemento e mesmo a lóxica das súas reflexións. Poden ser preguntas de carácter teórico, a desenvolver, ou de carácter práctico, para elaborar un comentario sobre un tema concreto a partir de fontes históricas.</p>
	<p>Probas obxectivas</p>	<p>Máis breves na súa resposta. Poden ser: preguntas de resposta curta, onde se pide unha información concreta; comentarios de textos, gráficos ou mapas, de xeito guiado e a través de preguntas curtas; preguntas de verdadeiro/falso, útiles para medir a capacidade de distinción entre feitos; preguntas de opción múltiple, para valorar a comprensión e a discriminación de contidos, preguntas de emparellamento, con dúas ringleiras de conceptos, personaxes, datas ou acontecementos históricos para que os alumnos relacionen; ... etc.</p>
Probas orais	<p>Poden ser preguntas curtas sobre os contidos explicados na clase ou pequenas exposicións individuais sobre traballos de investigación levados a cabo polo alumno ou alumna; neste último caso permitirase ao alumno/a dispoñer dun breve guión.</p>	
Traballos	<p>Ben de xeito individual ou grupal, o alumnado poderá desenvolver pequenos traballos sobre lecturas propostas, temas sinxelos de investigación</p>	

	(biografías, pequenas monografías) ou temas do seu interese. Sempre, en calquera caso, deberán estar relacionados cos contidos da materia.
Fichas de actividades	Comentarios guiados de documentos históricos (textos, mapas, gráficos, fotografías ...), pequenas audicións ou vídeos e pinturas, esculturas ou edificios representativos dos estilos artísticos incluídos nos contidos.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Co fin de determinar os coñecementos previos do alumnado e porén o grao de adquisición dos estándares avaliados do curso anterior, nas primeiras sesións levarase a cabo unha **proba inicial** que aportará información fundamental ao profesor ou profesora da materia sobre os coñecementos previos do alumnado, a súa comprensión lectora e a súa expresión escrita. Esta proba valorarase mediante rúbrica e cualificarase cunha nota numérica ou porcentual que non terá peso algún na nota da avaliación máis que o mero carácter informativo para o/a docente, que será quen de deducir o aproveitamento académico dos cursos anteriores e de ser necesario, de adoptar medidas específicas de repaso e/ou reforzo.

Ao longo do curso recollerase información sobre os progresos do alumno ou alumna. Na primeira sesión do curso, os procedementos e instrumentos de avaliación así como os criterios de cualificación daranse a coñecer ao alumnado na propia aula, facilitando a consulta dos mesmos e o seu coñecemento a pais, nais, titores ou representantes legais mediante a publicación desta programación na web do centro.

O curso distribúese en tres avaliacións. En cada unha delas a nota de avaliación determinarase en base a

Ponderación	Instrumentos de avaliación	Breve descrición
80%	▪ Probas escritas	O 70% da cualificación será a media aritmética ou ponderada das notas obtidas nas probas escritas realizadas. O factor de ponderación dependerá do número e do peso no currículo de cada proba, e comunicarse ao alumnado en cada avaliación. En cada avaliación faranse canda menos dúas

		probas escritas. Se o seu peso é idéntico farase media aritmética e o alumno/a terá que acadar en cada proba cando menos unha nota mínima de 3 (tres) puntos sobre 10 (dez); se o peso das probas fose diferente farase unha media ponderada entre ambas, sen necesidade de obter nota mínima.
20%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rexistro de observación do caderno ▪ Fichas de actividades ▪ Traballos ▪ Probas orais ▪ Observación na aula ▪ Preguntas de control 	<p>Cada un destes instrumentos aportará información sobre o grao de adquisición de competencias. Todos eles serán valorados mediante rúbricas específicas.</p> <p>A observación directa e as preguntas de control na aula aportan información sobre o grao de disposición do alumnado, os seus coñecementos e o seu interese na materia ou no desenvolvemento das actividades propostas..</p>

As datas das diferentes probas escritas fixaranse coa debida antelación ou ben ao principio de curso ou ben ao comezo de cada unha das avaliacións. Sendo probas fixadas con antelación suficiente e estando debidamente informados os alumnos das datas nas que se realizarán, de faltar un alumno a unha proba escrita terá ocasión de facela sempre e cando xustifique a falta de asistencia cun xustificante de carácter oficial (xustificante de asistencia a consultas, revisións médicas ou por ingreso hospitalario, asinado polo facultativo ou no seu defecto co selo do centro de saúde/clínica/hospital, de asistencia a exames oficiais fóra do centro, ... etc). Neste caso e xustificada debidamente a falta de asistencia, o alumno ou alumna examínase no momento en que se reincorpore ás clases, mediante unha proba escrita ou oral.

Despois da primeira e a segunda avaliación, realizarase unha proba de recuperación para o alumnado que non acade un 5 (cinco) na cualificación final de ambas avaliacións.

A finais de maio, de ter dúas ou tres avaliacións suspensas o alumno ou alumna deberá superar unha proba escrita final e global baseada no grao mínimo esixible de cada estándar de aprendizaxe. Neste caso, considerarase a materia superada cunha cualificación de 5 (cinco) puntos, ou superior.

Convocatoria Extraordinaria

No mes de Xuño, terá lugar unha proba extraordinaria para aqueles alumnos e alumnas que non tiveran superada a materia en Maio. A proba basearase nos mínimos esixibles de cada estándar de aprendizaxe, incluídos neste Proxecto Didáctico.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS QUE SE DEBEN CONSEGUIR PARA SUPERAR A MATERIA

Entendemos que para a cualificación positiva desta materia ou alumnado ha de ser capaz de superar os estándares de aprendizaxe que respondan a estes tres grandes obxectivos:

- ✓ Ser capaz de indagar e investigar os feitos xeográficos.
- ✓ Realizar un tratamento correcto da información xeográfica.
- ✓ Dar unha explicación multicausal dos fenómenos xeográficos.

Por iso, estableceremos como mínimos:

- ❖ Entender, analizar e definir con precisión os conceptos xeográficos.
- ❖ Elaborar, analizar, interpretar e comentar gráficos, textos, mapas e imaxes relativas á temática obxecto de estudo.
- ❖ Debuxar e sinalar sobre un mapa físico de España, as distintas unidades do relevo, e logo clasificalas segundo as súas características xeomorfolóxicas.
- ❖ Describir sobre un mapa de España, de xeito esquemático, a evolución xeolóxica, poñéndoa en relación cos diferentes tipos de solo.
- ❖ Localizar nun mapa de España os diferentes tipos de clima, analizando os factores e elementos que os determinan, e ao mesmo tempo identificar os catro tipos máis representativos, visualizando climogramas xa elaborados.
- ❖ Comentar un mapa do tempo en España.
- ❖ Identificar nun mapa de España os diferentes dominios vexetais, coas súas características máis importantes, así como os distintos espazos naturais protexidos.
- ❖ Localizar nun mapa de España, os ríos e as principais cuncas fluviais, relacionándoos cos diferentes réximes hídricos e a desigualdade hídrica existente no noso País.

- ❖ Localizar sobre un mapa de España, as distintas paisaxes naturais e ser capaz de facer unha pequena análise da interrelación home-natureza (paisaxes humanizadas).
- ❖ Comentar a pirámide de poboación de España, poñéndoa en relación cunha do pasado e, mesmo cunha posible previsión de futuro, e facer referencia aos distintos réximes demográficos, analizando as taxas máis significativas.
- ❖ Explicar os procesos migratorios en España, e ver a posible relación coa densidade actual de poboación, en cada unha das distintas CC.AA.
- ❖ Situar nun mapa de España as zonas de aproveitamento agrario máis importantes, facendo referencia, en cada caso, ás actividades máis destacadas, en cada caso.
- ❖ Establecer as características da actividade pesqueira na actualidade, en España e Galicia.
- ❖ Analizar o que supuxo e supón na actualidade a PAC. e a PPC. para España en xeral, e para Galicia en particular.
- ❖ Establecer un eixe cronolóxico do proceso de industrialización en España e ver a relación coa localización das fontes enerxéticas, no territorio español.
- ❖ Localizar e describir as principais áreas industriais actuais e sinalar cales foron consideradas como ZUR.
- ❖ Localizar nun mapa de España as principais áreas turísticas e analizar a importancia do tipo de turismo que representa cada unha delas.
- ❖ Situar, nun mapa de España, as rutas de transporte máis importantes (tendo en conta os diferentes tipos) e interrelacionar estas rutas cos fluxos turísticos e comerciais predominantes.
- ❖ Analizar, valéndose de gráficas representativas, a evolución dos distintos sectores produtivos, desde mediados do século XX ata a actualidade.
- ❖ Identificar e explicar os procesos de urbanización, en España.
- ❖ Analizar e explicar un modelo representativo da evolución de cada un dos planos das cidades, que se consideran básicos para a comprensión da morfoloxía urbana.
- ❖ Establecer a xerarquización urbana de España, sobre un mapa Estatal.
- ❖ Comprender a organización político-administrativa de España, a súa orixe e evolución ata chegar ao Estado actual, derivado da Constitución de 1978, dominando o reparto por CC.AA., as Capitais administrativas destas, e as Cidades máis importantes dentro de cada unha delas.
- ❖ Entender e valorar os desequilibrios rexionais de España e as liñas esenciais da política rexional para corraxilos.
- ❖ Coñecer o proceso de Construción europea, o lugar que ocupa España e Europa no sistema político, cultural e económico mundial.
- ❖ Extraer conclusións sobre o papel central ou periférico de España en Europa e no Mundo.
- ❖ Analizar os procesos de mundialización económica que supoñen a globalización da produción, do consumo e do comercio, así como a reacción social que supoñen os movementos anti-globalización.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O libro de texto elixido é “XEOGRAFÍA” da Editorial Anaya. VV.AA.

Os materiais de traballo que se empregan para desenvolver os contidos e que posúe o departamento, e moi variado:

- > Proxección de diapositivas.
- > Mapas.
- > Vídeos.
- > Anuarios, fotocopias de gráficas de diferente índole como climogramas, hidrogramas, pirámides, ... etc..
- > Filmes e curtos relacionados coa materia.
- > Presentacións en PowerP. de temática xeográfica moi variada.
- > Atlas (Universais, de España e de Galicia) sobre temáticas moi variadas.
- > ...etc.

ASIGNATURA	HISTORIA DA ARTE
CURSO E GRUPO	2º BACHILLERATO

INTRODUCCIÓN

Historia da Arte ten por obxecto de estudo a obra de arte como produto resultante da intelixencia, da creatividade e da actuación humanas, que se manifestaron de xeito diferente nas diversas sociedades e culturas ao longo do tempo.

O estudo da historia da arte débelle achegar ao alumnado os coñecementos necesarios para a análise, a interpretación e a valoración da arte a través da linguaxe das formas e do pensamento visual. A obra de arte, xunto con outras fontes de coñecemento histórico, constitúe un valioso testemuño para coñecer a mentalidade, a cultura e a evolución das sociedades: é, daquela, imprescindible estudala no seu contexto histórico, social e cultural, incidindo á vez no feito de que as obras artísticas poden perdurar a través do tempo con usos e funcións sociais diferentes en cada época. Tampouco hai que esquecer que na sociedade actual, altamente tecnificada, o ámbito das artes plásticas tradicionais se viu agrandado coa achega doutras manifestacións procedentes das novas tecnoloxías e dos medios de comunicación visual, de maneira que o universo da imaxe forma parte da nosa realidade cotiá.

Propónse unha selección que permita unha aproximación xeral ao desenvolvemento da arte occidental, desde o nacemento do clasicismo na antigüidade grecorromana ata a arte contemporánea. Neste sentido, resulta preferible centrar o estudo nas características esenciais dos períodos, estilos ou correntes máis significativos da arte occidental, así como na súa evolución, a través da análise dun número limitado de obras representativas ou nomeadamente salientables, aínda que iso obrigue a renunciar de antemán a certos/as artistas e obras de interese indiscutible.

A complexidade dos factores que interveñen na creación da obra de arte e a especificidade de cada linguaxe artística esixen utilizar un método de análise que integre distintas perspectivas, entre as que poden sinalarse, polo menos, a formal, a sociolóxica e a iconolóxica. A perspectiva formal oríentase a ver, recoñecer e valorar a materialidade das formas artísticas como unha linguaxe específica, a descubrir os seus procesos e as técnicas de creación, a función ou as funcións para as que foron creadas, así como as concepcións estéticas que manifestan. A perspectiva sociolóxica aborda a relación entre os/as artistas e a os/as clientes, as persoas destinatarias da obra, as formas de patrocinio, a consideración social do/da artista, ou a demanda e o consumo de arte. Canto á perspectiva iconolóxica, parte da análise iconográfica para indagar no significado último que o/a autor/a da obra pretende transmitir.

O coñecemento da historia da arte consolida nos alumnos e nas alumnas certos valores e actitudes fundamentais, como a tolerancia e o respecto polos valores e as crenzas das demais persoas, a capacidade de satisfacción ante a contemplación da arte, o respecto pola creación artística, aínda que non exento de espírito crítico, e de forma moi especial a valoración do patrimonio artístico e a responsabilidade da súa conservación, xa que se trata dun legado que se lles debe transmitir ás xeracións futuras. A materia é, xa que logo, rica en achegas ao coñecemento competencial. A competencia clave de conciencia e expresións culturais recibe un tratamento moi específico, relacionado cos contidos que son propios da historia da arte. A competencia social e cidadá desenvólvese tamén en tanto que a arte reflicte as ideoloxías, as estruturas económicas e políticas e as formas de organización social que conforman as sociedades. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de

maneira constante na súa vertente máis instrumental, e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e procedementais da materia.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe e tendo en conta a atención á diversidade. Historia da Arte permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, e integrando de xeito especial as TIC.

TÁBOA ONDE APARECEN REFLECTIDAS AS CORRESPONDENCIAS ENTRE

- **OBXECTIVOS DA ETAPA**
- **CONTIDOS**
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**
- **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**
- **COMPETENCIAS CLAVE**

2º DE BACHARELATO

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Raíces da arte europea: o legado da arte clásica				
n	B1.1. Grecia, creadora da linguaxe clásica: principais manifestacións.	B1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB1.1.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CCEC CCL CAA
			HAB1.1.2. Define o concepto de orde arquitectónica e compara as tres ordes da arquitectura grega.	CCEC CCL CAA
			HAB1.1.3. Describe os tipos de templo grego, con referencia ás características arquitectónicas e a decoración escultórica.	CCEC CCL
			HAB1.1.4. Describe as características do teatro grego e a función das súas partes.	CCEC CCL
			HAB1.1.5. Explica a evolución da figura humana masculina na escultura grega a partir do "Kouros" de Anavysos, o "Doríforo" (Policleto) e o "Apoxíomenos" (Lisipo).	CCEC CCL CAA
n	B1.2. A función social da arte en Grecia.	B1.2. Explicar a función social da arte grega, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e	HAB1.2.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte grega, e a consideración social da	CCEC CCL

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		artistas, e as relacións entre eles.	arte e dos/das artistas.	CSC
d e m n	B1.3. Comentario de obras de arte: Grecia.	B1.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte grega, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB1.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas gregas: Partenón, Tribuna das Cariátides do Erecteion, templo de Atenea Niké e teatro de Epidauro.	CCEC CCL CAA
			HAB1.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas gregas: Kouros de Anavysos, Auriga de Delfos, Discóbolo (Mirón), Doríforo (Policleto), unha metopa do Partenón (Fidias), Hermes con Dioniso neno (Praxíteles), Apoxiomenos (Lisipo), Vitoria de Samotracia, Venus de Milo e friso do altar de Zeus en Pérgamo (detalle de Atenea e Gea).	CCEC CCL CAA
n p	B1.4. Visión do clasicismo en Roma. A arte na Hispania romana e na Gallaecia.	B1.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB1.4.1. Explica as características esenciais da arte romana e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CCEC CCL CAA
			HAB1.4.2. Especifica as achegas da arquitectura romana en relación coa grega.	CCEC CCL CAA
			HAB1.4.3. Describe as características e funcións dos principais tipos de edificio romanos.	CCEC CCL
			HAB1.4.4. Compara o templo e o teatro romanos cos respectivos gregos.	CCEC CCL CAA
			HAB1.4.5. Explica os trazos principais da cidade romana a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CCEC CCL CAA
			HAB1.4.6. Especifica as innovacións da escultura romana en relación coa grega.	CCEC CCL CAA

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			HAB1.4.7. Describe as características xerais dos mosaicos e a pintura en Roma a partir dunha fonte histórica ou historiográfica.	CCEC CCL CAA
n	B1.5. Función social da arte en Roma.	B1.5. Explicar a función social da arte romana, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles.	HAB1.5.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte romana, e a consideración social da arte e dos/das artistas.	CCEC CCL CSC
d e m n	B1.6. Comentario de obras de arte: Roma.	B1.6. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte romana, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB1.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: Maison Carrée de Nimes, Panteón de Roma, teatro de Mérida, Coliseo de Roma, basílica de Maxencio e Constantino en Roma, ponte de Alcántara, acueduto de Segovia, arco de Tito en Roma e columna de Traxano en Roma.	CCEC CCL CAA
			HAB1.6.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas romanas: Augusto de Prima Porta, estatua ecuestre de Marco Aurelio, relevo do Arco de Tito (detalle dos soldados co candelabro e outros obxectos do Templo de Xerusalén) e relevo da columna de Traxano.	CCEC CCL CAA
d e g m n	B1.7. Traballo de investigación sobre historia da arte.	B1.7. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.	HAB1.7.1. Realiza un traballo de investigación sobre Fidias.	CCEC CCL CAA CD CSIEE
			HAB1.7.2. Realiza un traballo de investigación sobre o debate acerca da autoría grega ou romana do grupo escultórico de "Laocoonte e os seus fillos".	CCEC CCL CAA CD CSIEE
h n p	B1.8. Conservación do patrimonio: arte grecorromana	B1.8. Respectar as creacións artísticas da Antigüidade grecorromana, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como	HAB1.8.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte antiga que se conservan en Galicia.	CCEC CCL CAA

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		patrimonio escaso e insubstituíble que cómpre conservar.		CSIEE
Bloque 2. Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval				
n	B2.1. Achega cristiá na arquitectura e na iconografía.	B2.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte paleocristiá, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB2.1.1. Explica as características esenciais da arte paleocristiá e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CCEC CCL CAA
			HAB2.1.2. Describe a orixe, a características e a función da basílica paleocristiá.	CCEC CCL CSC
			HAB2.1.3. Describe as características e función dos baptisterios, mausoleos e "martirios" paleocristiáns, e as súas partes.	CCEC CCL
			HAB2.1.4. Explica a evolución da pintura e o mosaico na arte paleocristiá, con especial referencia á iconografía.	CCEC CCL CAA
n	B2.2. Arte bizantina.	B2.2. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte bizantina, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB2.2.1. Explica as características esenciais da arte bizantina a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CCEC CCL CAA
			HAB2.2.2. Explica a arquitectura bizantina a través da igrexa de Santa Sofía de Constantinopla.	CCEC CCL CAA
			HAB2.2.3. Describe as características do mosaico bizantino e dos temas iconográficos do Pantocrátor e a Virxe e a Déesis, así como a súa influencia na arte occidental.	CCEC CCL CAA
d e m n	B2.3. Comentario de obras de arte bizantina	B2.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte bizantina, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB2.3.1. Identifica, analiza e comenta o mosaico do Cortexo da emperatriz Teodora en San Vital de Rávena.	CCEC CCL CAA

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
n p	B2.4. Arte prerrománica.	B2.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	HAB2.4.1. Define o concepto de arte prerrománica e especifica as súas manifestacións en España e en Galicia.	CCEC CCL
			HAB2.4.2. Identifica e clasifica razoadamente no seu estilo as seguintes obras: San Pedro da Nave (Zamora), Santa María do Naranco (Oviedo), San Miguel da Escalada (León), Santa Comba de Bande e San Miguel de Celanova (Ourense).	CCEC CCL CAA
n	B2.5. Configuración e desenvolvemento da arte románica. Igrexas e mosteiros. Iconografía románica.	B2.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB2.5.1. Describe as características xerais da arte románica a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CCEC CCL CAA
			HAB2.5.2. Describe as características e as función das igrejas e dos mosteiros na arte románica.	CCEC CCL CSC
			HAB2.5.3. Explica as características da escultura e a pintura románicas, con especial referencia á iconografía.	CCEC CCL
n	B2.6. Función social da arte románica.	B2.6. Explicar a función social da arte románica, especificando o papel de clientes e artistas, e as relacións entre eles.	HAB2.6.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte románica.	CCEC CCL CSC
d e m n	B2.7. Comentario de obras de arte románica.	B2.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte románica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB2.7.1. Identifica, analiza e comenta as esculturas románicas do Xuízo Final no tímpano de Santa Fe de Conques (Francia).	CCEC CCL CAA
n	B2.8. Achega do Gótico: expresión dunha cultura urbana. A catedral e a arquitectura civil. Modalidades escultóricas. Pintura italiana e flamenga, orixe da pintura moderna.	B2.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte gótica, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB2.8.1. Describe as características xerais da arte gótica a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CCEC CCL CAA
			HAB2.8.2. Describe as características e a evolución da arquitectura gótica e especifica os cambios introducidos respecto á románica.	CCEC CCL CAA

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			HAB2.8.3. Describe as características e a evolución da escultura gótica, e especifica as súas diferenzas tipolóxicas, formais e iconográficas respecto á escultura románica.	CCEC CCL CAA
			HAB2.8.4. Recoñece e explica as innovacións da pintura de Giotto e do Trecento italiano respecto á pintura románica e bizantina.	CCEC CCL CAA
			HAB2.8.5. Explica as innovacións da pintura flamenega do século XV e cita algunhas obras dos seus principais representantes.	CCEC CCL CAA
n	B2.9. Función social da arte gótica.	B2.9. Explicar a función social da arte gótica, especificando o papel desempeñado por clientes e artistas, e as relacións entre eles.	HAB2.9.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte gótica, e a súa variación respecto ao románico.	CCEC CCL CSC CAA
d e m n	B2.10. Comentario de obras de arte gótica.	B2.10. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte gótica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB2.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental da catedral de Reims, interior da planta superior da Sainte Chapelle de París.	CCEC CCL CAA
			HAB2.10.2. Identifica, analiza e comenta o grupo da Anunciación e a Visitación da catedral de Reims.	CCEC CCL CAA
			HAB2.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas góticas: escena de "A fuxida a Exipto", de Giotto, na Capela Scrovegni de Padua, "Matrimonio Arnolfini", de Jan Van Eyck, "O descendemento da cruz", de Roger van der Weyden, e o "Xardín das Delicias, de Hieronymus Bosch.	CCEC CCL CAA
n p	B2.11. O peculiar desenvolvemento artístico da Península Ibérica. Arte hispanomusulmá. O Románico no Camiño de Santiago. O Gótico e a súa	B2.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica e gótica española e hispano-musulmá, relacio-	HAB2.11.1. Explica as características e evolución da arte románica e gótica en España.	CCEC CCL CAA

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	longa duración.	nando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	<p>HAB2.11.2. Explica as características xerais da arte islámica a partir de fontes históricas ou historiográficas.</p> <p>HAB2.11.3. Describe os trazos esenciais da mesquita e o pazo islámico.</p> <p>HAB2.11.4. Explica a evolución da arte hispanomusulmá.</p> <p>HAB2.11.5. Explica as características da arte mudéjar e específica, con exemplos de obras concretas, as diferenzas entre o mudéjar popular e o cortesán.</p>	<p>CCEC CCL CAA</p> <p>CCEC CCL CSC</p> <p>CCEC CCL CAA</p> <p>CCEC CCL CAA</p>
d e m n p	B2.12. Comentario de obras de arte medieval española.	B2.12. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte medieval española, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	<p>HAB2.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas románicas: San Vicente de Cardona (Barcelona), San Martín de Frómista e a catedral de Santiago de Compostela.</p> <p>HAB2.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas románicas: "A dúbida de San Tomé", no ángulo do claustro de San Domingos de Silos (Burgos), "Última cea" do capitel historiado do claustro de San Xoán da Peña (Huesca) e fachada de Praterías e Pórtico da Gloria da catedral de Santiago.</p> <p>HAB2.12.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas murais románicas: bóveda da Anunciación aos pastores no Panteón Real de San Isidoro de León, e ábsida de San Clemente de Tahull (Lleida).</p> <p>HAB2.12.4. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental e interior da catedral de León, interior da</p>	<p>CCEC CCL CAA</p> <p>CCEC CCL CAA</p> <p>CCEC CCL CAA</p> <p>CCEC CCL CAA</p>

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			catedral de Barcelona, e interior da igrexa de San Xoán dos Reis, de Toledo.	
			HAB2.12.5. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas góticas: tímpano da Portada do Sarmental da catedral de Burgos, e retablo de Gil de Siloé, na Cartuxa de Miraflores (Burgos).	CCEC CCL CAA
			HAB2.12.6. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras hispanomusulmás: Mesquita de Córdoba, Aljafería de Zaragoza, Giralda de Sevilla e Alhambra de Granada.	CCEC CCL CAA
d e g m n	B2.13. Traballo de investigación sobre historia da arte.	B2.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.	HAB2.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o tratamento iconográfico e o significado da visión apocalíptica de Cristo e o Xuízo Final na arte medieval.	CCEC CCL CAA CD CSIEE
h n p	B2.14. Conservación do patrimonio: arte medieval.	B2.14. Respetar as creacións da arte medieval, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.	HAB2.14.1. Explica a importancia da arte románica no Camiño de Santiago.	CCEC CCL CSC
			HAB2.14.2. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables de arte medieval que se conservan en Galicia.	CCEC CCL CAA CSIEE
Bloque 3. Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno				
n	B3.1. Renacemento. Patróns e artistas. Orixe e desenvolvemento da nova linguaxe en arquitectura, escultura e pintura. Achegas de grandes artistas do Renacemento italiano.	B3.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB3.1.1. Explica as características esenciais do Renacemento italiano e a súa periodización a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CCEC CCL CAA
			HAB3.1.2. Especifica as características da arquitectura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo.	CCEC CCL CAA

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			HAB3.1.3. Especifica as características da escultura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo.	CCEC CCL CAA
			HAB3.1.4. Especifica as características da pintura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo.	CCEC CCL CAA
			HAB3.1.5. Compara a pintura italiana do Quattrocento coa dos pintores góticos flamengos contemporáneos.	CCEC CCL CAA
			HAB3.1.6. Explica a peculiaridade da pintura veneciana do Cinquecento e cita os artistas máis representativos.	CCEC CCL CAA
n	B3.2. Función social da arte no Renacemento	B3.2. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles.	HAB3.2.1. Describe a práctica do patrocinio no Renacemento italiano e as novas reivindicacións dos artistas en relación co seu recoñecemento social e a natureza do seu labor.	CCEC CCL CSC
d e m n	B3.3. Comentario de obras de arte: arte do Renacemento.	B3.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Renacemento, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB3.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento italiano: cúpula de Santa María das Flores e interior da igrexa de San Lorenzo, ambas en Florencia e de Brunelleschi; pazo Médici-Riccardi en Florencia, de Michelozzo; fachada de Santa María Novella e do pazo Rucellai, ambos en Florencia e de Alberti; templo de San Pietro in Montorio en Roma, de Bramante; cúpula e proxecto de planta de San Pedro do Vaticano, de Michelangelo; Il Gesù en Roma, de Giacomo della Porta e Vignola; Villa Capra (Villa Rotonda) en Vicenza, de Palladio.	CCEC CCL CAA
			HAB3.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Renacemento italiano: primeiro panel da "Porta do Paraíso" (da creación do mundo á expulsión do Paraíso), de Ghiberti; "Gattamelata", de Donatello; "Piedade" do Vaticano, "David",	CCEC CCL CAA

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			"Moisés" e as tumbas mediceas, de Michelangelo; "O rapto das sabinas", de Giambologna.	
			HAB3.3.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Renacemento italiano: "O tributo da moeda" e A "Trindade", de Masaccio; "Anunciación" do Convento de San Marcos en Florencia, de Fra Angelico; "Madonna do Duque de Urbino", de Piero della Francesca; "A Virxe das rochas", "A última cea" e "A Gioconda", de Leonardo da Vinci; "A Escola de Atenas" de Rafael; a bóveda e o "Xuízo Final" da Capela Sixtina, de Michelangelo; "A tempestade", de Giorgione; "Venus de Urbino" e "Carlos V en Mühlberg", de Tiziano; "O lavatorio", de Tintoretto; "As vodas de Caná", de Veronés.	CCEC CCL CAA
n	B3.4. A recepción da estética renacentista na Península Ibérica.	B3.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB3.4.1. Especifica as características peculiares do Renacemento español en comparación co italiano.	CCEC CCL CAA
			HAB3.4.2. Describe a evolución da arquitectura renacentista española.	CCEC CCL CAA
			HAB3.4.3. Explica a peculiaridade da escultura renacentista española.	CCEC CCL CAA
			HAB3.4.4. Explica as características da pintura de El Greco a través dalgunhas das súas obras máis representativas.	CCEC CCL CAA
d e m n	B3.5. Comentario de obras de arte: arte española do Renacemento.	B3.5. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Renacemento, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB3.5.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento español: fachada da Universidade de Salamanca; pazo de Carlos V na Alhambra de Granada, de Pedro Machuca; mosteiro de San Lorenzo de El Escorial, de Juan de Herrera.	CCEC CCL CAA

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			HAB3.5.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do Renacemento español: "Sacrificio de Isaac" do retablo de San Bieito de Valladolid, de Alonso Berruguete; "Santo enterro", de Juan de Juni.	CCEC CCL CAA
			HAB3.5.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas de El Greco: "O expolio", "A Santa Liga" ou "Adoración do nome de Xesús", "O martirio de San Mauricio", "O enterro do Señor de Orgaz", "A adoración dos pastores", "O cabaleiro da man no peito".	CCEC CCL CAA
n	B3.6. Unidade e diversidade do Barroco. Linguaxe artística ao servizo do poder civil e eclesiástico. Urbanismo barroco. Igrexas e pazos. Principais tendencias.	B3.6. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB3.6.1. Explica as características esenciais do Barroco.	CCEC CCL
			HAB3.6.2. Especifica as diferenzas entre a concepción barroca da arte e a renacentista.	CCEC CCL CAA
			HAB3.6.3. Compara a arquitectura barroca coa renacentista.	CCEC CCL CAA
			HAB3.6.4. Explica as características xerais do urbanismo barroco.	CCEC CCL
			HAB3.6.5. Compara a escultura barroca coa renacentista a través da representación de "David" por Michelangelo e por Bernini.	CCEC CCL CAA
			HAB3.6.6. Describe as características xerais da pintura barroca e especifica as diferenzas entre a Europa católica e a protestante.	CCEC CCL CAA CSC
			HAB3.6.7. Distingue e caracteriza as grandes tendencias da pintura barroca en Italia e os seus	CCEC CCL

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			principais representantes.	CAA
			HAB3.6.8. Especifica as peculiaridades da pintura barroca flamenga e holandesa.	CCEC CCL CAA
n	B3.7. Función social da arte no Barroco.	B3.7. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles.	HAB3.7.1. Describe o papel desempeñado no século XVIII polas academias en toda Europa e, en particular, polo Salón de París.	CCEC CCL CSC
d e m n	B3.8. Comentario de obras de arte: arte do Barroco.	B3.8. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Barroco, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB3.8.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco europeo do século XVII: fachada de San Pedro do Vaticano, de Carlo Maderno; columnata da praza de San Pedro do Vaticano, de Bernini; San Carlos das Catro Fontes en Roma, de Borromini; Pazo de Versalles, de Le Vau, J.H. Mansart e Le Nôtre.	CCEC CCL CAA
			HAB3.8.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas de Bernini: "David", "Apolo" e "Dafne", "A éxtase de Santa Teresa", "Cátedra de San Pedro".	CCEC CCL CAA
			HAB3.8.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Barroco europeo do século XVII: "Vocación de San Mateo" e "Morte da Virxe", de Caravaggio; "Triunfo de Baco e Ariadna", na bóveda do pazo Farnese de Roma, de Annibale Carracci; "Adoración do nome de Xesús", bóveda de Il Gesù en Roma, de Gaulli (Il Baciccia); "Adoración dos Magos", "As tres Grazas" e "O xardín do Amor", de Rubens; "A lección de anatomía do doutor Tulpy", "A rolda nocturna", de Rembrandt.	CCEC CCL CAA
n	B3.9. Barroco hispánico. Urbanismo e arquitectura. Imaxinaría barroca. Achega da pintura española: grandes figuras do Século de Ouro.	B3.9. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB3.9.1. Explica as características do urbanismo barroco en España e a evolución da arquitectura española durante o século XVII.	CCEC CCL CAA
			HAB3.9.2. Explica as características da imaxinaría	CCEC

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			barroca española do século XVII e compara a escola castelá coa andaluza.	CCL CAA
			HAB3.9.3. Explica as características xerais da pintura española do século XVII.	CCEC CCL
			HAB3.9.4. Describe as características e evolución da pintura de Velázquez a través dalgunhas das súas obras máis significativas.	CCEC CCL CAA
d e m n	B3.10. Comentario de obras de arte: arte española do Barroco.	B3.10. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Barroco, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB3.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco español do século XVII: Praza Maior de Madrid, de Xoán Gómez de Mora; Retablo de Santo Estevo de Salamanca, de Churriguera.	CCEC CCL CAA
			HAB3.10.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Barroco español do século XVII: "Piedad", de Gregorio Fernández; "Inmaculada do facistol", de Alonso Cano; "Magdalena penitente", de Pedro de Mena.	CCEC CCL CAA
			HAB3.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas españolas do Barroco español do século XVII: "Martirio de San Filipe", "O soño de Xacob" e "O zambro", de Ribera; "Bodegón" do Museo do Prado, de Zurbarán; "O augador de Sevilla", "Os borrachos", "A fragua de Vulcano", "A rendición de Breda", "O Príncipe Baltasar Carlos a cabalo", "A Venus do espello", "As meninas" e "As fiandeiras", de Velázquez; "A Sagrada Familia do paxariño", "A Inmaculada de El Escorial", "Os nenos da concha" e "Nenos xogando aos dados", de Murillo.	CCEC CCL CAA
n	B3.11. Século XVIII. Mantemento do Barroco. Refinamento rococó. Neoclasicismo e Romanticismo.	B3.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do século XVIII, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e cultu-	HAB3.11.1. Explica o século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos.	CCEC CCL CAA CSC

Historia da Arte. 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
		rais.	<p>HAB3.11.2. Compara o Barroco tardío e o Rococó, e especifica a diferente concepción da vida e a arte que encerran.</p> <p>HAB3.11.3. Explica as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura.</p> <p>HAB3.11.4. Comenta a escultura neoclásica a través da obra de Canova.</p> <p>HAB3.11.5. Especifica as posibles coincidencias entre o Neoclasicismo e o Romanticismo na pintura de David.</p> <p>HAB3.11.6. Distingue entre a corrente tradicional e a clasicista da arquitectura barroca española do século XVIII.</p> <p>HAB3.11.7. Explica a figura de Salzillo como derradeiro representante da imaxinaria relixiosa española en madeira policromada.</p>	<p>CCEC CCL CAA CSC</p> <p>CCEC CCL CSC</p> <p>CCEC CCL CAA</p> <p>CCEC CCL CAA</p> <p>CCEC CCL CAA</p> <p>CCEC CCL CAA</p>	
d e m n p	B3.12. Comentario de obras de arte: arte do século XVIII.	B3.12. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do século XVIII, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	<p>HAB3.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do século XVIII: fachada do Hospicio de San Fernando de Madrid, de Pedro de Ribera; fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela, de Casas e Novoa; Pazo Real de Madrid, de Juvara e Sacchetti; Panteón de París, de Soufflot; Museo do Prado en Madrid, de Juan de Villanueva.</p> <p>HAB3.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do século XVIII: "A oración no horto", de Salzillo; "Eros e Psique" e "Paulina Bonaparte", de Canova.</p>	<p>CCEC CCL CAA</p> <p>CCEC CCL CAA</p>	

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			HAB3.12.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de David: "O xuramento dos Horacios" e "A morte de Marat".	CCEC CCL CAA
d e g m n	B3.13. Traballo de investigación en historia da arte.	B3.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.	HAB3.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o proceso de construción da nova basílica de San Pedro do Vaticano ao longo dos séculos XVI e XVII.	CCEC CCL CAA CD CSIEE
h n p	B3.14. Conservación do patrimonio: arte moderna.	B3.14. Respetar as creacións da arte da Idade Moderna, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.	HAB3.14.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en Galicia.	CCEC CCL CAA CSIEE
Bloque 4. O século XIX: a arte dun mundo en transformación				
n	B4.1. A figura de Goya.	B4.1. Analizar a obra de Goya e identificar nela os trazos propios das correntes da súa época e os que anticipan diversas vangardas posteriores.	HAB4.1.1. Analiza a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte ata o seu exilio final en Bordeos.	CCEC CCL CAA
			HAB4.1.2. Compara a visión de Goya nas series de gravados "Os caprichos" e "Os disparates ou proverbios".	CCEC CCL CAA
d e m n	B4.2. Comentario de obras de arte: Goya.	B4.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas de Goya, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB4.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya: "O parasol", "A familia de Carlos IV", "O 2 de maio de 1808 en Madrid" ("A loita cos mamelucos"), "Os fusilamentos do 3 de maio de 1808"; desastre nº 15 ("E non hai remedio") da serie "Os desastres da guerra"; "Saturno devorando un fillo" e "A leiteira de Bordeos".	CCEC CCL CAA
n	B4.3. A Revolución Industrial e o impacto dos novos materiais na arquitectura. Do Historicismo ao Modernismo. A Escola de Chicago. Nacemento do urbanismo moderno.	B4.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e cultu-	HAB4.3.1. Describe as características e a evolución da arquitectura do ferro no século XIX, en relación cos avances e as necesidades da revolución industrial.	CCEC CCL CAA CSC

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		rais.		CMCCT
			HAB4.3.2. Explica as diferenzas entre enxeñeiros e arquitectos na primeira metade do século XIX.	CCEC CCL CAA
			HAB4.3.3. Explica as características do neoclasicismo arquitectónico durante o Imperio de Napoleón.	CCEC CCL
			HAB4.3.4. Explica as características do historicismo en arquitectura e a súa evolución cara ao eclecticismo.	CCEC CCL CAA
			HAB4.3.5. Explica as características e principais tendencias da arquitectura modernista.	CCEC CCL
			HAB4.3.6. Especifica as achegas da Escola de Chicago á arquitectura.	CCEC CCL
			HAB4.3.7. Describe as características e os obxectivos das remodelacións urbanas de París, Barcelona e Madrid na segunda metade do século XIX.	CCEC CCL
d e m n	B4.4. Comentario de obras de arte: arquitectura do século XIX.	B4.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura do século XIX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB4.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: templo da Madalena en París, de Vignon; Parlamento de Londres, de Barry e Pugin; Auditorio de Chicago, de Sullivan e Adler; torre Eiffel de París; templo da Sagrada Familia en Barcelona, de Gaudí.	CCEC CCL CAA
n	B4.5. Evolución da pintura: Romanticismo, Realismo, Impresionismo e Simbolismo. Os postimpresionistas, xerme das vangardas pictóricas do século XX.	B4.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	HAB4.5.1. Describe as características do Romanticismo na pintura e distingue entre o romanticismo da liña de Ingres e o romanticismo da cor de Gericault e Delacroix.	CCEC CCL CAA
			HAB4.5.2. Compara as visións románticas da paisaxe en Constable e Turner.	CCEC CCL CAA

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			HAB4.5.3. Explica o Realismo e a súa aparición no contexto dos cambios sociais e culturais de mediados do século XIX.	CCEC CCL CSC
			HAB4.5.4. Compara o Realismo co Romanticismo.	CCEC CCL CAA
			HAB4.5.5. Describe as características xerais do Impresionismo e o Neoimpresionismo.	CCEC CCL
			HAB4.5.6. Define o concepto de postimpresionismo e especifica as achegas de Cézanne e Van Gogh como precursores das grandes correntes artísticas do século XX.	CCEC CCL CAA
			HAB4.5.7. Explica o Simbolismo de finais do século XIX como reacción fronte ao Realismo e ao Impresionismo.	CCEC CCL CAA
n	B4.6. Función social da arte no século XIX.	B4.6. Explicar a evolución cara á independencia dos artistas respecto aos clientes, especificando o papel desempeñado polas academias, os salóns, as galerías privadas e os marchantes.	HAB4.6.1. Explica os cambios que se producen no século XIX nas relacións entre artistas e clientes, referidos á pintura.	CCEC CCL CSC
d e m n	B4.7. Comentario de obras de arte: o século XIX.	B4.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da pintura do século XIX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB4.7.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do século XIX: "O baño turco", de Ingres; "A balsa da Medusa", de Gericault; "A liberdade guiando o pobo", de Delacroix; "O carro de feo", de Constable; "Chuvia, vapor e velocidade", de Turner; "O enterro de Ornans", de Courbet; "O ánxelus", de Millet; "Almorzo sobre a herba", de Manet; "Impresión, sol nacente" e a serie sobre a Catedral de Ruán, de Monet; "Le Moulin de la Galette", de Renoir; "Unha tarde de domingo na Grande Jatte", de Seurat; "Xogadores de cartas" e "Mazás e laranxas", de Cézanne; "A noite estrelada" e "O segador", de Van Gogh; "Visión despois do sermón" e "O mercado" ("Ta matete"), de Gau-	CCEC CCL CAA

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			guin.	
n	B4.8. Escultura: mantemento do clasicismo. Rodin.	B4.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da escultura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	HAB4.8.1. Relaciona a produción e o academicismo dominante na escultura do século XIX coas transformacións levadas a cabo nas cidades (monumentos conmemorativos en prazas, parques e avenidas, e esculturas funerarias nos novos cemiterios).	CCEC CCL CAA CSC
			HAB4.8.2. Explica as características da renovación escultórica emprendida por Rodin.	CCEC CCL
d e m n	B4.9. Comentario de obras de arte: século XIX.	B4.9. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da escultura do século XIX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB4.9.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Rodin: "O pensador" e "Os burgueses de Calais".	CCEC CCL CAA
d e g m n	B4.10. Traballo de investigación en historia da arte.	B4.10. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.	HAB4.10.1. Realiza un traballo de investigación sobre as exposicións universais do século XIX e a súa importancia desde o punto de vista arquitectónico.	CCEC CCL CAA CD CSIEE
			HAB4.10.2. Realiza un traballo de investigación sobre a influencia da fotografía e o gravado xaponés no desenvolvemento do Impresionismo, con referencias a obras concretas.	CCEC CCL CAA CD CSIEE
h n p	B4.11. Conservación do patrimonio: arte do século XIX.	B4.11. Respectar as creacións da arte do século XIX, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.	HAB4.11.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte do século XIX que se conservan en Galicia.	CCEC CCL CAA CSIEE
Bloque 5. A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX				
n	B5.1. O fenómeno das vangardas nas artes plásticas.	B5.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas	HAB5.1.1. Define o concepto de vangarda artística	CCEC

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	cas: Fauvismo, Cubismo, Futurismo, Expresionismo, pintura abstracta, Dadaísmo e Surrealismo.	e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos/das artistas iniciada na centuria anterior.	CCL CSC
			HAB5.1.2. Describe a orixe e as características do Fauvismo.	CCEC CCL
			HAB5.1.3. Describe o proceso de xestación e as características do Cubismo, distinguindo entre o Cubismo analítico e o sintético.	CCEC CCL CAA CSC
			HAB5.1.4. Describe o ideario e os principios do futurismo.	CCEC CCL
			HAB5.1.5. Identifica os antecedentes do expresionismo no século XIX, explica as súas características xerais e especifica as diferenzas entre os grupos alemáns "A ponte" e "O xinete azul".	CCEC CCL CAA
			HAB5.1.6. Describe o proceso de xestación e as características da pintura abstracta, distingue a vertente cromática e a xeométrica, e especifica algunhas das súas correntes máis significativas, como o Suprematismo ruso ou o Neoplasticismo.	CCEC CCL CAA
			HAB5.1.7. Describe as características do Dadaísmo como actitude provocadora nun contexto de crise.	CCEC CCL CSC
			HAB5.1.8. Explica a orixe, as características e os obxectivos do Surrealismo.	CCEC CCL
			HAB5.1.9. Explica a importancia dos pintores españois Picasso, Miró e Dalí no desenvolvemento das vangardas artísticas.	CCEC CCL
			HAB5.1.10. Explica a renovación temática, técnica e formal da escultura na primeira metade do século	CCEC CCL

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			XX, distinguindo as obras relacionadas coas vangardas pictóricas e as que utilizan recursos ou linguaxes independentes.	CAA
n e	B5.2. Comentario de obras de arte: a plástica na primeira metade do século XX.	B5.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da plástica da primeira metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB5.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "A alegría de vivir", de Matisse; "As señoritas de Aviñón", "Retrato de Ambroise Vollard", "Natureza morta con cadeira de reixa de cana" e "Guernica", de Picasso; "A cidade que emerxe", de Boccioni; "O berro", de Munch; "A rúa", de Kirchner; "Lírica" e "Sobre branco II", de Kandinsky; "Cadrado negro", de Malevich; "Composición II", de Mondrian; "L.H.O.O.Q.", de Duchamp; "O elefante das Celebes", de Ernst; "A chave dos campos", de Magritte; "O entroido de Arlequín" e "Mulleres e paxaros á luz da lúa", de Miró; "O xogo lúgubre" e "A persistencia da memoria", de Dalí.	CCEC CCL CAA
			HAB5.2.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas: "O profeta", de Gargallo; "Formas únicas de continuidade no espazo", de Boccioni; "Fonte", de Duchamp; "Muller peiteándose ante un espello", de Xulio González; "Mademoiselle Pogany I", de Brancusi; "Lagosta, nasa e cola de peixe", de Calder; "Figura reclinada", de Henry Moore.	CCEC CCL CAA
n	B5.3. Renovación da linguaxe arquitectónica: o funcionalismo do Movemento Moderno e a arquitectura orgánica.	B5.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura da primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	HAB5.3.1. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno en arquitectura.	CCEC CCL CAA
			HAB5.3.2. Especifica as achegas da arquitectura orgánica ao Movemento Moderno.	CCEC CCL CAA
e n	B5.4. Comentario de obras de arte: arquitectura da primeira metade do século XX.	B5.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura da primeira metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB5.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: edificio da Bauhaus en Dessau (Alemaña), de Gropius; pavillón de Alemaña en Barcelona, de Mies van der Rohe; Vila Savoia en Poissy (Francia), de Le Corbusier; casa	CCEC CCL CAA

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			Kaufman (Casa da Cascada), de Frank Lloyd Wright.	
d e g m n	B5.5. Traballo de investigación en Historia da Arte.	B5.5. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais coma as novas tecnoloxías.	HAB5.5.1. Realiza un traballo de investigación sobre o Grupo de Artistas e Técnicos Españoles Para o Progreso da Arquitectura Contemporánea (GATE-PAC).	CCEC CCL CAA CD CSIEE
d h m n p	B5.6. Conservación do patrimonio: arte do século XX.	B5.6. Respectar as manifestacións da arte da primeira metade do século XX, valorando a súa importancia como expresión da profunda renovación da linguaxe artística na que se sustenta a liberdade creativa actual.	HAB5.6.1. Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, das existentes en Galicia, e xustifica a súa elección.	CCEC CCL CAA CSIEE
Bloque 6. A universalización da arte desde a segunda metade do século XX				
n	B6.1. Predominio do Movemento Moderno ou Estilo Internacional en arquitectura. A arquitectura á marxe do estilo internacional: High Tech, arquitectura Posmoderna e Deconstrución.	B6.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura desde a segunda metade do século XX, enmarcándoa nas novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan ao mundo actual.	HAB6.1.1. Explica o papel desempeñado no proceso de universalización da arte polos medios de comunicación de masas e as exposicións e feiras internacionais de arte.	CCEC CCL CSC
			HAB6.1.2. Explica as razóns do mantemento e a difusión internacional do Movemento Moderno en arquitectura.	CCEC CCL
			HAB6.1.3. Distingue e describe as características doutras tendencias arquitectónicas á marxe do Movemento Moderno ou Estilo Internacional, en particular a High Tech, a posmoderna e a deconstrución.	CCEC CCL CAA
d e m n	B6.2. Comentario de obras de arte: arquitectura desde a segunda metade do século XX.	B6.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB6.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "Unité d'habitation" en Marsella, de Le Corbusier; edificio Seagram en Nova York, de M. van der Rohe e Philip Johnson; o museo Guggenheim de Nova York, de F. Lloyd Wright; a Casa da Ópera de Sydney, de J. Utzon; o centro Pompidou de París, de R. Piano e R. Rogers; o AT & T Building	CCEC CCL CAA

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			de Nova York, de Philip Johnson; o museo Guggenheim de Bilbao, de F. O. Gehry.	
n	B6.3. Artes plásticas: das segundas vangardas á posmodernidade.	B6.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das artes plásticas desde a segunda metade do século XX, no marco das novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan o mundo actual.	HAB6.3.1. Explica e compara o Informalismo europeo e o Expresionismo abstracto norteamericano.	CCEC CCL CAA
			HAB6.3.2. Explica a abstracción postpictórica.	CCEC CCL
			HAB6.3.3. Explica o Minimalismo.	CCEC CCL
			HAB6.3.4. Explica a arte cinética e a Op-Art.	CCEC CCL
			HAB6.3.5. Explica a arte conceptual.	CCEC CCL
			HAB6.3.6. Explica a Arte Povera.	CCEC CCL
			HAB6.3.7. Distingue e explica algunhas das principais correntes figurativas: Pop-Art, Nova Figuración, Hiperrealismo.	CCEC CCL CAA
			HAB6.3.8. Explica en que consisten as seguintes manifestacións de arte non duradeira: Happening, Body Art e Land Art.	CCEC CCL
			HAB6.3.9. Describe os formulacións xerais da posmodernidade, referida ás artes plásticas.	CCEC CCL
d e m n	B6.4. Comentario de obras de arte: a arte desde a segunda metade do século XX.	B6.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB6.4.1. Identifica o autor e a corrente artística (non necesariamente o título), e analiza e comenta as seguintes obras: "Pintura" (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid), de Tapies; "Grito nº 7", de Antonio Saura; "One: number 31, 1950", de J. Pollock; "Ctesiphon III", de F. Stella;	CCEC CCL CAA

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			"Equivalente VIII", de Carl André; "Vega 200", de Vasarely; "Unha e tres cadeiras", de J. Kosuth; "Iglú con árbore", de Mario Merz; "Marilyn Monroe" (serigrafía de 1967), de A. Warhol; "O Papa que berra" (estudo a partir do retrato do Papa Inocencio X), de Francis Bacon; "A Gran Vía madrileña en 1974", de Antonio López.	
n	B6.5. Novos sistemas visuais: fotografía, cine e televisión, cartelismo e cómic. Combinación de linguaxes expresivas.	B6.5. Explicar o desenvolvemento e a extensión dos novos sistemas visuais, como a fotografía, o cine, a televisión, o cartelismo ou o cómic, especificando o modo en que combinan diversas linguaxes expresivas.	HAB6.5.1. Explica brevemente o desenvolvemento dos novos sistemas visuais e as características da súa linguaxe expresiva: fotografía, cartel, cine, cómic, producións televisivas, videoarte e arte por computador.	CCEC CCL
in	B6.6. Impacto das novas tecnoloxías na difusión e na creación artística.	B6.6. Describir as posibilidades que abriron as novas tecnoloxías, e explicar os seus efectos tanto para a creación artística como para a difusión da arte.	HAB6.6.1. Especifica as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación artística e para a difusión da arte.	CCEC CCL CMCCT CD
n	B6.7. Arte e cultura visual de masas.	B6.7. Identificar a presenza da arte na vida cotiá, e distinguir os ámbitos en que se manifesta.	HAB6.7.1. Define o concepto de cultura visual de masas, e describe os seus trazos esenciais. HAB6.7.2. Identifica a arte nos diferentes ámbitos da vida cotiá.	CCEC CCL CSC CCEC CCL CSC
h n p	B6.8. O patrimonio artístico como riqueza cultural. A preocupación pola súa conservación. A UNESCO.	B6.8. Respeitar as manifestacións da arte de todos os tempos, valorándoas como patrimonio cultural herdado que se debe conservar e transmitir ás xeracións futuras, e explicar que é o Patrimonio Mundial da UNESCO, así como a súa orixe e a súa finalidade.	HAB6.8.1. Explica a orixe do Patrimonio Mundial da UNESCO e os seus obxectivos. HAB6.8.2. Realiza un traballo de investigación relacionado cos bens artísticos de España e de Galicia inscritos no catálogo do Patrimonio Mundial da UNESCO.	CCEC CCL CCEC CCL CAA CD CSIEE
Bloque 7. O vocabulario artístico				

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e n	B7.1. Vocabulario artístico.	B7.1. Utilizar a terminoloxía específica da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os elementos e as técnicas principais.	HAB7.1.1. Utiliza con corrección a terminoloxía específica das artes en exposicións orais e escritas.	CCEC CCL

METODOLOXÍA

A **Metodoloxía**, será Expositiva, sendo a súa idoneidade maior canto máis teóricos e abstractos sexan os contidos. Servirá para introducir as novas unidades, subliñar elementos esenciais, realizar integracións temáticas, sintetizar conclusións, reforzar a comprensión..., etc.

Teranse en conta sempre os coñecementos previos, a presentación dos contidos e a realización de actividades complementarias.

No referente ás **Actividades**, centraranse na Análise e Comentario de imaxes e textos artísticos; probas iniciais; preguntas abertas; comentario de imaxes; confección de mapas conceptuais; realización de informes; elaboración de eixes cronolóxicos e mapas históricos...; etc.

O comentario de texto e de laminas artísticas, serán os procedementos fundamentais.

Tamén terán gran importancia a temática que se verá a través de innumerables PowerP. referidos á materia.

Temporalización:

1ª Avaliación:

A Arte desde a Grecia antiga ata o Pre-Románico.

2ª Avaliación:

A Arte desde o Románico ata o Barroco.

3ª Avaliación:

A Arte desde o Rococó ata a actualidade. **Temporalización:**

A AVALIACIÓN

Con carácter xeral, propónse que a ponderación de probas escritas e traballos sexa do 75% / 25%

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación directa:	<p>Sen ser un instrumento en si mesmo para avaliar o grao de consecución de cada estándar de aprendizaxe ou de adquisición de competencias, a observación directa aporta información imprescindible para o profesor/a sobre o comportamento dos alumnos e alumnas: a súa disposición para o traballo, o interese polas explicacións e o grao de participación do alumno e alumna no desenvolvemento das clases, preguntando ao profesor/a ou mesmo respondendo cando pregunta un compañeiro/a, así como o grao de puntualidade á hora de entregar tarefas.</p>	
Probas escritas	Probas sobre comentarios de láminas e comprensión	<p>Co obxectivo de que o alumno/a organice, exprese e desenvolva os coñecementos que teñen sobre un tema concreto, permitindo avaliar a capacidade comprensiva e expresiva, o grao de coñecemento e mesmo a lóxica das súas reflexións. Poden ser preguntas de carácter teórico, a desenvolver, ou de carácter práctico, para elaborar un comentario sobre unha lámina concreta.</p>
	Probas obxectivas	<p>Máis breves na súa resposta. Poden ser: preguntas de resposta curta, onde se pide unha información concreta; comentarios de textos, gráficos ou mapas, de xeito guiado e a través de preguntas curtas; preguntas de verdadeiro/falso, útiles para medir a capacidade de distinción entre feitos; preguntas de opción múltiple, para valorar a comprensión e a discriminación de contidos, preguntas de emparellamento, con dúas ringleiras de conceptos, personaxes, datas ou acontecementos históricos para que os alumnos relacionen; ... etc.</p>
Probas orais	<p>Poden ser preguntas curtas sobre os contidos explicados na clase ou pequenas exposicións individuais sobre traballos de investigación levados a cabo polo alumno ou alumna; neste último caso permitirase ao alumno/a dispoñer dun breve guión.</p>	
Traballos	<p>Ben de xeito individual ou grupal, o alumnado poderá desenvolver pequenos traballos sobre lecturas propostas, temas sinxelos de investigación (biografías, pequenas monografías) ou temas do seu interese. Sempre, en calquera caso, deberán estar relacionados cos contidos da materia.</p>	
Fichas de actividades	<p>Comentarios guiados de documentos históricos (textos, mapas, gráficos, fotografías ...), pequenas audicións ou vídeos e pinturas, esculturas ou edificios representativos dos estilos artísticos incluídos nos contidos.</p>	

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Co fin de determinar os coñecementos previos do alumnado e porén o grao de adquisición dos estándares avaliados do curso anterior, nas primeiras sesións levarase a cabo unha **proba inicial** que aportará información fundamental ao profesor ou profesora da materia sobre os coñecementos previos do alumnado, a súa comprensión lectora e a súa expresión escrita. Esta proba valorarase mediante rúbrica e cualificarase cunha nota numérica ou porcentual que non terá peso ningún na nota da avaliación máis que o mero carácter informativo para o/a docente, que será quen de deducir o aproveitamento académico dos cursos anteriores e de ser necesario, de adoptar medidas específicas de repaso e/ou reforzo.

Ao longo do curso recollerase información sobre os progresos do alumno ou alumna. Na primeira sesión do curso, os procedementos e instrumentos de avaliación así como os criterios de cualificación daranse a coñecer ao alumnado na propia aula, facilitando a consulta dos mesmos e o seu coñecemento a pais, nais, tutores ou representantes legais mediante a publicación desta programación na web do centro.

O curso distribúese en tres avaliacións. En cada unha delas a nota de avaliación determinarase en base a:

Ponderación	Instrumentos de avaliación	Breve descrición
75%	<ul style="list-style-type: none">▪ Probas escritas	<p>O 70% da cualificación será a media aritmética ou ponderada das notas obtidas nas probas escritas realizadas. O factor de ponderación dependerá do número e do peso no currículo de cada proba, e comunicarase ao alumnado en cada avaliación.</p> <p>En cada avaliación faranse canda menos dúas probas escritas. Se o seu peso é idéntico farase media aritmética e o alumno/a terá que acadar en cada proba cando menos unha nota mínima de 3 (tres) puntos sobre 10 (dez); se o peso das probas fose diferente farase unha media ponderada entre ambas, sen necesidade de obter nota mínima.</p>
25%	<ul style="list-style-type: none">▪ Rexistro de observación do caderno▪ Fichas de actividades▪ Traballos▪ Probas orais▪ Observación na aula▪ Preguntas de control	<p>Cada un destes instrumentos aportará información sobre o grao de adquisición de competencias. Todos eles serán valorados mediante rúbricas específicas.</p> <p>A observación directa e as preguntas de control na aula aportan información sobre o grao de disposición do alumnado, os seus coñecementos e o seu interese na materia ou no desenvolvemento das actividades propostas..</p>

As datas das diferentes probas escritas fixaranse coa debida antelación ou ben ao principio de curso ou ben ao comezo de cada unha das avaliacións. Sendo probas fixadas con antelación suficiente e estando debidamente informados os alumnos das datas nas que se realizarán, de faltar un alumno a unha proba escrita terá ocasión de facela sempre e cando xustifique a falta de asistencia cun xustificante de carácter oficial (xustificante de asisten-

cia a consultas, revisións médicas ou por ingreso hospitalario, asinado polo facultativo ou no seu defecto co selo do centro de saúde/clínica/hospital, de asistencia a exames oficiais fóra do centro, ... etc). Neste caso e xustificada debidamente a falta de asistencia, o alumno ou alumna examínase no momento en que se reincorpore ás clases, mediante unha proba escrita ou oral.

Se un alumno/a fose sorprendido/a polo/a docente copiando nunha proba ou en posesión de “material de axuda” nun exame (sobre calquera tipo de soporte, incluíndo medios tecnolóxicos), retiraráselle o exame e a súa cualificación no mesmo será un 0 (cero) e, **-de selo caso-** o máis pronto posible segundo a dispoñibilidade do docente (de poder ser o mesmo día ou o seguinte) terá que someterse a unha proba oral ou escrita (a determinar polo profesor/a).

Queda a decisión do profesor de aula tomar as medidas pertinentes para que non se volvan a repetir episodios similares. Estas medidas poden supoñer cambios na distribución dos alumnos dentro da aula no momento do exame, solicitude de acudir ao exame sen os teléfonos móbiles ou depositalos enriba da mesa do profesor/a ... , entre outras.

Despois da primeira e a segunda avaliación, realizarase unha proba de recuperación para o alumnado que non acade un 5 (cinco) na cualificación final de ambas avaliacións.

De ter dúas ou tres avaliacións suspensas o alumno ou alumna deberá superar unha proba escrita final e global baseada no grao mínimo esixible de cada estándar de aprendizaxe. Neste caso, considerarase a materia superada cunha cualificación de 5 (cinco) puntos, ou superior.

Convocatoria Extraordinaria

No mes de Xuño, terá lugar unha proba extraordinaria para aqueles alumnos e alumnas que non tiveran superada a materia en Maio. A proba basearase nos mínimos esixibles de cada estándar de aprendizaxe, incluídos neste Proxecto Didáctico.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS QUE SE DEBEN CONSEGUIR PARA SUPERAR A MATERIA.

Para alcanzar unha cualificación positiva desta materia o alumnado ha de ser capaz de superar os estándares de aprendizaxe que respondan e nos aclaren o seguinte:

- ❖ Saber definir o concepto de orde arquitectónica e comparar as tres ordes da arquitectura grega.
- ❖ Describir os distintos tipos de templo grego, facendo referencia ás características arquitectónicas e á decoración escultórica.
- ❖ Identificar, analizar e comentar as seguintes obras da arquitectura grega: *Partenón*, *Erección*, *templo de Atena Niké* e *teatro de Epidauro*.
- ❖ Identificar, analizar e comentar as seguintes obras escultóricas da antiga Grecia: *Kouros de Anavysos*, *Auriga de Delfos*, *Discóbolo* (Mirón), *Doríforo* (Policleto), unha *Metopa do Partenón* (Fidias), *Hermes con Diosíssos neno* (Praxiteles), *Aproximados* (Lisipo), *Victoria de Samotracia*, *Venus de Milo*, e o *detalle de Atena e Gea* (Friso do altar de Zeus en Pérgamo).
- ❖ Describir a orixe, características e función da Basílica paleocristiá.
- ❖ Explicar a arquitectura Bizantina a través da igrexa de Santa Sofía de Constantinopla.
- ❖ Definir o concepto de arte Prerrománica especificando as súas manifestacións en España e en Galicia.
- ❖ Especificar as relacións entre os artistas e os clientes, na arte románica.
- ❖ Recoñecer e explicar as innovacións da pintura de Giotto e do Trecento italiano, respecto á pintura románica e bizantina.
- ❖ Explicar as innovacións da pintura Flamenga do século XV, citando algunhas obras e os seus principais representantes.
- ❖ Identificar, analizar e comentar o grupo da Anunciación e a Visitación da catedral de Reims.
- ❖ Explicar as características e a evolución da arte románica e gótica en España, facendo especial fincapé no “Camiño de Santiago”.
- ❖ Especificar as características da Arquitectura, Escultura e Pintura renacentista italiana, explicando a súa evolución desde o Quattrocento ao Manierismo.
- ❖ Explicar as características da pintura de El Greco a través dalgunha das súas obras máis representativas.
- ❖ Explicar as características esenciais do Barroco.
- ❖ Comparar a escultura barroca coa renacentista a través da representación de *David* por Miguel Ángel e por Bernini.
- ❖ Identificar, analizar e comentar as seguintes obras escultóricas de Bernini: *David*, *Apolo e Dafne*, *o éxtase de Santa Teresa* e *a Cátedra de San Pedro*.
- ❖ Describir a evolución da pintura de Velázquez a través dalgunha das súas obras máis significativas.
- ❖ Explicar as razóns do xurdimento do Neoclasicismo, así como as características xerais en arquitectura, escultura e pintura.
- ❖ Analizar a evolución da obra de Goya, como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte e ata o seu exilio en Burdeos.
- ❖ Explicar as características e as principais tendencias da arquitectura modernista.
- ❖ Comparar esquematicamente o Realismo e o Romanticismo.
- ❖ Describir as características xerais do Impresionismo e o Neoimpresionismo.
- ❖ Explicar os cambios que se producen no século XIX, nas relacións que se producen entre artistas e clientes, no referente á pintura.
- ❖ Definir o concepto de Vangarda artística, en relación co acelerado cambio que está a sufrir a sociedade contemporánea a diario.

- ❖ Comprender e describir o proceso de xestación e as características do Cubismo, así como diferenciar o analítico, do sintético.
- ❖ Especificar as achegas da arquitectura Orgánica aos Movementos Modernos.
- ❖ Identificar, analizar e comentar as seguintes obras arquitectónicas: *Edificio da Bauhaus* en Dessau (D); de Gropius; *Pavillón de Alemaña* en Barcelona (E); de Mies van der Rohe; *Vila Savoia* en Poissy (F); de Le Corbusier; *Casa Kaufman* ou da *Cascada*, de Frank Lloyd Wright.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O que pode ser definido como Libro de Texto, será material elaborado polo Departamento, a nivel de libro de texto. Contamos con innumerable material, tanto a nivel de Diapositivas, como de Láminas ou Reprográfico, en xeral.

Material:

Os materiais de traballo que se empregan para desenvolver os contidos e que posúe o Departamento, e moi variado:

- > Diapositivas.
- > Mapas.
- > Vídeos.
- > Anuarios.
- > Láminas.
- > Libros específicos de estilos artísticos.
- > Filmes e curtos relacionados coa materia.
- > Documentais de diferente duración e referidos a todos os estilos artísticos.
- > Documentais sobre Autores, Museus e Cidades “Da Arte”, concretos
- > Presentacións en PowerP.
- > ...etc.

Todos estes recursos, aínda poden ser complementados con máis material que estará a súa disposición na Biblioteca do Centro.

PLAN DE TRABAJO PARA ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

Nun contexto de avaliación continua o alumnado con materias pendentes deberá mostrar en cada avaliación unha actitude positiva en todo o seu sentido, traballando nos contidos das diferentes unidades temáticas do propio nivel nas que estean matriculados no actual curso escolar, así como levando a cabo as actividades seleccionadas polos respectivos profesores/as das áreas pendentes.

Será condición imprescindible para superar a materia pendente a súa presentación en caderno cos enunciados expostos e resposta a pregunta; será tamén requisito necesario para aprobar, un rendemento nos mínimos esixibles que os/as alumnos/as demostrarán en probas escritas sobre as mesmas cuestións prantexadas nas actividades do caderno.

Na nota de cada avaliación na materia que cursa, terá unha participación a estimación que o/a profesor/a faga dos resultados das actividades da materia pendente e polo tanto poderá computar e así determinar se o/a alumno/a está a seguir un proceso de avaliación continua positiva

O/a alumno/a que non supere os contidos da materia do actual curso, poderá non obstante aprobar a materia pendente se a valoración por parte do/a profesor/a nas actividades feitas e nas probas realizadas, é positiva.

Os alumnos e alumnas que estean nesta situación, contarán en todo momento coa atención do profesorado do Departamento de Xeografía e Historia para solucionar as dúbidas, e apoialos nos traballos requeridos para superar a materia pendente.

Trimestralmente, e de maneira que coincida con cada avaliación, daranse os resultados sobre o desenvolvemento das pendentes diante da Xefatura de Estudos do Centro así como ao propio alumnado.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Seguiremos cas mesmas das páxinas 59 e 60

TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA

Este documento contempla os principios básicos, así como obxectivos xerais, específicos e principios metodolóxicos.

O Plan preséntase por cursos e materias.

A diferenza da ESO, onde ao remate e nos puntos comúns da Programación, aparece clara e profusamente explicitado no apartado correspondente, os libros recomendados, aquí, no bacharelato as accións e lecturas están previstas no documento entregado á Dirección do Centro para llelo facilitar ao/á coordinador/a do Proxecto Lector do Centro.

Desde este Departamento e tendo en conta a diversidade de materias e, co obxectivo, tanto de fomentar a lectura cara mellorar a comprensión lectora, como de ampliar e potenciar os coñecementos no ámbito da actuación pedagóxica, incidiremos no seguinte:

- Realización de traballos apoiados nunha bibliografía básica, que deben presentar analizada e comentada (no Bacharelato); partindo dun esquema ou índice, que responda a unha estruturación dos contidos.
- Lectura de fragmentos do manual de texto (na ESO), que deben interpretar despois de aclarar dúbidas sobre o significado dos termos descoñecidos.
- Lectura e interpretación de artigos de opinión extraídos de prensa escrita ou revistas.
- Análise e comentario de textos, mapas, ... etc. (todo o alumnado, aínda que cunha gradación acorde ao seu nivel-curso).
- Visionado de películas, que serán analizadas a partires dunha información previa e cun cuestionario de traballo, que despois nos levará a un debate e posta en común, seguindo un guión previo.
- Elaboración e/ou interpretación de organigramas e esquemas-guión.
- Labores de consulta ou investigación, para aclarar temas, sucesos, ... etc. do período histórico que se está a tratar.
- Elaboración de fichas-resume de noticias de actualidade a partires da información aportada polos distintos medios de comunicación.
- Elaboración de murais (festividades ou conmemoracións sinaladas ou, mesmo, relacionadas con algunha saída extraescolar).
- Elaboración dun vocabulario específico de Historia e Xeografía (termos que vaian xurdindo ó longo do curso).
- Colaboración con artigos, pasatempos, ...etc. para, no seu caso, as publicacións (exposicións) do centro.

- Realización de actividades, do tipo de: completar textos incluíndo elementos dunha táboa; ordenar frases escribíndoas completas; resolver encrucillados, sopas de letras, ... etc.; relacionar termos, sucesos, ... etc.
- Responder cuestionarios de traballo sobre obras de arte, logo de visitas, completando a información con debuxos e deseñando plantas, alzados, ... etc. onde deben localizar distintos elementos de interese.

Así mesmo, engádense un listado indicativo de libros por cursos, quedando o profesorado facultado para poder ampliar ó longo do curso os libros que se recollen no listado. Cada alumno/a deberá ler, cando menos dous, ao longo do curso:

2º de BACHARELATO:

Neste curso, ás portas de estudos e retos moito maiores, deberían ser tres, nas materias do Departamento, e dirixidos á adquisición e reforzo de coñecementos:

Ao longo do curso e dependendo tamén das Lecturas dos outros Departamentos, proporiámoslle as seguintes, sen especificar Materias nin avaliacións:

- En Xeografía: Capel, Horacio: Una geografía para el S. XXI.
- En Hª da Arte. Westheim, Paul: Mundo y vida de grandes artistas.
- En Hª do Mundo Contemporáneo e Hª de España:
 - Hemingway, .: Adiós a las armas (Xeral).
 - Longares, M.: Romanticismo (Específico).

TRATAMENTO E FOMENTO DAS TICs

É propósito deste Departamento incorporar (xa o levamos anos facéndoo), na medida do posible, a utilización das novas tecnoloxías en aras dunha mellor calidade na nosa metodoloxía. Tendo en conta o plan TIC do Centro, no referente ás cuestións metodolóxicas, e vendo a crecente importancia cara o papel que desempeñan no presente, e aínda máis, de cara ao futuro, trataremos de:

- Seguir a motivar ao alumnado a buscar información en internet de xeito individual e/ ou en grupos, para facer traballos e actividades que complementen ao traballo na aula (moito do noso alumnado non posúe ordenador).
- Continuar a usar (sobre todo nos niveis máis baixos) todas as ferramentas informáticas das que dispoñemos, como o taboleiro dixital e algún que outro ordenador máis ou menos obsoleto, e cando se dispoña delas (nun lonxano futuro) das “tablets”.

- Ilustrar explicacións mediante presentación en Power point.
- Guiar ao alumnado na indagación en páxinas web (Web Quests e similares).

REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

Debido aos horarios de todos os membros do Departamento e a que agora esta hora deixou de estar incluída dentro das 23 horas, a Xuntanza ou Reunión do Departamento de Xeografía e Historia terá lugar en recreos ou algunha tarde.

PLAN XERAL DE DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nos diferentes Proxectos Curriculares, tanto os referidos as Ensinanzas de carácter obrigatorio (ESO), como as do Bacharelato, como xa dixemos anteriormente, tívose en conta o tratamento da *diversidade* do alumnado en relación aos diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumno e cada alumna na aula.

Partiuse da concepción global de que cada profesor ou profesora debe orientar a súa intervención en función da diversidade de formas de aprendizaxe que se poden dar entre os alumnos e as alumnas. Polo mesmo, ofrécense os recursos básicos para que cada profesor ou profesora poida desenvolver diferentes estratexias de ensino co obxecto de facilitar as aprendizaxes dos alumnos e as alumnas en función das súas necesidades concretas; debendo ter un peso moi importante, sobre todo na ESO. As orientacións e participación do Departamento de Orientación.

Non debemos esquecer que os contidos do Libro do alumno e da alumna veñen complementados con actividades moi diversas. Deste modo, a profesora ou o profesor poderá deseñar estratexias de ensino-aprendizaxe adaptadas ao nivel do grupo-clase.

Así mesmo, na Guía de recursos didácticos inclúense numerosas actividades de reforzo e de ampliación para cada unha das epígrafes dos temas que conforman o Libro do alumno e da alumna.

Feita a avaliación inicial, de acordo co Departamento de Orientación, se fose necesario, aplicaranse as medidas recollidas na normativa vixente a tales efectos para ó alumnado con necesidades educativas especiais.

- ❖ Trataremos de adecuar as ensinanzas ás características do alumnado, ao atender as necesidades educativas de aquel, no marco dunha enseñanza comprensiva e aberta á diversidade. Partindo deste principio, esta atención diversificada cara os intereses, capacidades e motivación do alumnado, será efectuada no ámbito habitual da actuación pedagóxica.
- ❖ No caso de alumnado con necesidades educativas especiais; acudiríase a un conxunto de actuacións e recursos que diferirían dos habituais, para axudar a cubrir esas necesidades específicas. Estaríamos sempre coordinados

polo Departamentos correspondentes, o Departamento de Orientación (sobre todo, Orientador e Profesora de P.T.).

No referente ao Bacharelato, a diversidade, de habela, tratariámola axeitadamente, tutelados, como é lóxico, polo Departamento de Orientación e en coordinación, se fose preciso, tamén con Departamentos específicos, neste caso, sempre en coordinación coa Xefatura de Estudos).

No Ensino obrigatorio, en cada unidade didáctica establécense *actividades de reforzo* para aquel alumnado que presente algunha dificultade para entender certos aspectos dos contidos das mesmas, máis se cabe, cando hai alumnado que se incorpora doutros países e descoñecendo totalmente o noso ou nosos idiomas.

A modo de exemplo poderían simplificarse como:

- Completar correctamente un texto con espazos en branco para traballar termos e conceptos.
- Completar e colorear mapas de temática moi diversa.
- Localizar erros en textos e mapas.
- Resolver cadros de relación de conceptos relacionados cos materias que lle competen ao noso Departamento.
- Traballar con enunciados diferenciando si son verdadeiros ou falsos ou facendo a correspondencia numérica.
- Elaborar esquemas sinxelos.
- Relacionar conceptos.
- ...etc.

E dun xeito xa máis avanzado, e do lado positivo, pasaríamos a:

- Dedicarlle especial atención ao vocabulario das unidades; subliñando as relacións e facendo comparacións co estudado en temas anteriores e, se cabe, con temas de actualidade.
- Estableceranse *actividades de ampliación* para o alumnado que avance ou presente curiosidade polos temas estudados, para o que se pode animar a utilizar páxinas web, despois de consultalas, deben de contestar a unha serie de preguntas relacionadas co tema da páxina web., sempre incardinándoa co presente.
- Animarase ao alumnado a planificar secuencias e planificar tarefas para realizar traballos de investigación ou de busca de información.

En definitiva, na medida do posible, a ensinanza desta materia personalizarase ao máximo posible para axudar ao alumnado, sexa da ESO ou dos BACHARELADOS, cara acadar os mellores resultados, para o cal volvemos poñer como exemplo o recollido na **FOLLA/MODELO** empregada para cada caso, e que aparece recollida na Programación dos Cursos da ESO.

Asinado: J. Emilio Gómez Fernández [Xefe do Departamento]

